

PLAN DE SECTORIZACIÓN DO ÁMBITO I ESTABLECIDO NA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM PARA MODIFICACIÓN DO SRAU DO ENTORNO DO POL RÍO DO POZO

MEMORIA, ORDENANZAS REGULADORAS, PLAN DE ETAPAS E AVALIACIÓN ECONÓMICA



DOCUMENTO PARA APROBACIÓN DEFINITIVA

XANEIRO. 2013

7031/11

CONCELLO DE NARÓN

ALFREDO GARROTE PAZOS
Col.: 1440

MONICA MESEJO CONDE
Col.: 1475

IRIA PÉREZ MIRANDA
Col.: 3194

IGNACIO LÁZARO QUINTELA
Col.: 3877

ÍNDICE:

A- MEMORIA XUSTIFICATIVA E DESCRIPTIVA DAS DETERMINACIÓNS DO PLAN DE SECTORIZACIÓN.....	7
1.- DATOS XERAIS.....	7
1.1.- OBXECTO.....	7
1.2.- SITUACIÓN.....	7
1.3.- PROMOTOR.....	7
2.- DETERMINACIONES DE CARÁCTER LEGAL.....	8
2.1.- PROCEDENCIA, CONVENIENCIA E OPORTUNIDADE DA FORMULACIÓN DO PLAN DE SECTORIZACIÓN.....	8
2.2.- DETERMINACIÓNS E DOCUMENTACIÓN QUE SE ESTABLECEN NA LOUG PARA OS PLANS DE SECTORIZACIÓN	8
2.3.- DETERMINACIÓNS DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM APROBADA POR ORDE DO CONSELLEIRO DE M. A. T. I. DE 4 DE NOVEMBRO DE 2010.....	9
2.4.- AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA.....	9
2.5.- PATRIMONIO.....	10
3.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA.....	11
3.1.- ÁMBITO DO PLAN DE SECTORIZACIÓN.....	11
3.1.1. POLIGONO INDUSTRIAL DE RÍO DO POZO.....	11
3.1.2. ÁMBITO DO PLAN DE SECTORIZACIÓN.....	12
3.2.- TOPOGRAFÍA.....	12
3.3.- HIDROLOXÍA.....	13
3.4.- CLIMA.....	14
3.5.- VEXETACIÓN E ESPAZOS NATURALS PROTEXIDOS.....	14
3.6.- USOS E EDIFICACIÓNS EXISTENTES NO ÁMBITO.....	14
3.7.- CONEXIÓNS EXTERIORES. SERVICIOS EXISTENTES. REFORZOS NECESARIOS.....	15
3.9.- ESTRUCTURA DA PROPIEDAD. TITULARES CATASTRAIS.....	18
4.- DETERMINACIÓNS BÁSICAS DA ORDENACIÓN.....	19
4.1.- DELIMITACIÓN DO SECTOR OBXECTO DE TRANSFORMACIÓN.....	19
4.2.- CONEXIONS COAS REDES DE SERVICIOS. CAPACIDADE. REFORZOS.....	19
4.3.- CONEXIÓN CO SISTEMA XERAL VIARIO. CAPACIDADE DA REDE VIARIA.....	20
4.4.- USO GLOBAL. EDIFICABILIDADE. TIPOLOXÍAS EDIFICATORIAS.....	20
4.5.- PREVISIÓN DE SOLO PARA NOVAS DOTACIÓNS DE CARÁCTER XERAL.....	21
5.- DETERMINACIÓNS DA ORDENACIÓN DETALLADA DO PLAN DE SECTORIZACIÓN.....	22
5.1.- CUALIFICACIÓN DOS TERREOS. USOS PORMENORIZADOS.....	22
5.2.- RESERVAS DE TERREOS PARA DOTACIÓNS URBANÍSTICAS.....	24
5.2.1. RESERVAS MÍNIMAS DE SOLO.....	24

5.2.2. SISTEMA DE ESPAZOS LIBRES PÚBLICOS.....	24
5.2.3. SISTEMA DE EQUIPAMENTOS PÚBLICOS.....	25
5.2.4. PRAZAS DE APARCADOIRO DE VEHÍCULOS.....	25
5.3.- REDE VIARIA.....	26
5.3.1.- TRAZADO E CARACTERÍSTICAS. ENLACE CO SISTEMA VIARIO EXISTENTE.....	26
5.3.2.- TRÁFICO.....	26
5.4.- TRAZADO E CARACTERÍSTICAS DAS REDES DE SERVIZOS.....	27
5.4.1.- ABASTECIMENTO DE AUGA, REGA E HIDRANTES.....	27
5.4.2.-SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS.....	28
5.4.3.-REDE DE PLUVIAIS.....	29
5.4.4.- REDE DE ENERXÍA ELÉCTRICA.....	29
5.4.5.- ALUMEADO PÚBLICO.....	30
5.4.6.- REDE DE TELECOMUNICACIÓNS.....	32
5.4.7.- REDE DE GAS.....	34
6.- INSTRUMENTOS DE EXECUCIÓN DO PLAN DE SECTORIZACIÓN.....	35
6.1.- ÁREA DE REPARTO E APROVEITAMENTO TIPO.....	35
6.2.- DELIMITACIÓN DE POLÍGONOS E SISTEMA DE ACTUACIÓN.....	36
7.- CADROS DE CARACTERÍSTICAS.....	38
7.1.- CARACTERÍSTICAS DO ÁMBITO.....	38
7.2.- CARACTERÍSTICAS DOS POLÍGONOS DE EXECUCIÓN.....	39
8.- XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DA NORMATIVA DE ACCESIBILIDADE E SUPRESIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS.....	40
9.- TRAMITACIÓN DO PLAN DE SECTORIZACIÓN.....	42
B- ORDENANZAS REGULADORAS.....	45
TITULO 1.- DISPOSICIÓNS DE CARÁCTER XERAL E TERMINOLOXÍA DE CONCEPTOS.....	45
TITULO 2.- RÉXIME URBANÍSTICO DO SOLO.....	51
CAPÍTULO 1.- ZONIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN DO SOLO.....	51
CAPÍTULO 2.- PARCELACIÓNS URBANÍSTICAS.....	51
CAPÍTULO 4.- NORMAS DE URBANIZACIÓN.....	52
TITULO 3.- NORMAS DA EDIFICACIÓN.....	53
CAPÍTULO 1.- CONDICIÓNS TÉCNICAS DAS OBRAS EN RELACIÓN COAS VÍAS PÚBLICAS.....	53
CAPÍTULO 2.- CONDICIÓNS DA EDIFICACIÓN.....	54
CAPÍTULO 3.- CONDICIÓNS DE VOLUME.....	55
CAPÍTULO 4.- CONDICIÓNS DE USO.....	55
CAPÍTULO 5.- CONDICIÓNS DE PROTECCIÓN MEDIOAMBIENTAL, HIXIÉNICAS E DE SEGURIDADE.....	59
CAPÍTULO 6.- CONDICIÓNS ESTÉTICAS.....	60
TITULO 4.- NORMAS PARTICULARES DE CADA ZONA.....	61

TITULO 5.- AVIACIÓN CIVIL.....	65
TITULO 6.- NORMAS DE PROTECCIÓN AMBIENTAL E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA.....	66
CAPÍTULO 1.- CRITERIOS DE DESEÑO DO VIARIO E INFRAESTRUTURAS.....	66
CAPÍTULO 2.- CRITERIOS DE DESEÑO DAS ZONAS VERDES.....	68
CAPÍTULO 3.- CRITERIOS DE DESEÑO DAS EDIFICACIÓNS E CERRAMENTOS DE PARCELAS.....	69
CAPÍTULO 4.- MEDIDAS CORRECTORAS PARA MINIMIZAR LA AFECCIÓN AMBIENTAL.....	70
C- PLAN DE ETAPAS.....	73
D- AVALIACIÓN ECONÓMICA DA IMPLANTACIÓN DOS SERVICIOS. EXECUCIÓN DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN E CONEXIÓNS EXTERIORES.....	75
ANEXO 1: INFORMES EMPRESAS SUBMINISTRADORAS.....	79
ANEXO 2: DECISIÓN NON SOMETEMENTO A AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA ...	81
ANEXO 3: LISTADO DE TITULARES CATASTRAIS.....	83
ANEXO 4: INFORMES EMITIDOS POR TELEFÓNICA E GAS NATURAL- FENOSA.....	89
E. PLANOS.....	91

INTRODUCCIÓN:

O presente plan de sectorización incorpora a documentación que se establece no artigo 67º da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, (en adiante LOUG):

- I.- Memoria xustificativa das súas determinacións.
- II.- Ordenanzas reguladoras necesarias para a súa execución.
- III.- Avaliación económica da implantación dos servizos e execución das obras de urbanización, incluídas as conexións cos sistemas xerais existentes e a súa ampliación ou reforzo.
- V.- Estudio de sostibilidade ambiental, impacto territorial e paisaxístico.
- VI.- Planos:
 - De delimitación do novo sector.
 - De información incluído o catastral.
 - De ordenación urbanística.

EQUIPO REDACTOR:

O equipo redactor está dirixido polo arquitecto Alfredo Garrote Pazos Colexiado número 1440 e integrado ademais polos arquitectos Mónica Mesejo Conde Colexiada número 1475, Iria Pérez Miranda Colexiada número 3194 e Ignacio Lázaro Quintela Colexiado número 3.877 del Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.

Ademais nos aspectos territoriais, medioambientais e de sostibilidade se contou coa colaboración da empresa *Calderón y Asociados ingeniería medioambiental, S.L.*

A- MEMORIA XUSTIFICATIVA E DESCRIPTIVA DAS DETERMINACIÓNS DO PLAN DE SECTORIZACIÓN.

1.- DATOS XERAIS.

1.1.- OBXECTO.

De acordo có artigo 66º da *Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia*, mediante o presente plan de sectorización, se van a establecer as determinacións estruturantes necesarias para a transformación dos terreos clasificados como solo urbanizable non-delimitado correspondentes o AMBITO I (SUND I/T) establecido na **modificación puntual do PXOM de Narón para a modificación do SRAU do entorno do polígono industrial de Río do Pozo** que foi aprobada definitivamente por Orde do conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de 4 de novembro de 2010 (DOG Nº 225, de 23 de novembro de 2010/ corrección de erros publicada no DOG Nº 234 do 7 de decembro de 2010). O plan de sectorización resolverá a adecuada integración do ámbito delimitado na estrutura de ordenación municipal definida polo PXOM de Narón.

1.2.- SITUACIÓN.

Os terreos que se integran no mencionado AMBITO I da están situados o norte do SECTOR IV do parque empresarial de Río do Pozo no termo municipal do concello de Narón.

1.3.- PROMOTOR.

O presente plan de sectorización é de iniciativa pública, o promotor é o Concello de Narón.

2.- DETERMINACIONES DE CARÁCTER LEGAL.

2.1.- PROCEDENCIA, CONVENIENCIA E OPORTUNIDADE DA FORMULACIÓN DO PLAN DE SECTORIZACIÓN..

Por medio da modificación puntual do PXOM de Narón mencionada con anterioridade, se definiron tres ámbitos de solo urbanizable non delimitado de uso industrial e/ou terciario compatible nun dos ámbitos có residencial.

O presente plan de sectorización desenvolve as determinacións que se establecen na devandita modificación puntual e na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia para o ámbito localizado o norte do polígono industrial de Río do Pozo, no que se permitirá o uso industrial e/ou terciario.

A procedencia da formulación do plan de sectorización se fundamenta no determinado no artigo 66º.1. da LOUG: *“Os plans de sectorización son os instrumentos mediante os cales se establecen as determinacións estruturantes da ordenación urbanística necesarias para a transformación dos terreos clasificados como solo urbanizable non-delimitado”*..

2.2.- DETERMINACIÓNS E DOCUMENTACIÓN QUE SE ESTABLECEN NA LOUG PARA OS PLANS DE SECTORIZACIÓN .

O plan de sectorización contén as determinacións que se establecen no artigo 66º.3. da LOUG:

- a) A delimitación do sector que será obxecto de transformación, de acordo cos criterios básicos establecidos neste caso pola modificación puntual.
- b) As determinacións de ordenación básica propias do plan xeral para o solo urbanizable delimitado, sinaladas no artigo 57 da LOUG, que se indican a continuación:
 - Trazados das redes fundamentais de abastecemento de auga, redes de sumidoiros, enerxía eléctrica e demais servizos que, se é o caso, prevexa o plan.
 - Determinación das conexións cos sistemas xerais existentes e exteriores ó sector e, se é o caso, previsión das obras necesarias para a ampliación e o reforzo dos devanditos sistemas en función das necesidades xeradas pola actuación e de forma que se asegure o seu correcto funcionamento. **Estas conexións xa se establecen na modificación puntual indicada con anterioridade e noutra que se está a tramitar de forma simultánea co presente plan.**
 - Asignación dos usos globais de cada sector e fixación da edificabilidade e das tipoloxías edificatorias: **Os usos globais xa se determinan na modificación puntual.**
 - A previsión de solo para novas dotacións de carácter xeral, na proporción mínima establecida polo número 1 do artigo 47, que deberán situarse no interior do sector con independencia das dotacións locais. **Neste caso non son necesarias debido a que non se contempla uso residencial.**
- c) As determinacións establecidas no artigo 64 para os plans parciais.

En canto á documentación, o plan de sectorización comprende a totalidade dos documentos que se indican no artigo 67º da LOUG:

- a) Planos de información, incluído o catastral.
- b) Memoria xustificativa das súas determinacións.
- c) Avaliación económica da implantación dos servizos e execución das obras de urbanización. incluídas as conexións cos sistemas xerais existentes e a súa ampliación ou reforzo.
- d) Planos de delimitación do novo sector.

- e) Planos de ordenación urbanística.
- f) Ordenanzas reguladoras necesarias para a súa execución.

2.3.- DETERMINACIÓNS DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM APROBADA POR ORDE DO CONSELLEIRO DE M. A. T. I. DE 4 DE NOVEMBRO DE 2010.

As determinacións específicas que se conteñen na modificación puntual do PXOM aprobada definitivamente por Orde do conselleiro de M. A. T. I. de 4 de novembro de 2010, se incorporan no apartado 3.1.2. da mesma *“Texto de la Normativa del Plan General que se modifica”*. Se trata das seguintes para este ámbito:

“5. En los ámbitos de Suelo Urbanizable no Delimitado definidos en los planos de ordenación B, C y E que se encuentran en las proximidades del Polígono Industrial Río do Pozo tendrán los siguientes usos:

*- **Ámbito SUND I/T:** estarán permitidos todos los usos previstos en la legislación urbanística excepto el residencial, como excepción se admitirán las viviendas destinadas al personal encargado de la vigilancia y conservación, de acuerdo con el artículo correspondiente a las ordenanzas que regulan la zona industrial.*

Estos ámbitos se regirán por los parámetros definidos por la Ley 9/2002, o disposiciones que las sustituyan, para el desarrollo del Plan de sectorización. Estas determinaciones, según el artículo 66 de la LOUG, serán las siguientes:

- Integración con la estructura de ordenación municipal.*
- Para las determinaciones de ordenación se tendrán en cuenta lo establecido no artigo 57.*
- Determinaciones del artículo 64 de los planes parciales.*
- Las previsiones de dotaciones conforme a lo establecido en el artículo 47 para uso industrial y comercial.*
- Límites de sostenibilidad del artículo 46.*
- Otras determinaciones:*
 - Los planes de sectorización que incluyan en su ámbito las zonas definidas en el Plano de Información 10 como rodal de árboles frondosos autóctonos deberán localizar los espacios libres en estas zonas realizando un diseño en el que se incorporarán estas masas arbóreas existentes.*
 - En los bordes de la actuación próximos a suelos clasificados como Suelo de Núcleo Rural y Rústicos de Especial Protección se deberán localizar los espacios libres a modo de colchón o de transición.*
 - Se tendrán en cuenta para la garantía de la recogida ytratamiento de residuos, de acuerdo con el incremento de la población y con los nuevos usos industriales, toda la normativa de aplicación para la gestión de residuos.*
 - Los planes de sectorización, en base a lo establecido en la Memoria Ambiental, concretarán la definición de las pautas establecidas en el Plan de Seguimiento Ambiental e Indicadores Ambientales que forma parte del Anexo IV.”*

2.4.- AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA.

Con data 6 de xuño de 2011, tivo entrada na Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental un escrito no que comunica o inicio da tramitación do presente plan de sectorización, e achega o DOCUMENTO DE INICIO a fin de determinar se se debe someter ou non ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica (AAE).

Unha vez realizados os trámites de información pública e de consultas aos membros do Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, o Secretario Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental adoptou a Decisión de non someter ao procedemento de AAE o plan de sectorización que foi notificada o Concello de Narón mediante escrito que tivo entrada no rexistro xeral o 1 de agosto de 2011 (nº rexistro 14982).

Nesta decisión se indican unha serie de medidas preventivas e correctoras co fin de minimizar os posibles impactos sobre o medio que se deben ter en conta no plan de sectorización:

- Actuar sobre o rodal de árbores frondosas autóctonas asociado ao Rego Freixeiro, o cal se integrará nunha zona verde, unicamente cando sexa necesario para a súa mellora e conservación no estado mais natural posible.
- Nas zonas perimetrais, dentro do posible, establecer unha pantalla vexetal arbórea que contribúa ao illamento e enmascaramento do espazo industrial, especialmente nos lindes coas zonas residenciais e coa autovía.
- Introducir medidas para o fomento da mobilidade sostible, potenciando o uso do transporte colectivo cara os principais destinos e reducindo na medida do posible o uso do vehículo privado nos desprazamentos inducidos polos novos usos.
- En coordinación co polígono existente e co desenvolvemento dos demais ámbitos da MP, facer a reserva dunha parcela para crear un punto limpo onde se xestionen de forma conxunta os residuos xerados no polígono na fase de funcionamento, co obxecto de optimizar os recursos e reducir a mobilidade dos residuos.
- Condicionar o tipo de actividade das industrias a instalar, limitándoa a actividades non contaminantes.

2.5.- PATRIMONIO.

No proceso de tramitación da Modificación Puntual para a modificación do SRAU do entorno do polígono de Río do Pozo a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural informa da necesidade de executar por parte de técnico competente (arqueólogo) un proxecto de prospección arqueolóxica do ámbito especial afectado entendido como a exploración superficial e sistemática que permita avaliar a afección sobre o patrimonio cultural e arqueolóxico da figura de planeamento que se estaba a tramitar.

Esta prospección, autorizada pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural é levada a cabo e dirixida polo arqueólogo D. Simón Pena Basso.

Na devandita prospección non se atoparon xacementos arqueolóxicos dentro do ámbito da modificación puntual si ben as áreas de cautela de dous xacementos arqueolóxicos insírense nunha pequena parte dentro do ámbito da modificación puntual.

Os dous xacementos son:

- O Castro (GA15054004)/ Igrexa de Santa María de Castro
- Mámoa de Santa Margarida (GA15054018)

Incorpóranse estes dous bens no catálogo e planos de ordenación do Planeamento Xeral, reflectindo as súas áreas de protección: integral e cautela, así como a incorporación das fichas técnicas correspondentes onde se establecen as medidas cautelares, control e seguimento arqueolóxico para as labores de desbroce en diferentes ámbitos da modificación puntual.

En calquera caso defínese o impacto como compatible propondo como medida correctora incorporada ao plan a necesidade de control e seguimento de calquera actuación, desbroce ou obra na zona cautelada situada dentro da modificación puntual.

O presente Plan de Sectorización reflicte no plano de ordenación O.6. as ÁREAS DE CONTROL E SEGUIMENTO ARQUEOLÓXICO, nas que será necesario o control e seguimento arqueolóxico de calquera actuación, desbroce ou obra.

3.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA.

3.1.- ÁMBITO DO PLAN DE SECTORIZACIÓN.

3.1.1. POLIGONO INDUSTRIAL DE RÍO DO POZO.

O Polígono Industrial de Río do Pozo, promovido por SEPES e o Concello de Narón está dividido en catro sectores que se foron desenvolvendo dende os anos 80 ata a actualidade. A posición dos catro sectores se representa na imaxe adxunta. As características fundamentais de cada un destes sectores son as que se indican a continuación.

- SECTOR I:

- Superficie total industrial: 358.453 m²
- Número de parcelas: 202.
- Superficie das parcelas: dende 690 m² a 20.000 m².
- Número de parcelas vendidas: todas.
- Porcentaxe de parcelas construídas: 96 %

- SECTOR II:



- Superficie total industrial: 288.281 m².
- Número de parcelas: 2.
- Superficie das parcelas: 102.317 m² e 185.964 m².
- Número de parcelas vendidas: todas.
- Porcentaxe de parcelas construídas: 100 %.

- SECTOR III:

- Superficie total industrial: 310.558 m².
- Número de parcelas: 64.
- Superficie das parcelas: desde 750 m² a 60.000 m².
- Número de parcelas vendidas: todas.
- Porcentaxe de parcelas construídas: 93 %.

- SECTOR IV:

- Superficie total industrial: 651.630m².
- Número de parcelas: 145.
- Superficie das parcelas: desde 792 m² a 21.089 m².
- Número de parcelas vendidas: 81.
- Porcentaxe de parcelas construídas: 10% vendidas- 8 parcelas.
- Licencias: 20 concedidas e 12 solicitadas en trámite.



O obxecto da modificación puntual mencionada é o de posibilitar o crecemento do Polígono industrial de Río do Pozo impedindo os desenvolvementos residenciais. Deste xeito clasificáronse os terreos como solo urbanizable non delimitado tendo en conta os seguintes aspectos:

- Aptitude dos terreos para ser sometidos ao desenvolvemento urbanístico.
- Relación coa malla viaria existente.
- Respecto polos elementos naturais que poderían verse afectados e que deban ser excluídos do futuro desenvolvemento.

- Condicións topográficas.
- Elección dunha zona en cuxa cunca visual non se afecte negativamente aos valores da paisaxe.
- Posibilidade de conexión coas infraestruturas de servizo como o abastecemento de auga, a evacuación de augas residuais e o subministro de electricidade, en concordancia á estrutura xeral definida polo plan xeral.
- Relación e conexións co polígono industrial existente.
- Relación e conexión co solo urbano e solo de núcleo rural do entorno.

Da combinación destes criterios xurdiron os tres ámbitos que se comprenden na modificación puntual. Todos eles cumpren cos condicionantes que se estableceron a priori e están situados no entorno do polígono industrial. As características físicas dos terreos que se integran nos ámbitos I, II e III están relativamente antropizadas debido á gran presión a que foron sometidos, posuíndo características moi similares: terreos máis ou menos chans, dominados na súa meirande parte por matogueiras.

3.1.2. ÁMBITO DO PLAN DE SECTORIZACIÓN.

O presente plan de sectorización comprende os terreos clasificados como solo urbanizable non delimitado, industrial-terciario que se integran no AMBITO I da modificación puntual. Estes terreos se sitúan o norte e leste do SECTOR IV do polígono industrial existente e que suman un total de 558.753 m², segundo consta no apartado 2.4. da MEMORIA da modificación.



A clasificación urbanística dos terreos lindeiros con este ámbito é a seguinte:

- NORTE: Solo rústico apto para urbanizar.
- SUR: Sector IV de solo urbanizable de Río do Pozo, executado xurídica e materialmente.
- LESTE: Solo Rústico Apto para urbanizar e solo rústico de protección de infraestruturas, vinculado á autoestrada AG-64 (Ferrol- Vilalba).
- OESTE: Solo rústico apto para urbanizar e Sector IV de solo urbanizable de Río do Pozo

3.2.- TOPOGRAFÍA.

Segundo consta na memoria da modificación puntual, “*en conxunto, os terreos dos ámbitos I, II e III se sitúan nunha planicie que ten como peza central o Polígono Industrial Río do Pozo, cun suave movemento cara a vagada pola que descorren as augas do Sobecos (ámbito II e III), modelando así o relevo*”.

Entrando mais en detalle, compre sinalar que a maior parte do ámbito I se move entre as cotas 70 e 55, formando pendentes entre o 5 e o 8% que se orientan preferentemente en dirección norte-sur nas zonas oeste e centro e leste-oeste no extremo leste. Outro aspecto a ter en conta a estes efectos é que o vial no que van a acometer as conexións exteriores deste ámbito (rúa dos Carboeiros), se move no entorno da cota 56,00, cun punto baixo a cota 53,50 m no cruce da rúa Carboeiros coa Avenida Bernardo Romero.

Tendo en conta as dimensións do ámbito destes datos se pode extraer que a súa pendente xeral é bastante suave, e que a dirección das pendentes naturais favorecen a unha posible implantación de tipo industrial-terciario como a que se prevé no presente plan.

3.3.- HIDROLOXÍA.

Segundo se indica no texto da modificación puntual do PXOM, este ámbito se localiza no Sistema de Explotación Nº 14 "Ferrol", concretamente nas UCOS R07-01, Ferrol y C15-01 Valdoviño, cuns recursos medios anuais de 48,21 Hm³.

Dentro deste ámbito nos atopamos o nacemento do Rego de Freixeiro ou Seco, codificado no Plan hidrolóxico Galicia-Costa (PHGC) como 087002. O leito hidráulico deste rego é de moi escasa entidade na súa cabeceira debido a que a dimensión da cunca que avena é moi pequena nesta zona e que aínda non recibiu as augas dos diferentes regos tributarios que lle aportan a meirande parte do seu caudal augas abaixo (Casavella, Rego do Pozo, Sobecos e Pedregal).

Na fotografía que se aporta a continuación se aprecia o punto de nacemento do Rego Seco que xurde dunha pequena vagada que empeza na parte norte do ámbito e avena as augas desta lixeira vagada que se dirixe cara aos terreos xa urbanizados do polígono industrial de Río do Pozo integrándose nos espazos libres desta zona industrial.



Tal e como se pode observar, se trata dunha canle de escasa dimensión de escaso caudal incluso na época de choivas, o que parece indicar que a este leito nona vena unha soa cunca senón unha serie de microcuncas, xa que

se trata do nacemento ou cabeceira do río e polo tanto aínda non se integrou o seu leito na vagada que se dirixe augas abaixo cara á súa desembocadura na ría de Ferrol.

En canto ás súas características físicas compre sinalar que ten unha lonxitude no ámbito duns 300 metros cunha anchura de leito que non supera en ningún momento o metro, situándose a media de anchura nuns 50-60 cm.

Doutra banda compre sinalar que mediante a ordenación do plan de sectorización non se afectara a este rego, xa que dende a modificación puntual, se prevé a localización dunha ampla zona verde que garante a protección deste curso de auga.

Con esta medida se consegue outro obxectivo que é o de minimizar as posibles afeccións a esta microcunca natural, posibilitado como na actualidade a escorrentía natural a través destes espazos libres e polo tanto sen afectar o caudal ecolóxico do rego. Por todo o anterior se entende que a incidencia da nova actuación industrial será mínima

3.4.- CLIMA.

A zona á que corresponde o ámbito do plan de sectorización, comparte as características climáticas do resto do territorio do termo municipal e comúns a meirande parte das terras do noroeste peninsular que se corresponden cun clima oceánico húmido, con precipitacións relativamente abundantes (próximas a los 900 mm. anuais). Os meses de mais choiva se corresponden cos de novembro e decembro e os de menos pluviosidade son os de xullo e agosto.

3.5.- VEXETACIÓN E ESPAZOS NATURAIS PROTEXIDOS.

Os terreos que compoñen o ámbito do plan de sectorización están ocupados parcialmente por repoboacións de tipo produtivo con eucaliptos (*Eucalyptus globulus*), cun sotobosque constituído case que de forma exclusiva por feitos que debido á humidade adquiren alta densidade e porte nalgunhas zonas.

Cumpre destacar a vagada central deste ámbito pola súas características como ecotopo e a súa vexetación. Nesta zona se localizou algún fenómeno puntual de hidromorfia nalgunhas zonas próximas o curso de auga do rego Seco que dou lugar a un rodal das fragas climáticas que chegou ata o día de hoxe e que presenta exemplares de *Quercus robur*, *Castanea sativa*, *Fraxinus angustifolia*, *Betula celtiberica* de diverso porte, identificando nalgunha zona moi puntual compoñentes residuais da asociación "*Senecio acuaticii- Juncetum acutiflori*" que evoluciona normalmente sobre solos de baixo drenaxe e forman parte dos prados de baixa calidade. Esta zona que amosa certo valor ambiental caracterizada como "rodal de árbores frondosas autóctonas" na modificación puntual, quedará integrada na ordenación prevista como unha zona verde de 81.600 m², minimizando calquera posible afección ambiental.

No resto do ámbito se mesturan cos ecosistemas descritos formacións vexetais de matogueira que se presenta como unha masa densa formada por especies de carácter arbustivo, toxal e matoqueiras formado por diferentes especies Silvas (*Rubus sp*), Toxo (*Ulex europaeus*), Uces (*Calluna vulgaris*, *Erica umbellata*) e nas partes máis sombrías feitos.

Tal e como consta na Decisión de non sometemento a avaliación ambiental da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental de 7 de xullo de 2011, non se atopan no ámbito, nin próximos a e, espazos naturais incluídos na Rede Galega de Espazos Naturais Protexidos.

3.6.- USOS E EDIFICACIÓNS EXISTENTES NO ÁMBITO.

Tal e como consta na documentación da modificación puntual, que serve como antecedente urbanístico o presente plan, os terreos que compoñen o ámbito está ocupado maiormente por repoboacións de tipo produtivo no que predomina a especie eucalipto as veces como especie única e noutros casos mesturado con piñeiros, existen tamén algunhas parcelas a pasteiro ou con cultivos puntuais e mesmo algunha parcela con edificacións, das que imos a falar posteriormente. Compre sinalar a existencia no extremo sueste dunha parcela de considerables dimensións (≈54.000 m²), onde se sitúa unha instalación industrial destinada á fabricación de cemento.

En canto ás edificacións, ademais da instalación industrial xa mencionada e da que volveremos a falar, atopamos unha serie de pequenas edificacións dispersas, tipo galpón ou almacén aínda que nalgún caso se ven utilizando como residencia. Imaxinamos que estas edificacións carecen na meirande parte dos casos de licenza municipal. Se trata das seguintes:

PARCELA CATASTRAL	USO EDIFICACIÓN	SUP. APROXIMADA
15055A016000840001DM	RESIDENCIAL	77 m ²
15055A016000680000SQ	GALPÓNS E BODEGAS	45; 73 e 54 m ²
15055A016000850000SI		
15055A015003310000SX	GALPÓN	50 m ²
4821812NJ6242S0001HQ	GALPÓN	60 m ²

As edificacións que compoñen a instalación industrial situadas na parcela con referencia catastral 15055A016000580000SU, suman unha superficie construída segundo catastro de 7.195 m². Estas instalacións se executaron en base ás preceptivas licencias outorgadas segundo o planeamento de desenvolvemento que lles dou amparo (plan de sectorización) que fora aprobado polo Pleno do concello de Narón en data 30 de xullo de 2004 e anulado por Sentencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (00066/2009; Procedemento Ordinario 0004024/2005), pendente hoxe de fallo no recurso interposto perante o Tribunal Supremo.

3.7.- CONEXIÓNS EXTERIORES. SERVICIOS EXISTENTES. REFORZOS NECESARIOS.

De acordo co determinado no artigo 64^h) da LOUG, o Concello antes de inicia-la tramitación do plan de sectorización, solicitou informe ás diferentes empresas subministradoras de servizos urbanísticos, tanto no referente á existencia das infraestruturas existentes como da súa suficiencia para os usos e intensidades previstos no ámbito do plan. O resultado se reflicte a continuación:

ABASTECIMIENTO DE AUGA:

A empresa responsable do Servicio Municipal de Abastecemento e Saneamento; COSMA, S.A. achegou o Concello de Narón o 5 de xullo de 2011 un completo informe acompañado de planos e esquemas da instalación, cuxa conclusión se achegan a continuación:

“Validación de la propuesta indicada en el Documento de Inicio de conectar con la tubería de 200 mm que discurre por la c. Carboneros ya que la capacidad hidráulica de la misma, superior a 50 l/s, permite asegurar el suministro. Las conexiones se realizarían en los puntos señalados en los planos para adaptarlas a las fases de puesta en servicio de la ampliación. Si bien la capacidad hidráulica de la tubería donde se prevé la conexión es suficiente, se considera necesaria la instalación de un grupo de presión adecuada en los puntos de conexión I, II y III. En el punto de conexión IV no se considera necesario el refuerzo de la red de abastecimiento con un grupo de presión, dado que este punto se encuentra a una cota inferior”.

A este respecto compre sinalar que os puntos de conexión I, II, III e IV, coinciden coas catro conexións viarias exteriores o ámbito, das que falaremos con posterioridade. As I, II e III, se producen a partires da rúa dos Carboeiros e a nº IV, na rúa Afiadores. Estes puntos de conexión se representan no plano de información correspondente.

SANEAMIENTO DE AGUAS RESIDUAIS:

O informe tamén o subscribe a empresa COSMA, S.A. e a súa conclusión é a seguinte:

“Los caudales de los vertidos serán similares a los de abastecimiento por lo que se propone la ejecución de las conexiones indicadas en los planos por las razones antes indicadas. Los colectores de saneamiento del Polígono de Río do Pozo desembocarán en el Interceptador General proyectado por la Confederación Hidrográfica del Norte. Interceptador General que tiene como finalidad la recogida de los vertidos de los Concellos de Narón y Ferrol para su posterior vertido a la EDAR del Cabo Prioriño.”

Os puntos de conexión que se indican nos planos que acompañan o informe, coinciden cos indicados

para a rede de abastecemento, é dicir, nas conexións viarias co polígono industrial existente, que se executarán de forma conxunta co plan de sectorización.

PLUVIAIS:

O igual que nos casos anteriores é a empresa COSMA, S.L., a que conclúe informando que:

“Se propone evacuar las aguas pluviales directamente al Rego que discurre por el interior del P.I. Rego do Pozo (regu Seco), sin conectarlas a la red existente por posibles problemas de saturación en la capacidad hidráulica de la misma”.

O informe fai unha indicación final o apartado de “propuestas de conexión”, no que fai a seguinte indicación:

“Cabe señalar, por último, que Augas de Galicia con fecha 9 de diciembre de 2009 emitió un informe favorable al documento de modificación de PGOM de Narón en el que se establece que: Las redes de abastecimiento y saneamiento de las zonas objeto de la modificación se conectarían sin problemas con las redes municipales existentes, sin precisar nuevos recursos hídricos”.

No mes de decembro de 2011, a petición do Concello de Narón, a empresa COSMA, S.L. elaborou un novo informe no que se analiza dunha forma máis específica a suficiencia das infraestruturas hidráulicas existentes. O obxecto concreto deste informe é o de analizar a procedencia de executar unha nova estación depuradora de augas residuais (EDAR), específica para a ampliación do parque empresarial de Río do Pozo, que se prevé no presente plan de sectorización.

A orixe deste informe parte do contido do punto 3 da DECISIÓN DE NON SOMETEMENTO A AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA, referente o informe emitido polo organismo autónomo Augas de Galicia durante o período de exposición pública e consultas do DOCUMENTO DE INICIO. En concreto da necesidade de que o saneamento deba facerse a través dunha depuradora propia.

No informe da empresa subministradora dos servizos, se precisan con máis detalle as conexións coas redes hidráulicas existentes no polígono industrial ou nas súas inmediacións. Pero o punto que máis nos interesa destacar é o nº 7 relativo ás INSTALACIÓNS DE TRATAMENTO.

ABASTECIMENTO DE AUGA:

Respecto da instalación de tratamento de auga potable (ETAP), a empresa indica o seguinte:

*“**Abastecimiento.-** El caudal de agua potable para el consumo de la nueva ampliación del Polígono Industrial, del orden de 28 l/s, será suministrado por la red existente. El tratamiento de agua se realiza actualmente en la **ETAP de Ferrol** que tiene capacidad suficiente para absorber el caudal adicional previsto, que representa del orden del 20% del consumo actual, y asegurar el cumplimiento de los niveles de calidad establecidos en el R.D.140/2003 de 7 de febrero por el que se establecen los criterios sanitarios de la calidad del agua de consumo humano.”*

SANEAMIENTO DE AUGAS RESIDUAIS:

Respecto do tratamento dos vertidos de augas fecais, a empresa informa o seguinte:

*“**Saneamiento.-** Los vertidos generados en la ampliación del Polígono Industrial se han previsto, tal y como se indicó más arriba, conectarlos a la red general del Concello de Narón y por lo tanto serán evacuados mediante un Colector Interceptor que los conducirá hasta la **EDAR Cabo Prioriño**.*

Cabe señalar que en el Plan Hidrológico Galicia Costa ya se preveía la ejecución de las actuaciones denominadas ASD_P_005 EDAR de Ferrol y ASD_P_006 Saneamiento de Ferrol Narón lo que implicaba un tratamiento conjunto de los vertidos de Narón y Ferrol.

Dicho Colector Interceptor ha sido definido por la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil en el proyecto ACONDICIONAMIENTO DEL COLECTOR GENERAL DE LA MARGEN DERECHA DE LA RÍA DE FERROL.

TRAMO CADAVAL-XUBIA deseñado conforme a los criterios técnicos recogidos en las ITOHG y cuyo trazado se muestra de forma esquemática en el gráfico adjunto.”

Como conclusión deste novo informe que complementa o anterior de xullo de 2011, compre destacar o seguinte:

- Que as propostas de conexión previstas para as redes de abastecemento e saneamento son viables e están xustificadas tecnicamente.
- Que a ETAP de Ferrol dispón da capacidade hidráulica necesaria para asumir o incremento da demanda xerada pola ampliación do Polígono Industrial.
- Que a EDAR de Cabo Prioriño dimensionouse para poder tratar a totalidade dos vertidos de Ferrol e Narón, polo que se considera que non é necesario proxectar a instalación dunha nova EDAR no polígono industrial.

SUMINISTRO ELÉCTRICO:

O informe foi solicitado o igual que os anteriores, á empresa subministradora, sen que se contestara ta a fecha. Nembargante compre sinalar que na parcela do SECTOR IV que fai esquina entre as rúas dos Carboeiros e dos Panadeiros e polo tanto na zona inmediata o ámbito, existe unha SUBESTACIÓN desde a que se poderá acometer sen ningún tipo de problema.

TELECOMUNICACIÓNS:

Coa finalidade de identificar os puntos onde se podería entroncar con estes servizos, solicitáronse informes ás empresas Telefónica e “R”, co resultado que se indica a continuación:

TELEFÓNICA: O único que enviaron foi un plano onde se indica que o punto de entronque, que está situado na glorieta na que se cruza a Avenida Bernardo Romero coa rúa dos Carboeiros.

“R”: Esta empresa presentou un informe no Concello o día 21 de outubro de 2011 acompañado de un plano, no que se fan unha serie de indicacións relativas á futura implantación da súa rede e dos puntos de conexión.

REDE DE GAS:

Con data de maio de 2.011, a empresa Gas Natural Fenosa, achegou uns planos nos que se indica o punto de entronque coa rede existente que descorre pola vía de servizo paralela á autoestrada AG-64 e pola Avenida Bernardo Romero. Esta rede principal está composta por unha tubaría de aceiro de seis pulgadas a 16 bares de presión, que acometerá a unha ESTACIÓN REGULACIÓN E MEDIA (EMR), que se situará no cruce entre as dúas vías indicadas con anterioridade, e dende esta EMR, se distribuirá á totalidade do polígono en tubaría de polietileno a 4 bares.

3.8.- ENLACE CO SISTEMA XERAL DE COMUNICACIÓNS. CONEXIÓNS EXTERIORES.

O enlace do novo sector que resultará da tramitación do presente plan de sectorización, debe quedar garantida a dous niveis. Dunha banda se considerará a conexión a nivel rexional, entendendo como tal as infraestruturas de comunicacións que enlazan coas vías de altas prestacións que atravesan o termo municipal. Por outro lado, se considerará a conexión a nivel local do novo ámbito co viario existente no seu entorno.

A conexión a nivel rexional coincide no seu análise coa que xa dispón a totalidade do área empresarial de Río do Pozo, que se vai a completar con esta actuación. Esta conexión se produce a través da Avenida Bernardo Romero que se constitúe como columna vertebral da totalidade do polígono industrial, que ten enlaces coas seguintes vías de altas prestacións:

- AG-64: Autoestrada Ferrol-Vilalba; que conecta coa Vila de As Pontes e en último termo coa autoestrada A-8 que conduce a Asturias.
- N-655; que conecta directamente co porto exterior de Ferrol.
- AP-9: Autoestrada do Atlántico; eixo vertebrador da totalidade da C.A. de Galicia e de conexión coas vías de altas prestacións que comunican coa meseta.

A conexión do ámbito co seu entorno inmediato está igualmente garantido mediante catro viais, dous previstos no plan parcial que desenvolveu o sector IV de Río do Pozo, no que se contemplan dúas reservas viarias como prolongacións da Avenida Bernardo Romero (28 metros de ancho) e Rúa Cesteiros (23 metros). As outras dúas conexións está previstas nunha modificación puntual que se está a tramitar en paralelo co presente plan, se trata dunha vía xa existente que se pretende regularizar, que se sitúa en continuidade coa rúa Vidreiros e unha totalmente nova que se produce en continuidade coa rúa dos Muiñeiros lixeiramente desviada o leste para non afectar a unha das zonas verdes resultantes do plan parcial do sector IV.

Tendo en conta o anterior pensamos que a conectividade viaria do novo sector queda garantida tanto a nivel rexional como local.

3.9.- ESTRUCTURA DA PROPIEDAD. TITULARES CATASTRAIS.

No artigo 67º da LOUG, se determina que os plans de sectorización comprenderán os planos de información incluído o catastral, doutra banda no artigo 86º.1.da lei se establece a obrigatoriedade de que na documentación dos plans de desenvolvemento debe figurar a relación das persoas titulares que figuren no catastro. Esta relación se incorpora como ANEXO no presente documento.

4.- DETERMINACIÓN BÁSICAS DA ORDENACIÓN

4.1.- DELIMITACIÓN DO SECTOR OBXECTO DE TRANSFORMACIÓN.

O sector obxecto de transformación coincide en liñas xerais co ámbito localizado o norte do polígono industrial de Río do Pozo, definido na *modificación puntual do PXOM de Narón para a modificación do SRAU do entorno do polígono industrial de Río do Pozo* que foi aprobada definitivamente por Orde do conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de 4 de novembro de 2010. No apartado 2.4. da MEMORIA da M.P., se incorpora a seguinte definición e xustificación dos límites deste ámbito;

*“ El ámbito localizado al norte del polígono industrial Río de Pozo, en el que se permitirá el uso industrial y/o terciario, tiene una superficie de **558.753 m²** y se encuentra pegado polígono industrial existente en sus linderos norte y este hasta tocarse con la Autovía AG-64, que es su límite en esta zona. Para la delimitación de este ámbito se tuvo en cuenta la existencia de unos viales de conexión del Sector IV que permitirá hacer una malla urbana continua en el futuro crecimiento industrial, dejando fuera al tiempo aquellos ámbitos que ya en la actualidad están copados de viviendas unifamiliares, que podrán incorporarse a Planes de Sectorización de uso residencial. Como límite sur de este ámbito se adoptó tomar la autovía AG-64, por ser un borde que define perfectamente las necesidades de esta zona pues al otro lado, la existencia de un núcleo de población y numerosas viviendas hace que la manera natural de desarrollarse esta zona sea para uso residencial o industrial compatible con el residencial pero no exclusivamente un uso industrial y/o terciario, donde está prohibido el uso residencial. Como límites al norte del ámbito se tomó el parcelario y tras las alegaciones se ha modificado el ámbito, para dejar fuera del mismo aquellas parcelas con uso residencial existente para que puedan ser incorporadas a futuros desarrollos de uso residencial. Se consideró además como un factor positivo que se crease un colchón de suelo entre el núcleo rural y este ámbito de la Modificación Puntual.*

No presente plan de sectorización se reaxusta o ámbito descrito no apartado precedente, na zona norte-centro. Por unha banda se trata da eliminación dunha superficie de **757,00 m²** que corresponden á parcela con referencia catastral 000104100NJ62B0001FL, este reaxuste ven xustificado pola excesiva proximidade do novo sector nese punto a unha vivenda existente, edificada no seu día coa preceptiva licenza municipal. Na mesma zona se incrementa a superficie do ámbito en **244,90 m²**, neste caso se trata de axustar o límite o borde da estrada provincial DP 5408 no lindeiro nordeste da parcela catastral devandita, para proporcionar un enlace do viario do novo sector coa estrada provincial que garante a súa continuidade e trazado real.

O reaxuste do sector cumpre coas condicións que se determinan no artigo 62º.2. da LOUG, xa que os terreos excluídos e incluídos do ámbito teñen a mesma clasificación que os que son obxecto deste plan de sectorización que non é outra que a de solo rústico apto para urbanizar. Ademais non se afecta a dotacións públicas e a alteración suma entre a parte excluída e a incluída un total 1.001,90 m² sobre o total de 558.753 m² que supón unha porcentaxe do **0,18%** inferior ao 5% do ámbito delimitado.

Unha vez efectuado este reaxuste, o sector obxecto de transformación, queda cunha superficie de **558.240,90 m²**.

4.2.- CONEXIONS COAS REDES DE SERVICIOS. CAPACIDADE. REFORZOS.

No apartado 3.7. da presente, se explican as características das redes de servizos existentes no entorno inmediato do ámbito do plan de sectorización, nos que se deberán realizar as conexións. Neste apartado se transcriben os aspectos máis importantes dos informes emitidos polas empresas subministradoras dos servizos, e se pode concluír que todas as redes existentes teñen a capacidade

suficiente para dar servizo o novo sector coas características de uso e intensidade que se prevé na modificación puntual do PXOM, non sendo necesarios novos reforzos. Neste apartado unicamente imos a destacar esquematicamente os puntos de conexión:

- REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA: Conexión na tubaría xeral de fundición de 200 mm de diámetro que descorre pola rúa Carboeiros. Os puntos de conexión serán nos cruces desta vía cos viais de acceso o novo sector.
- SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS: Conexión nos colectores do polígono que descorren polas rúas Carboeiros e Afiadores e que desembocan no Interceptador Xeral que leva as augas residuais do concello á nova EDAR en Cabo Poriño.
- AUGAS PLUVIAIS: Se conducirán a un tanque de tormentas que se situará nas inmediacións do rego Seco, que descorre polo interior do sector.
- ENERXÍA ELÉCTRICA: Se subministrará en media tensión o novo sector dende a subestación existente na rúa Carboeiros esquina Panadeiros.
- TELEFÓNICA: O punto de entronque se establece pola subministradora na glorieta en que conflúen a rúa Carboeiros e a Avda. Bernardo Romero.
- GAS: Se acometerá na rede existente na vía de servizo paralela á AG-64 (tubaría de aceiro de 6 pulgadas a 16 bares).

4.3.- CONEXIÓN CO SISTEMA XERAL VIARIO. CAPACIDADE DA REDE VIARIA.

Este aspecto se analiza no punto 3.8. da memoria informativa, no que se xustifican as excelentes condicións para conectar o novo sector tanto a nivel rexional por medio das vías de altas prestacións AP-9; AG-64 e N-655, como a nivel local.

A este respecto cumpre sinalar que a Avenida Bernardo Romero que é a verdadeira columna vertebral do parque empresarial de Río do Pozo, é un elemento que pertence ó sistema xeral viario do PXOM de Narón tal e como aparece nos planos de estrutura xeral e orgánica do territorio do plan xeral. Esta vía serve de enlace coas vías de altas prestacións mencionadas anteriormente.

As conexións do novo sector coa rede viaria do polígono industrial existente e en último termo coa Avenida Bernardo Romero, se produce a través de catro vías de conexión. Dúas proxectadas no plan parcial do sector IV de Río do Pozo lindeiro polo sur co que é obxecto do presente e outras dúas previstas nunha modificación puntual que se está a tramitar en paralelo co presente plan de sectorización.

4.4.- USO GLOBAL. EDIFICABILIDADE. TIPOLOXÍAS EDIFICATORIAS.

As determinacións básicas da ordenación que afectan o uso, intensidade de uso e tipoloxías edificatorias, se determinan a nivel global no apartado da modificación puntual aprobada no que se establece o texto da normativa do PXOM modificada.

En concreto no apartado referente os ámbitos de solo urbanizable non delimitado, definidos nos planos de ordenación B, C e E, que se encontran nas proximidades de Río do Pozo. Esta normativa aparece recollida no TÍTULO III, CAPÍTULO IV modificado que se transcribe a continuación:

5. En los ámbitos de Suelo Urbanizable no Delimitado definidos en los planos de ordenación B, C y E que se encuentran en las proximidades del Polígono Industrial Río do Pozo tendrán los siguientes usos:

- **Ámbito SUND I/T: estarán permitidos todos los usos previstos en la legislación urbanística excepto el residencial, como excepción se admitirán las viviendas destinadas al personal encargado de la vigilancia y conservación, de acuerdo con el artículo correspondiente a las ordenanzas que regulan la zona industrial.**

- *Ámbito SUND R/T: estarán permitidos todos los usos previstos en la legislación urbanística excepto el industrial no compatible con la vivienda. Se permitirá Uso Industrial en Cat. 1ª en situaciones A y B.*

Estos ámbitos se regirán por los parámetros definidos por la Ley 9/2002, o disposiciones que las sustituyan, para el desarrollo del Plan de sectorización. Estas determinaciones, según el artículo 66 de la LOUG, serán las siguientes:

- *Integración con la estructura de ordenación municipal.*
- *Para las determinaciones de ordenación se tendrán en cuenta lo establecido no artículo 57.*
- *Determinaciones del artículo 64 de los planes parciales.*
- *Las previsiones de dotaciones conforme a lo establecido en el artículo 47 para uso industrial y comercial.*
- *Límites de sostenibilidad del artículo 46.*

Otras determinaciones:

- *Los planes de sectorización que incluyan en su ámbito las zonas definidas en el Plano de Información 10 como rodal de árboles frondosos autóctonos deberán localizar los espacios libres en estas zonas realizando un diseño en el que se incorporarán estas masas arbóreas existentes.*
- *En los bordes de la actuación próximos a suelos clasificados como Suelo de Núcleo Rural y Rústicos de Especial Protección se deberán localizar los espacios libres a modo de cochón o de transición.*
- *Se tendrán en cuenta para la garantía de la recogida y tratamiento de residuos, de acuerdo con el incremento de la población y con los nuevos usos industriales, toda la normativa de aplicación para la gestión de residuos.*
- *Los planes de sectorización, en base a lo establecido en la Memoria Ambiental, concretarán la definición de las pautas establecidas en el Plan de Seguimiento Ambiental e Indicadores Ambientales que forma parte del Anexo IV.*

En base a estas determinaciones e ás características das edificacións existentes nos sectores industriais existentes, se consignan as seguintes determinacións de carácter xeral para o desenvolvemento do novo sector:

- SUPERFICIE DO SECTOR: **558.240,90 m².**
- USO GLOBAL: **Industrial e terciario.**
- INTENSIDADE DE USO: **0,30 m²/m² = 167.472,30 m² construídos**
- TIPOLOXÍA DA EDIFICACIÓN: **Illada.**

4.5. PREVISIÓN DE SOLO PARA NOVAS DOTACIÓNS DE CARÁCTER XERAL.

Na modificación puntual mencionada, non se establecen novas dotacións de carácter xeral. Doutra banda, no artigo 66º.3 c) en relación có 47º.1. da LOUG, só se establecen reservas de solo para sistemas xerais no caso de que se prevea uso residencial.

5.- DETERMINACIÓN DA ORDENACIÓN DETALLADA DO PLAN DE SECTORIZACIÓN.

5.1.- CUALIFICACIÓN DOS TERREOS. USOS PORMENORIZADOS.

A ordenación detallada do sector se reflicte nos planos de ordenación. As características principais se describen a continuación:

- ESQUEMA VIARIO:

O esquema viario está condicionado por varios factores:

- a) Polas dúas conexións exteriores que veñen predefinidas na ordenación do sector lindeiro polo sur (sector IV de Río do Pozo) e na modificación puntual do PXOM que se está a tramitar en paralelo có presente p.s., referente á creación doutras dous accesos.
- b) Pola dimensión dos quinteiros, se trata de definir no posible parcelas de grandes dimensións, destinadas a implantar establecementos industriais e terciarios que demanden este tipo de parcelas inexistentes actualmente no parque empresarial.
- c) Pola existencia dun espazo de certo valor ambiental situado no centro de gravidade do novo sector (rodal de árbores frondosas autóctonas), que se integra na ordenación como zona verde e que non se pode afectar polo trazado viario.
- d) Pola topografía do ámbito.

Baseándonos nestas consideracións, se crea un sistema viario que se conecta coa trama do polígono industrial existente mediante a prolongación de tres das vías que se desenvolven en dirección norte sur que son de oeste a leste as seguintes; rúa Cesteiros, Avenida Bernardo Romero e rúa Muiñeiros, este última se desvía lixeiramente cara o leste para non invadir unha zona verde existente. A outra conexión se produce no leste como prolongación da rúa Vidreiros.

Ademais destas catro conexións co viario do polígono industrial xa desenvolvido, se manteñen e melloran outros accesos existentes que integran o ámbito co seu entorno. O leste cunha vía de servizo paralela á autovía AG-64 e o norte con varias vías que enlazan o novo sector cos núcleos rurais de Santa Margarida e Fernande.

- ESPACIOS LIBRES:

A situación das zonas verdes está condicionada polas determinacións da propia modificación puntual que serve de antecedente a este plan de sectorización e polas medidas preventivas que se enuncian na decisión de non sometemento do p.s. a A.A.E. da S. X. De Calidade e Avaliación Ambiental.

A determinación da modificación puntual relativa ás zonas verdes establece: *“Los planes de sectorización que incluyan en su ámbito las zonas definidas en el plano de información 10 como rodal de árbores autóctonos deberán localizar los espacios libres en estas zonas realizando un diseño en el que se incorporarán estas masas arbóreas existentes”*.

Doutra banda na decisión se establece como medida preventiva e correctora para minimizar os posibles impactos sobre o medio, a seguinte *“Actuar sobre o rodal de árbores frondosas autóctonas asociado ao rego Freixeiro, o cal se integrará nunha zona verde, únicamente cando sexa necesario para a súa mellora e conservación no estado mais natural posible”*.

Segundo estas pautas, a meirande parte das zonas verdes do novo sector se situarán sobre o rodal

de árbores frondosas autóctonas, que supón a cualificación deste espazo como espazo libre cunha superficie total de **81.170 m²**, que se manterá en estado natural, cun tratamento consistente unicamente na súa mellora e conservación. Ademais desta zona verde se proxecta outro espazo coa mesma cualificación (P1-EL), que se localizará no límite leste a carón da instalación industrial existente no ámbito, cunha superficie de **7.279 m²**, coa finalidade de equilibrar a dotación de espazos libres no sector.

Ademais das anteriores, se proxectan outros espazos libres arborados que rodean o sector polos lindeiros norte e leste, que pretenden establecer unha pantalla vexetal que contribúa ao illamento e enmascaramento do novo espazo industrial, nas zonas de contacto coas zonas residenciais e coa autovía ag-64, tal e como se indica no punto 4 da decisión.

- PARCELAS DE EQUIPAMIENTO.

Tal e como se establece na normativa do PXOM de Narón referente ao solo rústico apto para urbanizar, no caso da existencia de núcleos rurais delimitados polo plan xeral que se atopan a menos de 500 metros da actuación, esta deberá mellorar unha serie de condicións dos núcleos. Entre estas condicións destaca que os equipamentos e cesións derivados da actuación deberán ser utilizados de forma compartida cos núcleos rurais adxacentes.

Seguindo esta pauta, o plan de sectorización sitúa dúas parcelas de equipamento lindeiras entre si que suman un total de **20.692 m²**, no extremo norte da ordenación con acceso dende a vía principal que une os núcleos rurais de Santa Margarida e Fernande, facilitando a utilización dos futuros equipamentos por ambos núcleos rurais.

- SERVICIOS TÉCNICOS.

O plan de sectorización, proxecta dúas parcelas de servizos técnicos (P2-ST.1 e P2-ST.2) que suman un total de **2.627 m²** nas inmediacións da zona verde P1-EL. Un dos obxectivos principais desta parcela é a de crear un punto limpo onde se xestionen de forma conxunta os residuos xerados no polígono, seguindo o establecido na decisión da S. X. De Calidade e Avaliación Ambiental. Esta necesidade se cubrirá na medida en que sexa necesario, habida conta que no polígono industrial xa existe unha parcela destinada a este uso. Nesta parcela se situarán ademais outros elementos necesarios para o funcionamento das infraestruturas do novo sector.

- USO INDUSTRIAL

Xa indicamos con anterioridade, que un dos obxectivos do plan de sectorización é o de crear parcelas de uso industrial e/ou terciario de grande dimensión, inexistentes na superficie industrial xa desenvolvida e que aínda non está ocupada. Con nesta filosofía e tendo en conta o resto dos condicionantes, sobre todo os de tipo viario, se proxectan 11 quinteiros que oscilan entre os 7.600 e 68.000 m², cunha excepción dunha pequena parcela duns 3.800 m² condicionada polo esquema viario e nas que se permitirá indistintamente o uso industrial e o terciario, de acordo co establecido na modificación puntual.

A meirande parte das mazás dispoñen de acceso por varios lindeiros coa excepción das denominadas P3-M1 e P3-M5, que tan só teñen acceso por un dos frontes, debido a condicionantes de tipo viario. No caso particular da P3-M5, se posibilitará a unión coas parcelas lindeiras polo sur, que pertencen o sector IV,

creando unha “supermazá” con fronte o novo vial que é prolongación da rúa Cesteiros, polo leste e á rúa Carboeiros polo sur.

A superficie destinada a uso industrial-terciario é de 344.231 m², que supón un 61,66% do total da superficie do sector. Para establecer a edificabilidade neta das parcelas de uso industrial dividírase a edificabilidade máxima do sector que e de 167.472,30 m² construíbles entre a superficie anterior, resultando unha edificabilidade neta de 0,4865 m²/m². Esta edificabilidade non se vai a repartir dun modo uniforme entre todas as parcelas edificables de uso industrial e/ou terciario, senón que se vai a distribuír pensando na división poligonal, dando menos aproveitamento á mazá P1-M1. En todo caso esta distribución do aproveitamento deberá cumprir coa regra que se determina no artigo 123^º.3. da LOUGA en canto á máxima diferenza de aproveitamento de cada polígono non superior o 15% en relación co aproveitamento tipo da area de reparto.

5.2.- RESERVAS DE TERREOS PARA DOTACIÓNS URBANÍSTICAS.

5.2.1. RESERVAS MÍNIMAS DE SOLO.

O cálculo das reservas mínimas de solo para dotacións urbanísticas se realiza en función dos estándares determinados no artigo 47^º.2. da LOUG. Para elo temos que considerar os datos seguintes:

- SUPERFICIE SECTOR: 558.240,90 m².
- USO: Industrial e/ou terciario.
- INTENSIDADE DE USO: 0,30 m²/m² = 167.472,30 m² construíbles.

DOTACIÓN	Art. 47.2. LOUG	CÁLCULO LOUG	RESERVA TERREOS P.S.
ESPAZOS LIBRES	10% superficie total ámbito	558.240,90 m ² x 0,1= 55.853,09 m ²	88.449 m ² (15,84%)
EQUIPAMENTOS PÚBLICOS	2% superficie total ámbito	558.240,90 m ² x 0,02= 11.164,82 m ²	22.148 m ² (3,96%)
PRAZAS DE APARCADOIRO (1)	2 prazas/100 m ²	167.472,90 x 0,01 x 2= 3.350 prazas 1/5 de dominio público = 670 prazas	936 prazas dom. púb. (2)

- (1) Consideramos o caso mais desfavorable previsto na M.P., que sería que se destinase o 100% da superf. construíble a terciario.
 (2) O resto das prazas se condiciona a nivel de ordenanza, establecendo un maior número de prazas en parcela cando se destine a uso non industrial.

5.2.2. SISTEMA DE ESPAZOS LIBRES PÚBLICOS

A superficie mínima esixible que se determina no artigo 47^º da LOUG, é do 10% da superficie total do sector (10% de 558.240,90 m²). No plan de sectorización se destina unha superficie total de 88.449, m² a zonas verdes y espazos libres que se dividen en dúas parcelas de 46.918 m² (P2-EL) e 34.252 m² (P3-EL) que coinciden co rodal de árbores autóctonos e unha terceira de 7.279 m² (P1-EL), que se sitúa na zona leste do novo sector.

As tres parcelas cumpren có establecido no artigo 4 do anexo o *Reglamento de Planeamiento aprobado por Real Decreto 2159/1978, de 23 de junio*, xa que se presentan en todos os casos unha superficie superior a 1.000 m², nas que se pode inscribir unha circunferencia de 30 metros de diámetro mínimo; posúen condicións apropiadas para a plantación de especies vexetais e teñen garantido o seu axeitado soleamento en relación coa posible edificación circundante.

5.2.3. SISTEMA DE EQUIPAMENTOS PÚBLICOS

No presente plan de sectorización, se destina a equipamento público unha superficie de 22.148 m², superior o mínimo esixido pola LOUG no artigo 47^º.2 que establece unha reserva mínima para uso industrial do 2% da superficie do ámbito o que suporía 11.164,82 m².

Esta superficie se divide en tres parcelas, dúas lindesiras entre si de superficie 11.891 m² (P2-EQ) e 8.801 m² (P3-EQ), que se sitúan no extremo norte do sector, en relación directa do núcleo rural de Santa Margarida. A terceira (P1-EQ) se sitúa a carón da zona verde P1-EL na zona leste do sector. A dimensión e situación en continuidade que amosan as parcelas de equipamento P2-EQ e P3-EQ, (20.692 m²), posibilita a situación dun equipamento de importante dimensión nesta zona do concello onde se concentra unha certa poboación en diversos núcleos rurais.

5.2.4. PRAZAS DE APARCADOIRO DE VEHÍCULOS.

Na modificación puntual na que se estableceron as determinacións básicas da ordenación do ámbito que se desenvolve mediante o presente plan de sectorización, se establece como uso global o industrial e/ou terciario, de forma indistinta, sen establecer porcentaxes para cada uso. Por motivo de estratexia urbanística, o concello estima oportuno que calquera das parcelas se poida destinar a calquera dos dous usos e polo tanto, a efectos de cálculo das prazas necesarias de aparcadoiro na vía pública, consideraremos o caso improbable que se corresponde co mais desfavorable que é que a totalidade do aproveitamento urbanístico posible sexa de uso terciario. Dese xeito resultaría que o nº mínimo de prazas de dominio público sería de 670, mentres que no plan de sectorización se prevé un total de 936 prazas de dominio público.

En canto o resto das prazas necesarias para cubrir o estándar mínimo e que se sitúen no interior das parcelas, se establecerá a nivel de ordenanza dependendo de que o uso a desenvolver sexa industrial ou terciario.

Atendendo a este esquema, nos casos extremos de destinar todo o aproveitamento a uso terciario ou industrial, o número total de prazas no interior das parcelas sería o seguinte:

- USO TERCIARIO: 2 pzas/100 m² const.= 3.350-936 vía púb.= 2.414 pzas. (1,441 pza/100 m² const).
- USO INDUSTRIAL : 1pza/100 m² const.= 1.675-936 vía púb.= 739 pzas. (0,441 pza/100 m² const).

En canto á reserva mínima de prazas de aparcamento para usuarios con mobilidade reducida, se reserva un total de 46 prazas, que cobre a ratio mais desfavorable das que se determinan na lexislación de aplicación que é a contida na "*ORDEN VIV/561/2010, de 1 de febreiro, por la que se desarrolla el documento técnico de condiciones básicas de accesibilidad y no discriminación para el acceso y utilización de los espacios públicos urbanizados*" que é de 1 praza accesible por cada 40 das existentes na vía pública.

As prazas de dominio e uso público, se establecen o longo dos viais dispoñéndolas en liña ou en batería segundo os casos. Compre sinalar que se dispón un aparcadoiro propio para pernocta ou larga estada de camións o nordeste do sector nunha zona que se sinala coa letra P.

5.3.- REDE VIARIA.

5.3.1.- TRAZADO E CARACTERÍSTICAS. ENLACE CO SISTEMA VIARIO EXISTENTE

Tal e como se indicou con anterioridade o deseño da rede viaria interior do sector responde a unha serie de condicionantes:

- Conexións exteriores.
- Tamaño dos quinteiros.
- Imposibilidade de atravesar a zona verde situada na zona central do sector coincidente co rodal de árbores autóctonos.
- Topografía do ámbito.

En función destes condicionantes se diseña unha rede viaria integrada por once vías interiores e doce de enlace có exterior, catro conexións coa rede viaria do parque empresarial existente e oito que serven de continuidade o viario circundante exterior o polígono industrial. As características xeométricas que se detallan nos planos de ordenación correspondentes, se resumen no cadro que se acompaña a continuación:

VIAL	LONX. (m)	SECCIÓN TRANSV.					PENDENTE LONXITU.	PENDENTE TRANS.
		CALZADA	MEDIANA	APARCAM.	BEIRARR.	TOTAL		
1	86,12	2 x 4 = 8m	---	5 + 5 = 10m	2,5+2,5=5m	23 m	3,17%	2%
2	234,40	2 x 4 = 8m	---	5 + 5 = 10m	2,5+2,5=5m	23 m	3,17%	2%
3	286,25	2 x 4,5 = 9m	---	2,5+2,5 = 5m	2,5+2,5=5m	19 m	1%	2%
4	174,00	2 x 4,5 = 9m	---	2,5+2,5 = 5m	2,5+2,5=5m	19 m	4,28%	2%
5	470,20	2 x 4,5 = 9m	---	2,5+2,5 = 5m	2,5+2,5=5m	19 m	4,28-2,78%	2%
6	175,45	2 x 4,5 = 9m	---	2,5+2,5 = 5m	2,5+2,5=5m	19 m	1%	2%
7	71,20	2 x 4,5 = 9m	---	---	2,5+2,5=5m	14 m	EXIST.	EXISTENTE
8	51,20	2 x 3 = 6m	---	2,5m	VARIABLE min:0,9+2	VARIABLE min:11,4m	EXIST.	EXISTENTE
9	280,70	3m a eixo	---	2,5m	2,5m	8m a eixo	EXIST.	EXISTENTE
10	154,60	4 x 4,5 = 18m	5m	---	2,5+2,5=5m	28 m	2,92%	2%
11	76,95	2 x 3,3=6,6m	---	---	VARIABLE min:2,7+2,3	VARIABLE min:12,3m	EXISTENTE	EXISTENTE
12	256,10	2 x 4,5 = 9m	---	2,5+2,5 = 5m	2,5+2,5=5m	19 m	2,92%	2%
13	182,85	2 x 4,5 = 9m	---	2,5+2,5 = 5m	2,5+2,5=5m	19 m	0,1%	2%
14	183,95	2 x 4,5 = 9m	---	2,5+2,5 = 5m	2,5+2,5=5m	19 m	0,1%	2%
15	62,8	2 x 4,5 = 9m	---	2,5+2,5 = 5m	2,5+2,5=5m	19 m	4,44%	2%
16	137,54	2 x 4,5 = 9m	---	5 + 5 = 10m	2,5+2,5=5m	23 m	6%	2%
17	58,44	2 x 4,25 = 8,5m	---	2,5m	2,5 m	16 m	6%	2%
18	202,5	3m a eixo	---	2,5m	2,5 m	8m a eixo	EXIST.	EXISTENTE
19	56,6	3m a eixo	---	2,5m	2,5 m	8m a eixo	EXIST.	EXISTENTE
CE-1	EXIST.	EXISTENTE	EXISTENTE	EXISTENTE	EXISTENTE	EXISTENTE	EXIST.	EXISTENTE
CE-2	162,50	2 x 4,5 = 9m	---	2,5m	2x2,25=4,5m	16 m	1,3 - 6%	2%
CE-3A	177,8	4 x 4,5 = 18m	5m	---	2,5+2,5=5m	28 m	2,92%	2%
CE- 3B	135,9	2 x 4 = 8m	---	5 + 5 = 10m	2,5+2,5=5m	23 m	6%	2%

5.3.2.- TRÁFICO.

Para o análise do fluxo de tráfico no sector industrial no momento no que se ocupe a totalidade das parcelas consideráronse as seguintes ratios obtidas en base a experiencias de tráfico doutros parques empresariais

- 1,6 camión/día por cada 1.000 m² de superficie construída.
- 6 turismos/ días por cada 1.000 m² de superficie construída.

Tendo en conta a superficie dos tres polígonos nos que se divide o sector resulta o seguinte:

POLIGONO	SUP. CONST (m ²)	Nº CAMIONES/ DIA	Nº TURISMOS/DIA	IMD
POL.1	16.615,04	27	100	127
POL 2	87.301,81	140	524	664
POL 3	63.555,45	102	382	484

Resulta que a intensidade media diaria (IMD) total que se producirá, segundo estas estimacións é de 1275 vehículos/ día. A porcentaxe de vehículos pesados respecto da IMD resulta dun 21%, porcentaxe bastante coherente coas experiencias noutros polígonos ou parques empresariais.

No ano 2012 realizouse por parte da Deputación de A Coruña una medición do aforo da estrada CP-5408 que atravesa o sector. A intensidade media diaria no mes de maio foi de 2.608 vehículos cun 7,20% de vehículos pesados. Esta proporción vai ser modificada cunha maior representación de vehículos pesados para os que se deseña o sistema viario. No extremo norte da estrada provincial proxéctase unha rotonda de xeito que o tránsito pesado que acceda ao polígono 3 a través da estrada provincial retorne polo polígono industrial e non recargue a rede viaria exterior ao ámbito.

5.4.- TRAZADO E CARACTERÍSTICAS DAS REDES DE SERVIZOS.

Os esquemas de trazado das redes de servizos urbanísticos do novo sector, aparece representado nos planos de ordenación. O deseño realizouse en base ás directrices marcadas polo Concello e polas empresas subministradoras.

5.4.1.- ABASTECIMENTO DE AUGA, REGA E HIDRANTES.

En xuño de 2011, a empresa responsable do servizo municipal de abastecemento de auga, COSMA, S.A., achegou o informe sobre a suficiencia da infraestrutura existente para a ampliación do servizo o novo sector. Xunto con dito informe, se acompaña unha memoria valorada na que se recomenda a instalación dun grupo de presión a fin de asegurar un subministro adecuado.

Se parte de dúas hipóteses, a primeira parte da consideración da superficie construída estimada (uns 167.260 m²), supoñendo unha ratio de 50 m² por persoa empregada e un consumo medio de 200 m³/ano, obtemos un consumo previsto de **21 l/sg**.

A segunda hipótese parte de considerar a dotación media de 0,5 l/s.ha para instalacións industriais, que se determina nas Instrucións Técnicas para Obras Hidráulicas de Galicia (ITOHG). Tendo en conta que a superficie total do novo sector era en principio de 558.753 m² (al final e tras os axustes 558.240,9 m²), teríamos un consumo previsto de **28 l/s**.

O final estableceuse un valor de consumo final estimado, ponderado entre os dos anteriores, de **25 l/s = 90 m³/h**.

“Tendo en conta que a ocupación da nova fase de ampliación do área empresarial, se realizará de forma progresiva o longo dos próximos anos, considerouse conveniente que o grupo de presión sexa modular, con tres bombas, que poden funcionar indistintamente de forma individual ou en paralelo polo que o estar dotadas dun variador de frecuencia permiten adaptar os caudais á demanda de cada momento, reducindo así o consumo enerxético.

Para que o grupo de presión funcione adecuadamente será necesario instalar unha válvula de

retención na tubaría de aspiración.

Considerouse conveniente, por outra parte, instalar unha arqueta cun sistema de válvulas e de equipos de control que permita a sectorización da futura rede de abastecemento de ampliación do polígono industrial".¹

Tal e como indicamos en diversos apartados, a rede do novo sector conectarase en diversos puntos á tubaría de fundición de 200 mm de diámetro que descorre pola rúa Carboeiros, xa que súa capacidade hidráulica, superior a 50 l/s, permite asegurar o subministro. Nembargante e para mellorar as condicións do servizo, instalárase o grupo de presión, que se menciona nos parágrafos precedentes.

A rede interior se prevé en principio en tubería de fundición de diversos diámetros que se indican na documentación gráfica, coas súas s correspondentes válvulas, situaranse bocas de rega nas parcelas de equipamento e nas zonas verdes tamén se prevén hidrantes que cubran a totalidade da superficie do sector.

5.4.2.-SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS.

O igual que no caso da rede de abastecemento, a empresa responsable deste servizo, dounos unha serie de indicacións das que parte o deseño da rede, cuxas características principais son as seguintes:

A rede de augas residuais descorre polos diferentes viais do novo sector, conducíndose por gravidade ata os puntos de conexión que se producen nas rúas Carboeiros, Muiñeiros e Afiadores enlazando coa rede do polígono industrial existente.

Establecidas as pendentes dos viais entre o 1 e o 6%, se tratará de buscar a menor profundidade posible na execución da nova rede cunha pendente mínima do 1%, obtendo unha evacuación por gravidade desde calquera punto á conexión có sector IV e a súa posterior condución á rede xeral. Se resulta necesario, cada empresa deberá realizar de forma autónoma ou compartida con outras empresas do parque un pretratamento de depuración, tal e como defende a ecoloxía industrial.

As canalizacións serán de PVC con xunta elástica, de acordo coa norma UNE 53332. Os pozos de rexistro serán independentes dos de pluviais, estancos e executados en formigón, de forma que quede asegurada a estanqueidade do pozo e das xuntas mediante o revestimento das mesmas cun material impermeable.

As conducións de augas residuais descorrerán polas beirarrúas cós seguintes diámetros mínimos:

- 315 mm nas xerais.
- 200 mm nas acometidas ás parcelas.

Os pozos de rexistro serán de diámetro mínimo interior 1,00 metro e se situaran a unha distancia mínima de 50 metros entre eles, así como en cada cambio de dirección e/ou de rasante. Terase en conta que a velocidade mínima admisible do efluente é de 0,50 m/sg para evitar sedimentacións e a velocidade máxima será de 4 m/sg para evitar a erosión das tubarías, cando se supere esta velocidade deberanse dispor pozos de resalto.

Poderanse realizar acometidas de augas residuais á rede xeral fora dos pozos, sempre que no outro extremo se coloque unha arqueta de dimensións interiores mínimas 0,35 x 0,35 m., empregando na conexión á rede, pezas especiais tipo clip que quedarán perfectamente seladas.

Nos pozos de rexistro colocaranse tapas de fundición dúctil articuladas para unha carga de rotura

¹ .- Do texto da MEMORIA VALORADA elaborada pola enxeñería contratada por COSMA, S.L..

de 40 tn en calzadas e 12,5 tn nas beirarrúas, o cerre da tapa contará con dispositivo de cerroxo.

5.4.3.-REDE DE PLUVIAIS.

A rede se conecta coa existente no sector IV, as características en canto a materiais, velocidade, etc, son equivalentes ás da rede de augas fecais, coas diferenzas que se indican a continuación:

- As canalizacións descorrerán polo eixo da calzada.
- Os diámetros serán de 110 mm na recollida das baixantes das cubertas e se conectarán a un sumidoiro ou a un pozo de rexistro, e nunca directamente á rede de pluviais.
- As acometidas das parcelas á rede só se poderán realizar a un pozo ou no seu defecto a un sumidoiro, nunca de forma directa á rede.

5.4.4.- REDE DE ENERXÍA ELÉCTRICA.

Se consideran dous apartados distintos, a rede de media tensión, que se distribuirá os centros de transformación (CT), e a rede en baixa ou media tensión correspondente á distribución entre parcelas que levará a enerxía eléctrica ata os abonados.

O punto de entronque está fixado na nova subestación que se localiza nas inmediacións do ámbito, no sector 4 do polígono existente. Dende a subestación se proxecta unha liña que descorrerá polas rúas Carboeiros e Afiadores, acometendo o novo sector polas conexións viarias exteriores CE-1 a CE-3B.

Dentro do novo sector, a liña de media tensión descorrerá baixo as beirarrúas, abastecendo os CT que se indican nos planos e cuxa distribución e potencias reais se estimarán nos proxectos de urbanización. Estes centros de transformación se situarán sempre que sexa posible nas zonas denominadas “pantallas verdes”, a fin de que queden mimetizadas entre a vexetación.

As potencias dos trafos dependerá da superficie edificable neta que se poida materializar en cada un dos quinteiros, segundo os valores que se indican a continuación:

- CT de 250 KvA..... 4000 a 5000 m² edificables.
- CT de 400 KvA..... 7000 a 8000 m² edificables.
- CT de 630 KvA 12000 a 13000 m² edificables.

A partir dos centros de transformación se realizará a distribución de enerxía eléctrica en baixa tensión a todas as parcelas edificables. A infraestrutura mínima se proxecta mediante condutores compostos por catro tubos de PVC roxo de 160mm e dous tubos de PVC verde para comunicacións de 125mm, excepto nos cruces de calzada que se engadirán dous tubos de 160mm de reserva.

Nos CT se instalarán cadros de baixa tensión con catro saídas protexidas por cartuchos fusibles, debidamente calibrados en función da liña a protexer, xa que dende estes partirán as liñas de baixa que alimentarán os usuarios finais.

Dende o condutor principal se derivará cara as diferentes parcelas mediante acometidas individuais denominadas “Caixa Xeral de Protección e Medida”, conforme á ITC BT 12 do REBT. Estas caixas se instalarán sempre nun nicho en parede na parte frontal da parcela ou empotradas nos muros de cerramento das naves. Os dispositivos de lectura dos equipos de medida deberán estar situados a unha altura comprendida entre 0,70 e 1,80 m.

A caixa de protección e medida corresponderá a un dos tipos que se establecen nas especificacións técnicas da empresa subministradora que foran aprobadas pola Administración Pública competente, en función do número e natureza do subministro. Dentro das caixas se instalarán cortacircuitos fusibles en todos os condutores de fase ou polares, con poder de corte a lo menos igual á corrente de cortocircuíto

prevista no punto da súa instalación.

A caixa de protección e medida cumprirá todo o indicado na Norma UNE-EN 60.439 -1, terán grao de inflamabilidade segundo se indica na norma UNE-EN 60.439 -3, unha vez instaladas terán un grao de protección IP43 segundo a UNE 20.324 e IK 09 segundo a UNE-EN 50.102 e se deberán poder precintar. A envolvente deberá dispor da ventilación interna necesaria que garante a non formación de condensacións. O material transparente para a lectura será resistente á acción dos raios ultravioleta. As disposicións xerais deste tipo de caixas e recollen na ITC-BT-13 do REBT.

O grao de protección mínimo que deben cumprir estes conxuntos, de acordo coa norma UNE-EN 50.102, para instalacións de tipo exterior: IP43; IK 09. O emprazamento da Caixa de Protección e Medida se realizará de acordo co indicado no aptdo. 2.1 da ITC-MIE-BT-13, cumprindo os seguintes requisitos:

- Fácil lectura do equipo de medida.
- Acceso permanente os fusibles xerais de protección.
- Garantías de seguridade e mantemento.

5.4.5.- ALUMEADO PÚBLICO.

A instalación do alumeado público se proxecta de acordo coas disposicións do Regulamento Electrotécnico de Baixa Tensión (REBT) E das MI.BT. que resulten de aplicación. As características dos compoñentes de alumeado público se definen no REBT e nas instrucións complementarias MI.BT, en especial a ITC – BT – 09.

Para evitar e reducir a contaminación lumínica, segueranse os criterios establecidos polo “Comité Español de Iluminación”. O obxecto do alumeado exterior é o de dotar ás rúas da iluminación suficiente para o normal desenvolvemento do tráfico. Así mesmo distinguiremos entre o alumeado dos viais e o das zonas verdes.

1. **Alumeado dos viais.-** O criterio de deseño principal é o do baixo consumo e baixo custo de mantemento. Debido a elo se prevé a utilización de luminarias equipadas para lámpadas de vapor de sodio de alta presión cunha vida útil en torno ás 16.000 horas, nas que ademais se poden incorporar redutores de fluxo que baixará a tensión ata os 190 voltios nas horas programadas, o que pode significar un aforro de ata o 35% no consumo.
2. **Alumeado de zonas verdes.-** Este alumeado debe contribuír a resaltar as características das zonas verdes, por elo se utilizarán lámpadas de halogenuros metálicos. As de vapor de sodio non son adecuadas porque debido o seu ton alaranxado o incidir no verde, confire ás plantas e árbores un aspecto seco, que prexudica á estética da urbanización.

ALUMEADO VIAL:

Se proxectan luminarias equipadas para lámpadas de V.S.A.P. de 150 W, montadas directamente sobre columnas troncocónicas de aceiro galvanizado de 9/10 m de altura en disposición a “tresbolillo” na práctica totalidade das vías. Na rúa nº 10 que é continuidade da Avenida Bernardo Romero se proxectan luminarias de dobre brazo que se situarán en distribución axial na mediana central. Para fixar os parámetros lumínicos temos en conta que as vías deben reunir as seguintes características:

- Iluminancia media: 20 luxes.
- Luminancia media: 1 cd/m².
- U.Media / U.Xeral: 0,65 / 0,35-
- U. Transversal / U. Lonxitudinal: 0,40 / 0,70.

ALUMEADO ZONAS VERDES:

Na urbanización existen dúas zonas verdes de características diferenciadas. Unha de grandes dimensións (81.000 m²) que se corresponde co rodal de árbores autóctonas, que se deixará en estado natural. Outra de moita menos extensión (7.279 m²) e de características máis urbanas. En ambos casos se proxecta unha iluminación dende as zonas perimetrais formado por luminarias equipadas para lámpadas de halóxenos metálicos de 70 W montadas sobre postes.

A iluminación das zonas verdes debe cumprir as características seguintes:

- Iluminancia media: 5 - 10 luxes.
- Luminancia media: 0,5 cd/m².
- U.Media / U.Xeral: 0,30 / 0,25.
- U. Transversal / U. Lonxitudinal: 0,10 / 0,10

As instalacións de alumeado público se alimentan cun sistema trifásico de tensións de 400 V entre fases. Nos finais de liña se levarán catro condutores como previsión de futuras ampliacións. O factor de potencia da instalación deberá ser tal que nos consumos de enerxía eléctrica non se produzan recargos por este concepto. Por elo a compensación inicial do factor de potencia deberá realizarse en cada punto de luz e no caso necesario se dotará dos pertinentes condensadores no cadro de mando e protección.

Para protexer a instalación de forma xeral se montarán cadros de mando e protección, dotados de interruptores automáticos magnetotérmicos para cada un dos diferentes circuitos. De forma particular en cada unha das columnas se instalarán cofres tipo alumeado público provistos de corta-circuitos fusibles calibrados a 6A, así como as correspondentes tomas de posta a terra, formadas por unha pica de 14 mm e 1,5 m e condutor 750 V Cu de 16 mm².

As seccións das liñas de alimentación prevense en condutores RV 0,6/1 KV Cu de tal forma que a intensidade de cálculo que circule por cada circuito na saída do centro de mando non supere os 16 A, en ningunha das liñas; se entende por intensidade de cálculo a que resulte de aplicar ás lámpadas os coeficientes previstos na ITC - BT 009 do REBT.

Estes condutores se tenderán en gabias baixo tubo de PVC de dobre parede de diámetro mínimo 90 mm, enterrados a unha profundidade non superior a 50 cm., sobre capa de area. Nos cruces das calzadas deberá quedar como mínimo un tubo libre. Disporanse de arquetas de dimensións mínimas 40x40 cms nos seguintes puntos:

- A pe do Cadro de Mando e Protección (arqueta de 60x60 cms)
- En cada punto de luz.
- En cada cambio de dirección.
- En cada extremo dun cruce de calzada.

Os equipos de medida se localizarán na vía pública; si elo non fora posible ou aconsellable situaranse nun lugar accesible tanto para o persoal da Cía Subministradora de como do Concello, pero nunca no interior dunha propiedade privada. Estes equipos van protexidos no interior de armarios, estarán construídos con materiais resistentes a intemperie e actos vandálicos, serán de modelo autorizado pola Cía Subministradora, disporán de dispositivos que permitan tomar a lectura dos contadores e estarán dotados de cerre normalizado.

Deseñaranse as redes de alumeado de tal maneira que o equipo de medida sexa de medida directa, é dicir, que non supere os 63 A de consumo total. Os mecanismos de mando e protección dos circuitos

(Cadro de Mando e Protección) instaláranse no mesmo armario que os elementos redutores de fluxo e independentemente do equipo de medida. Se instalarán sempre redutores de fluxo xa que unha das premisas na elección de lámpadas de VSAP é o consumo e este tipo de lámpadas se adaptan perfectamente a tensións de 180/190 V.

5.4.6.- REDE DE TELECOMUNICACIÓNS.

A previsión da infraestrutura de telecomunicacións realízase segundo a *Ley 32/2003, de 3 de novembro, General de Telecomunicaciones*, segundo esta regulamentación prevemos non só rede de telefonía senón unha rede de telecomunicacións.

Para o deseño desta rede solicitáronse ás compañías que a día de hoxe operan no Concello de Narón os posibles puntos de entronque, reflectidos nos planos de información. O plan de sectorización diseña a infraestrutura necesaria para a instalación das redes de telecomunicacións (ver plano O.5.2) atendendo a división poligonal do ámbito. Para os polígonos 2 e 3 executaranse nos lugares indicados polas compañías os puntos de interconexión, situando os Recintos de Instalación de Telecomunicacións Únicos (RITUs) nas parcelas de servizos técnicos e pantallas verdes dende os que partirán as redes de distribución de telecomunicacións dos ámbitos. Na zona leste (polígono 1) na que se prevé unha única parcela realizárase a acometida directa á rede existente.

Os proxectos de urbanización que desenvolvan este plan deberán deseñar non soamente a conexión ás redes de telecomunicacións, senón as infraestruturas necesarias para a instalación de redes de telecomunicación que permitan á conexión coas redes interiores dos edificios de nova planta incluídos no ámbito de aplicación do *Real Decreto- Ley 1/1998, de 27 de febrero, sobre infraestructuras comunes en los edificios* para el acceso aos servizos de telecomunicación.

Os puntos de entronque sinalados responden á oferta actual de operadores no Concello, quedando garantida a non discriminación entre operadores coa reserva de espazo na rede de telecomunicacións prevista para a implantación de futuras empresas.

A ubicación das antenas de televisión receptoras do servizo de televisión realizárase no lugar onde mellor se obteñan as condicións de calidade do sinal. O proxecto de urbanización e/ou os proxectos edificatorios deberán ter en conta as posibles zonas de sombra que se poidan xerar, impedindo a correcta recepción do servizo en inmobles xa existentes con anterioridade, polo que deberá contemplarse a posible imposición de servidumes na materia sobre as novas edificacións.

As características da rede de infraestrutura para telecomunicacións terán como referencia as 5 normas UNE aprobadas polo Comité Técnico Normalizador 133 (Telecomunicacións) da Asociación española de Normalización e Certificación (AENOR). As referencias e contido de dichas normas son:

- UNE 133100-1:2002 Infraestructuras para redes de telecomunicacións.

Parte 1: Canalizacións subterráneas.

Esta norma técnica define as características xerais dos sistemas de construción de canalizacións subterráneas para a instalación de redes de telecomunicacións, contemplando as precaucións, condicións construtivas e modos de instalación de ditos sistemas, así como os materiais e comprobacións de obra executada precisos. A norma é aplicable ás canalizacións que deben aloxar redes constituídas por portadores de fibra óptica ou de pares de cobre, simétricos ou coaxiales para sistemas de telecomunicacións.

- UNE 133100-2:2002 Infraestruturas para redes de telecomunicacións.

Parte 2: Arquetas e cámaras de rexistro.

Esta norma técnica define as características xerais das arquetas e cámaras de rexistro das canalizacións soterradas para a instalación de redes de telecomunicacións, establecendo os tipos e denominacións de ditas arquetas e cámaras de rexistro en función das clases dimensionais e resistentes que se fixan, e as características mínimas dos materiais constitutivos, compoñentes e accesorios necesarios, así como os procesos construtivos correspondentes. A norma é aplicable ós rexistros soterrados que aloxen elementos para a constitución, operación, mantemento ou explotación de sistemas de telecomunicacións.

- UNE 133100-3: Infraestruturas para redes de telecomunicacións.

Parte 3: Tramos interurbanos.

Esta norma técnica define as características xerais da obra civil dos tramos interurbanos para tendidos soterrados de redes de telecomunicacións, contemplando os modos de instalación, así como os seus accesorios, procesos construtivos, comprobacións de obra executada e directrices de proxecto para a realización de obras singulares que salven accidentes do terreo ou vías de telecomunicación existentes. A norma é aplicable aos tramos dos tendidos soterrados de redes de telecomunicacións que transcorren, na maior parte dos seu trazado entre poboacións ou por zonas escasamente poboadas.

- UNE 133100-4: Infraestruturas para redes de telecomunicacións.

Parte 4: Liñas aéreas

Esta norma técnica define as características xerais das liñas de postes para tendidos aéreos de redes de telecomunicacións, establecendo os elementos constitutivos das liñas, tipificando as accións mecánicas de carácter meteorolóxico e o proceso de cálculo resistente para os postes, a súa consolidación e a elección do cable soporte, e indicando as precaucións e directrices dos procesos construtivos correspondentes. A norma é aplicable aos tendidos aéreos de redes de telecomunicacións sobre postes de madeira, m de formigón ou de poliéster reforzados con fibra de vidro.

- UNE 133100-5: Infraestruturas para redes de telecomunicacións.

Parte 5: Instalación en fachada

Esta norma técnica define as características xerais das instalacións de redes de telecomunicacións polas fachadas, establecendo as condicións e elementos constitutivos dos modos de instalación contemplados: fixación directa dos cables, protección canalizada dos mesmos, tendidos verticais mediante cable soporte e tendidos de acometidas por aneles, así como dos cruces aéreos e das precaucións e procesos construtivos correspondentes.

Así mesmo terase en conta que as infraestruturas comúns de telecomunicación, das que deberá dotarse aos edificios de acordo coa normativa descrita no seguinte parágrafo, terán que conectar coas infraestruturas para redes de telecomunicación contempladas no proxecto de urbanización.

A normativa específica sobre o acceso aos servizos de telecomunicación no interior dos edificios está constituída polo Real Decreto- Ley 1/1998, de 27 de febreiro sobre infraestructuras comunes en los edificios para el acceso a los servicios de telecomunicación, o seu Regulamento, aprobado mediante Real Decreto 346/2011, de 11 de marzo e a Orden ITC/1644/2011, de 10 de junio; normativa á que remite a Ley 38/1999,

de 5 de novembro, de Ordenación de la Edificación que, na súa Disposición Adicional Sexta, deu unha nova redacción ao artigo 2 apartado a) do citado Real Decreto- Ley.

5.4.7.- REDE DE GAS.

Tal e como se indicou con anterioridade, a empresa Gas Natural Fenosa, fixounos puntos de entronque coa rede existente na vía de servizo paralela á autoestrada AG-64 e na Avenida Bernardo Romero, nos que existe unha tubaría de aceiro de seis pulgadas a 16 bares de presión. Dende esta rede principal se acometerá a unha ESTACIÓN REGULACIÓN E MEDIA (EMR), que se situará no extremo sur da Av. Bernardo Romero e desde a que se distribuirá á nova zona industrial en tubaría de polietileno a 4 bares, esta tubaría acomete o sector polas conexións viarias exteriores.

A rede de distribución interior se executará en tubaría de PE de media densidade do tipo SDR 11, de 40 mm de diámetro. A montaxe da tubaría se realizará en instalación subterránea no fondo dunha gabia, preparada cun leito de area lavada de río ou similar. A tubaría se recubrirá coa area e a 20 centímetros por enriba dela se colocará unha cinta de sinalización que advertirá que baixo dela se atopa unha tubaría de gas. A unión entre tubos e entre eles e os accesorios se realizarán mediante o sistema de electrosoldadura. En paralelo á rede de gas se instalará un condutor amarelo verde de 750 V que permitirá coñecer o trazado da mesma unha vez rematada a urbanización.

A rede descorren a súa totalidade baixo as beirarrúas, agás nos cruces de calzada, a profundidade mínima de enterramento será de 50 centímetros, agás nos cruces de calzada que se baixará ata 1 metro de profundidade. A distancia mínima en recorridos paralelos con outras conducións será de 20 centímetros e no caso de cruces, de 10 centímetros.

6.- INSTRUMENTOS DE EXECUCIÓN DO PLAN DE SECTORIZACIÓN.

6.1.- ÁREA DE REPARTO E APROVEITAMENTO TIPO.

- AREA DE REPARTO.

O artigo 111º.5. da LOUG, determina que “ *En solo urbanizable non-delimitado, as áreas de reparto definiranse por medio dos plans de sectorización que as ordenen e desenvolvan, conforme os criterios sinalados para o efecto no plan xeral, incluíndo obrigatoriamente os terreos necesarios para sistemas xerais e dotacións públicas así como os enlaces do sector cos sistemas xerais viarios e sistemas xerais de infraestructuras existentes*”.

En canto os criterios sinalados no plan xeral, o PXOM de Narón establece no apartado 6.3.D. da memoria que “*En solo rústico común apto para urbanizar. No momento de presentar a trámite o plan parcial correspondente, cada sector constituirá unha área de reparto*”.

En canto á inclusión dos terreos necesarios para sistemas xerais e dotacións públicas, así como os enlaces do sector cos sistemas xerais viarios e sistemas xerais de infraestructuras existentes, compre sinalar que:

- A modificación do PXOM, que desenvolve o presente plan de sectorización, non incorporou ou adscribiu a este ámbito sistema xeral algún.
- Os enlaces do sector co viario do polígono industrial existente, xa están previstos noutros instrumentos urbanísticos (plan parcial do sector IV; modificación puntual en trámite). Todos estes enlaces están en terreos clasificados na actualidade como solo urbano consolidado, debido a elo non se poden incorporar no área de reparto (vid. art. 111º.2. da LOUG). En canto á obtención dos terreos no seu caso se fará mediante expropiación forzosa, por convenio entre a administración e o propietario, ou por permuta forzosa con terreos do patrimonio municipal do solo (artº 167º.1 LOUG). Por suposto o custo de expropiación de estes terreos, así como a súa expropiación será por conta do ámbito do plan de sectorización.

Tendo en conta o anterior, o AREA DE REPARTO, coincidirá có novo sector, e ten unha superficie total de **558.240,90 m²**.

- APROVEITAMENTO TIPO.

De acordo co determinado no artigo 114º da LOUG: “*En solo urbanizable o aproveitamento tipo de cada área de reparto determinarase dividindo o aproveitamento lucrativo total, expresado en metros cadrados edificables do uso característico, pola superficie total da área, incluíndo os sistemas xerais pertencentes a ela, con exclusión dos terreos afectos a dotacións públicas de carácter xeral ou local existentes no momento de aprobación do plan xeral que se manteñan*”.

Tendo en conta que a totalidade do aproveitamento lucrativo é do mesmo uso e tipoloxía (edificación de uso industrial ou terciario en edificio illado), non resulta necesario establecer coeficientes de ponderación e polo tanto os metros cadrados edificables do uso característico, coinciden có aproveitamento lucrativo total; **167.472,30 m² construíbles**.

$$\text{Ap. Tipo} = 167.472,30 \text{ m}^2 \text{ edificables} / 558.240,90 \text{ m}^2 = \mathbf{0,30} = \text{Ap. real}$$

6.2.- DELIMITACIÓN DE POLÍGONOS E SISTEMA DE ACTUACIÓN.

- DELIMITACIÓN DE POLÍGONOS.

O artigo 123º da LOUG establece a metodoloxía para delimitar os polígonos de execución.

Artigo 123º.-Polígonos.

1. Os polígonos configúranse como os ámbitos territoriais que comportan a execución integral do planeamento e serán delimitados polo plan que conteña a ordenación detallada, de forma que permitan o cumprimento conxunto dos deberes de cesión, de urbanización e de xusta distribución de cargas e beneficios na totalidade da súa superficie. En solo urbano non-consolidado, os polígonos poderán ser descontínuos só para os efectos de incluír terreos destinados a sistemas xerais.

2. A execución do planeamento realizarase por polígonos completos, agás cando se trate de executar directamente os sistemas xerais ou as actuacións illadas previstas no artigo 124 desta lei.

3. A delimitación de polígonos deberá garantir o equilibrio entre os beneficios e cargas dentro de cada área de reparto. Para estes efectos, non poderán delimitarse polígonos que teñan unha diferenza de aproveitamento superior ao 15% en relación co aproveitamento tipo da área de reparto correspondente nin que impliquen unha desproporcionada diferenza das cargas de urbanización ou de asignación de reservas para vivendas sometidas a algún réxime de protección pública».

4. A delimitación dos polígonos definidos polo plan poderá ser reaxustada, de oficio ou por instancia de parte, segundo os trámites procedementais sinalados polo artigo 117 desta lei, sen alterar en ningún caso a ordenación urbanística establecida polo plan nin implicar unha variación da superficie superior ao 20% do ámbito delimitado

De acordo co anterior, no presente plan de sectorización se delimitan tres polígonos, dous situados o norte do ámbito; polígonos 2 e 3 e un terceiro situado o leste, que abarca en parte os terreos nos que se sitúa unha edificación de carácter industrial. As superficies e aproveitamentos tipo asignados a cada un destes polígonos, se expresan no cadro que se achega a continuación:

POLIGONO	SUPERFICIE		APROV. TIPO	APROV. REAL	
	m ²	% total		m ²	% total
POLIGONO-1	65.157,00	11,672	0,255 (-15% A. REPARTO)	16.615,04	9,92
POLIGONO-2	285.350,00	51,116	0,305946436	87.301,81	52,13
POLIGONO-3	207.733,90	37,212	0,305946436	63.555,45	37,95
AREA DE REPARTO	558.240,90	100	0,30	167.472,30	100

En canto ás cargas de urbanización, se trata de repartir os seguintes conceptos:

- Custo das obras de infraestruturas, servizos e mobiliario urbano, previstos no presente plan de sectorización, para cada polígono.
- Custo dos terreos exteriores o ámbito, que se localizan en solo urbano consolidado e que corresponden á superficie ocupada a conexión viaria exterior CE-2.
- Custo das medidas correctoras (medidas de integración paisaxística) e dos plans de seguemento de cada un dos polígonos.

CARGAS DE URBANIZACIÓN										
	URBANIZACIÓN INTERIOR		URB. CONEXIONS	CUSTO TERREOS CONEX. EXT.	MEDIDAS CORRECTO_RAS	PLAN SEGUIMIENTO	TOTAL		REPERC. €/m ² const	AP. REAL (%)
	VIAIS	ZONAS VERDES					EUROS	%		
POL-1	402.969,93	36.395	-	CE 2: 154.617	49.497,2	13.180,95	656.660,08	8,55	39,52	9,92
POL-2	3.094.359,46	317.528	CE 2: 188.726,28	-	172.790,4	108.018,41	3.881.422,55	50,52	44,46	52,13
POL-3	2.065.412,29	261.654,5	CE.3A + CE.3B: 305.321,70 + 269.594,03€	-	155.095,5	87.059,47	3.144.137,44	40,93	46,47	37,95
TOTAL	5.562.741,68	615.577,5	918.259,01		377.383,1	208.258,83	7.682.220,07	100		100%

- SISTEMA DE ACTUACIÓN.

O artigo 127º da LOUG determina o procedemento para elixir o sistema de actuación, así como a obrigatoriedade de incluílo no instrumento de planeamento que conteña a ordenación detallada do solo urbanizable.

Artigo 127º.-Elección do sistema de actuación.

1. O municipio elixirá o sistema de actuación aplicable tendo en conta as características e complexidades da iniciativa que se vai desenvolver, os medios cos que conte, a colaboración da iniciativa privada e as demais circunstancias que concorran.

2. A determinación do sistema de actuación deberá incluírse obrigatoriamente nos instrumentos de planeamento que conteñan a ordenación detallada do solo urbano non-consolidado e do solo urbanizable. A modificación do sistema de actuación poderá ser aprobada polo municipio, de oficio ou por instancia dos particulares interesados, logo da información pública por prazo de vinte días mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e con notificación individualizada ós propietarios afectados.

No presente plan de sectorización, tendo en conta as características e complexidade da iniciativa que se vai a desenvolver, se determina en principio como sistema de actuación o de **COMPENSACIÓN** que se desenvolve na sección 5ª do capítulo VI, título IV da LOUG, así como no Regulamento de Xestión Urbanística.

7.- CADROS DE CARACTERÍSTICAS.

7.1.- CARACTERÍSTICAS DO ÁMBITO.

- Superficie ámbito:	558.240,90 m ² .
- Superficie área de reparto:	558.240,90 m ² .
- Uso global:	Industrial e terciario.
- Edificabilidade do sector:	0,30 m ² /m ² .
- Sistema de actuación	compensación.
- Superficie construíble uso lucrativo:	167.472,30 m ²
- Aproveitamento tipo:	0,30 U.A.

USO PORMENORIZADO	SUPERFICIE DE SOLO (m ²)		SUP. CONSTRUIBLE USO LUCRATIVO (m ² construíbles)	
	PARCIAL	TOTAL	PARCIAL	TOTAL
ESPAZOS LIBRES PÚBLICOS	P1-EL	7.279	-----	-----
	P2-EL	46.918	-----	-----
	P3-EL	34.252	-----	-----
EQUIPAMENTOS PÚBLICOS	P1-EQ	1.456	-----	-----
	P2-EQ	11.891	-----	-----
	P3-EQ	8.801	-----	-----
PRAZAS APARCADOIRO	TOTAL: 3.350		-----	-----
	DOM. PÚBLICO: 936		-----	-----
	ADAPTADAS: 46		-----	-----
INDUSTRIAL-TERCIARIO	P1-M1	52.095	16.615,04	167.472,30
	P2-M1	7.569	3.906,63	
	P2-M2	46.513	24.007,03	
	P2-M3	3.831	1.977,32	
	P2-M4	43.102	22.246,49	
	P2-M5	68.130	35.164,34	
	P3-M1	29.569	15.279,74	
	P3-M2	22.983	11.876,44	
	P3-M3	10.297	5.320,96	
	P3-M4	8.883	4.590,28	
SERVIZOS TÉCNICOS	P2-ST-1	1.475	-----	-----
	P2-ST-2	1.152	-----	-----
PANTALLA VERDE	35.177,70	35.177,70	-----	-----
VIARIO RODADO E APARCADOIROS	59.890,2	65.608,2	-----	-----
APARCADOIRO VEHICULOS PESADOS	5.718		-----	-----
TOTAL SECTOR	558.240,90		167.472,30	

7.2.- CARACTERÍSTICAS DOS POLÍGONOS DE EXECUCIÓN.

POLÍGONO 1				
USO PORMENORIZADO	SUPERFICIE DE SOLO (m ²)		SUP. CONSTRUIBLE USO LUCRATIVO (m ² construíbles)	
	PARCIAL	TOTAL	PARCIAL	TOTAL
ESPAZOS LIBRES PÚBLICOS	P1-EL	7.279	7.279	-----
EQUIPAMENTOS PÚBLICOS	P1-EQ	1.456	1.456	-----
PRAZAS APARCADOIRO	DOM. PÚBLICO: 66 ADAPTADAS: 2		-----	-----
INDUSTRIAL-TERCIARIO	P1-M1	52.095	52.095	16.615,04
SERVIZOS TÉCNICOS	-----	0	0	-----
PANTALLA VERDE	0		0	-----
VIARIO RODADO E APARCADOIROS	4.327		4.327	-----
APARCADOIRO VEHICULOS PESADOS	0			-----
TOTAL POLIGONO 1	65.157		16.615,04	

POLÍGONO 2				
USO PORMENORIZADO	SUPERFICIE DE SOLO (m ²)		SUP. CONSTRUIBLE USO LUCRATIVO (m ² construíbles)	
	PARCIAL	TOTAL	PARCIAL	TOTAL
ESPAZOS LIBRES PÚBLICOS	P2-EL	46.918	46.918	-----
EQUIPAMENTOS PÚBLICOS	P2-EQ	11.891	11.891	-----
PRAZAS APARCADOIRO	DOM. PÚBLICO: 242 ADAPTADAS: 14		-----	-----
INDUSTRIAL-TERCIARIO	P2-M1	7.569	169.145	3.906,63
	P2-M2	46.513		24.007,03
	P2-M3	3.831		1.977,32
	P2-M4	43.102		22.246,49
	P2-M5	68.130		35.164,34
SERVIZOS TÉCNICOS	P2-ST-1	1.475	2.627	-----
	P2-ST-2	1.152		-----
PANTALLA VERDE	16.587,6		16.587,6	-----
VIARIO RODADO E APARCADOIROS	32.463,4		38.181,4	-----
APARCADOIRO VEHICULOS PESADOS	5.718			-----
TOTAL POLIGONO 2	285.350		87.301,81	

POLÍGONO 3				
USO PORMENORIZADO	SUPERFICIE DE SOLO (m ²)		SUP. CONSTRUIBLE USO LUCRATIVO (m ² construíbles)	
	PARCIAL	TOTAL	PARCIAL	TOTAL
ESPAZOS LIBRES PÚBLICOS	P3-EL	34.252	34.252	-----
EQUIPAMENTOS PÚBLICOS	P3-EQ	8.801	8.801	-----
PRAZAS APARCADOIRO	DOM. PÚBLICO: 628 ADAPTADAS: 30		-----	-----
INDUSTRIAL-TERCIARIO	P3-M1	29.569	122.991	15.279,74
	P3-M2	22.983		11.876,44
	P3-M3	10.297		5.320,96
	P3-M4	8.883		4.590,28
	P3-M5	51.259		26.488,03
SERVIZOS TÉCNICOS	0	0	0	-----
PANTALLA VERDE	18.590,1		18.590,1	-----
VIARIO RODADO E APARCADOIROS	23.099,8		23.099,8	-----
APARCADOIRO VEHICULOS PESADOS	0			-----
TOTAL POLIGONO 3	207.733,90		63.555,45	

8.- XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DA NORMATIVA DE ACCESIBILIDADE E SUPRESIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS.

Neste apartado xustificase o cumprimento da normativa de aplicación na materia. Esta normativa está constituída pola “ORDEN VIV/561/2010, de 1 de febrero, por la que se desarrolla el documento técnico de condiciones básicas de accesibilidad y no discriminación para el acceso y utilización de los espacios públicos urbanizados” así como polo “Decreto 35/2000, del 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia”.

ELEMENTO		NORMATIVA AUTÓNOMICA D.35/2000	NORMATIVA ESTATAL O.VIV/561	PLAN PARCIAL		
REDE VIARIA	ITINERARIOS PEONÍS	Ancho mínimo libre de obstáculos = 1,80 m	En todo o seu percorrido posuira unha anchura libre de paso non inferior a 1,80 m	> 1,80 m		
		Nos casos nos que existan elementos de sinalización e de urbanización puntuais (semáforos, buzones, sinais, etc.) o ancho mínimo de paso nesa zona, libre de obstáculos será de 1,50 m.				
		Pendente máxima lonxitudinal = 10%			6%	≤ 6,00 %
		Pendente máxima transversal = 2%			2%	CUMPRE
		Altura libre de paso ≥ 2,20 m.			2,20 m.	> 2,20 m
	VAOS PEONÍS	Ancho mínimo libre de obstáculos = 0,90 m	Estreitamentos máx.= 1,50 m	---		
		Resalto entre vao e calzada con canto achafranado ou redondeado e altura máxima 2 cm.	O encontro entre vao e calzada debe estar enrasado	---		
		Anchura mínima plano inclinado do vao a cota de calzada = 1,80 m.	---	---		
		Sinalización en todo o ancho da fachada ata o vao cunha franxa de ancho mín. 1m.	-----	---		
	PASOS DE PEÓNS	Pendente lonxitudinal máxima= 12%	Pendente lonxitudinal máxima para tramos inclinados de ata 2 m.: 10%	---		
		Ancho mínimo: 1,80 m.	Ancho do paso ≥ o do vao peonil co límite ≥ 1,80 m	CUMPRE		
	SEMÁFOROS	Desnivel entre itinerario peonil e calzada de tránsito de vehículos mediante vao adaptado	Cando non sexa posible salvado desnivel entre beirarrúa e calzada mediante plano inclinado, se poderá optar por elevalo paso de peóns en toda a súa superficie o nivel da beirarrúa	CUMPRE (elevantse todos os pasos peonís)		
Estarán regulados para poder cruzar a unha velocidade ≤ 70cm/seg		Estarán regulados para poder cruzar a unha velocidade de 50cm/seg	CUMPRE			
ELEMENTOS URBANIZACIÓN	ITINERARIOS PEONÍS	Se existen elementos puntuais o ancho mínimo libre de obstáculos: 1,50 m	Os elementos de urbanización nunca invadirán o ámbito libre de paso de un itinerario peonil accesible	CUMPRE		
	PAVIMENTOS	Cando exista un cambio de pavimento deberán estar rasados, permitíndose un desnivel que presentará o seu canto achafranado ou redondeado, alt. máx: 2 cm	A súa colocación e mantemento asegurará a súa continuidade e a inexistencia de resaltes	CUMPRE		
	REXIÑAS, ALCORQUES E TAPAS DE INSTALACION	-----	Rasadas co nivel do pavimento circundante cumprindo segundo a súa situación: - áreas uso peonil: Ømax=1cm - en la calzada: Ømax=2,5cm	CUMPRE		
	RAMPLAS	Ancho mínimo.: 1,50 m.	Ancho mínimo.: 1,80 m.	---		
		Lonxitude máxima do tramo: 20 m	Lonxitude máxima do tramo: 10 m	---		
		Pendente lonxitudinal máxima: 8% ata 10 m	Pendente lonxitudinal máxima: 8% ata 10 m	---		
		Pendente transversal máxima: 2%	Pendente transversal máxima:2%	---		
		Ancho dos descansións: Con cambio de sentido: ancho rampla x 1,50 m Sen cambio de sentido: ancho rampla x 1,50 m	Ancho dos rellanos: Con cambio de sentido: ancho rampla x 1,80 m Sen cambio de sentido: ancho rampla x 1,50 m	---		
Espazo o inicio e final da rampla 1,80 m x 1,80 m.	Espazo o inicio e final da rampla que non invada o IPA de: ancho rampla x 1,50 m.	---				

		Extremos da rampla de diferenciación de pavimento nunha franxa de 1,00 m.	Extremos da rampla de pavimento táctil indicador direccional ancho: 1,20 m.	---
		Iluminación en IPA 10 luxes.	Iluminación en IPA 20 luxes.	---
		BARANDILLAS E ELEMENTOS DE PROTECCIÓN DO PEATON		
	ESCALEIRAS	Recomendable pasamáns dobres Alt. pasamáns sup.: entre 0,90 - 0,95 m Altura pasamáns inferior: 0,65 - 0,70 m Ancho de agarre: entre 3 e 5 cm Prolongación: 35 - 45 cm Separación mínima da parede: 4 cm Pasamáns central para ancho sup. a 3 m	Altura mínima: 0,90 m para altura menor a 6m Obrigación pasamáns dobres a ámbolos dous lados Alt. pasamáns sup.: 0,95-1,05 m Alt. pasamáns inf.: 0,65 - 0,75 m Ancho agarre: entre 4,5 e 5 cm Prolongación: 30 cm Sep. mínima da parede: 4 cm Pasamáns central para ancho superior a 4 m	---
		Ancho mínimo: 1,20 m	Ancho mínimo: 1,20 m	---
		Tramos: altura máxima a salvar: 2,00 m	Tramos: nº mínimo chanzos: 3 nº máximo chanzos: 12	---
		Chanzos: mínima: 30 cm Pegada máxima: 17 cm En todo o caso: $62\text{ cm} \leq 2C+H \leq 64\text{ cm}$	Chanzos: Pegada mínima: 30 cm Contrapegada máxima: 16 cm En todo o caso: $54\text{ cm} \leq 2C+H \leq 70\text{ cm}$	---
		Rellanos: ancho x 1,20 m	Rellanos: ancho x 1,20 m	---
	BARANDILLAS E ELEMENTOS DE PROTECCIÓN DO PEATON			
	BORDILLOS	De cantos achafranados o redondeados	-----	CUMPRE
Altura máxima : 14 cms			CUMPRE	
MOBILIARIO URBANO	CONDICIÓN XERAIS	Se situarán de modo que deixen unha franxa libre de ancho 1,50m. Se a beirarrúa é de ancho < 1,80m, se colocaran deixando un paso de ancho mín. 1,50m.	A súa instalación nas áreas de uso peonil non invadirán o itinerario accesible Se disporán preferentemente aliñados xunto á banda exterior da beirarrúa, e a unha distancia mínima de 0,40m do límite entre bordillo e calzada.	CUMPRE
APARCAMENTOS	DIMENSIÓN	100 Mínimo 3,50 m x 4,50 m.	Dispostos en perpendicular 5,00 m x 2,20 m. e transferencia lateral de 1,50 m.	Dispostos en perpendicular 5,00 x 2,50 m trans lat 1,50 m
			Dispostos en liña 5,00 m x 2,20 m. e transferencia e aproximación posterior de ancho = praza e lonxitude 1,50 m.	Dispostos en liña 5,00 + 1,50 m x 2,50 m
	RESERVA MÍNIMA DE PRAZAS ADAPTADAS (Sobre 936 na vía pública)	De 201 a 1.000 prazas: 1 praza adaptada por cada 100 ou fracción =10	1 praza accesible por cada 40 ou fracción = 24	46 PRAZAS (10 en batería + 36 en liña)

9.- TRAMITACIÓN DO PLAN DE SECTORIZACIÓN.

A continuación describense os trámites realizados ata o día de hoxe.

- PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA: Tal e como se indicara nun punto anterior a Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da CMATI tomou a decisión de non someter este Plan de Sectorización a Avaliación Ambiental Estratéxica realizándose os seguintes trámites:

- ✓ INICIACIÓN. O 6 de xuño de 2.011 recibíuse na CMATI o Documento de Inicio do Plan de Sectorización, de conformidade co artigo 18º da Lei 9/2006 e 81.6 da LOUG.
- ✓ INNECESARIEDAD. O 7 de xullo de 2.011 emitiúse por parte da Secretaria Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, a declaración de innecesariedade de sometemento do Plan de Sectorización ó trámite de avaliación ambiental estratéxica, que foi publicada no DOG Nº 159 do 22 de agosto de 2.011 e na páxina web da Consellería.

- INFORMES DAS EMPRESAS SUMINISTRADORAS DE SERVIZOS; solicitáronse informes sobre a existencia e/ou capacidade dos servizos urbanísticos ás seguintes empresas:

- ✓ ABASTECIMENTO DE AUGA E SANEAMENTO: emitido pola empresa responsable do Servicio Municipal de Abastecemento e Saneamento; COSMA, S.A. chegou o Concello de Narón o 5 de xullo de 2011 un completo informe acompañado de planos e esquemas da instalación.
- ✓ INFRAESTRUCTURA DE TELECOMUNICACIONES; de la empresa R. Esta empresa presentou un informe no Concello o día 21 de outubro de 2.011 acompañado dun plano, no que se fan unha serie de indicacións relativas á futura implantación da súa rede e dos puntos de conexión.
- ✓ TELEFÓNICA: emitido via e-mail pola empresa TELEFONICA o día 26 de outubro de 2.011. O único que enviaron foi un plano onde se indica que o punto de entronque coa rede existente.
- ✓ GAS: emitido pola empresa Gas Natural Fenosa con data de maio de 2.011, no que se achegan uns planos nos que se indica o punto de entronque coa rede existente.
- ✓ SUMINISTRO DE ENERGÍA ELÉCTRICA: O informe foi solicitado o igual que os anteriores, á empresa subministradora, sen que se contestara ata a fecha.

- INFORMES PREVIOS Á APROBACIÓN INICIAL; solicitáronse previo á aprobación inicial os seguintes informes sectoriais:

- ✓ AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS: FAVORABLE.
- ✓ DEPUTACIÓN DE A CORUÑA. FAVORABLE. Coa observación de que parte dun viario provincial é susceptible de transferencia ao concello.
- ✓ AVIACIÓN CIVIL. FAVORABLE.
- ✓ AUGAS DE GALICIA. FAVORABLE.

- APROBACIÓN INICIAL E INFORMACIÓN PÚBLICA. EXPOSICIÓN, ALEGACIÓNS E INFORMES.

A Xunta de Goberno Local en sesión de 5 de xullo de 2012 aproba inicialmente o Plan de Sectorización do ámbito I establecido na modificación puntual do PXOM de Narón para a modificación do SRAU do polígono industrial do Río do Pozo.

Esta aprobación publicase no DOG nº 132 de 11 de xullo de 2012 e BOP nº 130 de 10 de xullo de 2012 así como na Voz de Galicia e Diario de Ferrol de data 12 de xullo de 2012 e notificase de maneira individualizada aos titulares catastrais.

Realízase a exposición pública en dependencias do concello polo prazo dun mes e recóllense un total de sete alegacións, que son parcialmente recollidas segundo o disposto no informe de alegacións.

Solicítanse os seguintes informes sectoriais:

- ✓ AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS: FAVORABLE.
- ✓ AUGAS DE GALICIA: FAVORABLE.
- ✓ PATRIMONIO: FAVORABLE.
- ✓ DEPUTACIÓN DA CORUÑA. FAVORABLE.
- ✓ SUBDIRECCIÓN XERAL DE REDES E OPERADORES DE TELECOMUNICACIÓNS DO MINISTERIO DE INDUSTRIA, ENERXÍA E TURISMO. CONTEN UNHA SERIE DE OBSERVACIÓNS QUE SE COMPLETAN NO PRESENTE PLAN DE SECTORIZACIÓN.

- APROBACIÓN PROVISIONAL.

O plan de sectorización foi aprobado provisionalmente pola Xunta de Goberno Local de 8 de novembro de 2012. A continuación e mediante escrito de 9 de novembro de 2012, solicitouse á CMATI a emisión do informe previo á aprobación definitiva previsto no artigo 86.1.d) da LOUG. Por parte da CMATI requiriuse documentación adicional, que o Concello aprobou provisionalmente na Xunta de Goberno Local de 13 de decembro de 2012.

- INFORME PREVIO Á APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN DE SECTORIZACIÓN..

Mediante escrito de 18 de xaneiro de 2013, que tivo entrada no Concello de Narón o 22 de xaneiro (registro de entrada 1196) recibíuse o informe previo á aprobación definitiva do plan de sectorización. O informe emitíuse en senso FAVORABLE condicionado á cumprimentación das observacións formuladas nos apartados II.5, II.6 e II.7 do informe. Ditas observacións cumprimentáronse mediante a corrección parcial dos artigos 40.4. e 52 da normativa así como do informe de sostibilidade económica do plan de sectorización. Así mesmo introdúcense as modificacións derivadas do informe da Subdirección Xeral de redes e operadores de telecomunicacións do Mº de Industria, enerxía e turismo.

A Coruña, xaneiro de 2.013
Fdo. Os arquitectos

Alfredo Garrote Pazos
Col. 1440COAG

Mónica Mesejo Conde
Col. 1475COAG

Iria Pérez Miranda
Col. 3194COAG

Ignacio Lázaro Quintela
Col. 3877COAG

B- ORDENANZAS REGULADORAS.

TITULO 1.- DISPOSICIÓN DE CARÁCTER XERAL E TERMINOLOXÍA DE CONCEPTOS

CAPITULO 1.- DISPOSICIÓN DE CARÁCTER XERAL.

Art.1. Xeneralidades.

1. As presentes ordenanzas teñen por obxecto establecer a regulamentación dos usos dos terreos e a edificación pública e privada no ámbito do presente plan de sectorización, todo elo de acordo coas especificacións contidas no Plan Xeneral de Ordenación Municipal de Narón (PXOM), na Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia coas súas sucesivas modificacións (LOUG) e no Regulamento de Planeamento Urbanístico (RPU).

Art. 2. Natureza, ámbito e vixencia.

1. O presente plan de sectorización desenvolve e establece a ordenación pormenorizada do ámbito I definido na modificación puntual do PXOM para a modificación do SRAU do entorno do polígono de Río do Pozo.

2. O plan de sectorización entrará en vigor cando se teñan producido todas as esixencias contidas no artigo 92º de la LOUG. A súa vixencia será indefinida, en tanto en canto non varíen os criterios adoptados para a súa formulación e se proceda, en consecuencia, á súa revisión ou modificación por concorrer as circunstancias que se establecen na LOUG.

3. As presentes ordenanzas serán de aplicación obrigatoria para a redacción de estudos de detalle, proxectos de urbanización, reparcelación, edificación e parcelación. Tanto en actuacións privadas como de carácter público que se pretendan realizar dentro do ámbito do plan de sectorización.

4. Tamén serán de obrigado cumprimento as condicións establecidas na lexislación sobre accesibilidade e supresión de barreiras e todo o resto da lexislación sectorial aplicable.

Art. 3. Relación co PXOM do concello de Narón.

En todos os puntos non desenvolvidos no presente plan de sectorización se estará o disposto no PXOM de Narón.

Art. 4. Cumprimento da lexislación en materia de Augas.

1. Zona de servidume:

1.1. A zona de servidume para uso público terá os fins seguintes:

- a) Protección del ecosistema fluvial e do dominio público hidráulico.
- b) Paso público peonil e para o desenvolvemento dos servizos de vixilancia, conservación e salvamento, agás que por razóns ambientais ou de seguridade o organismo de conca considere convinte a súa limitación.
- c) Varado e amarre de embarcacións de forma ocasional e no caso de necesidade.

1.2. Os propietarios destas zonas de servidume poderán libremente sementar e plantar especies non arbóreas, sempre que non deteriorenen o ecosistema fluvial ou impidan o paso sinalado no apartado anterior.

As talas ou plantacións de especies arbóreas requirirán autorización do organismo de conca.

1.3. Con carácter xeral non se poderá realizar ningún tipo de construción nesta zona agás que resulte convinte ou necesaria para o uso do dominio público hidráulico ou para a súa conservación e restauración. Só poderán autorizarse edificacións na zona de servidume en casos moi xustificados

As edificacións que se autoricen se executarán nas condicións menos desfavorables para a protección da propia servidume e coa mínima ocupación da mesma, tanto no seu solo como no voo. Deberá garantirse a efectividade da servidume, procurando a súa continuidade ou a súa ubicación alternativa e a comunicación entre as áreas do seu trazado que queden limitadas ou restrinxidas por aquela.

2. Zona de Policía.

2.1. Na zona de policía de 100 m de largo medidos horizontalmente a partir do leito quedan sometidos o disposto no RDPH as seguintes actividades e usos do solo:

- a) As alteracións substanciais do relevo natural do terreo.
- b) As extraccións de áridos.
- c) As construcións de todo tipo, teñan carácter definitivo ou provisorio.
- d) Calquera outro uso ou actividade que supoña un obstáculo para a corrente en réxime de avenidas ou que poida ser causa de degradación ou deterioro do estado da masa de auga, do ecosistema acuático, e en xeral do dominio público hidráulico.

2.2. Sen prexuízo da modificación dos límites da zona de policía, cando concorran algunha das causas sinaladas no artigo 6.2 do Texto Refundido de la Ley de Aguas, a zona de policía poderá ampliarse, si elo fora necesario, para incluír a zona ou zonas onde se concentra preferentemente o fluxo, o obxecto específico de protexer o réxime de correntes en avenidas, e reducir o risco de produción de danos en persoas e bens. Nestas zonas ou vías de fluxo preferente só poderán ser autorizadas polo organismo de conca aquelas actividades non vulnerables fronte as avenidas e que no supoñan unha redución significativa da capacidade de desaugadoiro de dita vía.

A zona de fluxo preferente e aquela zona constituída pola unión da zona ou zonas onde se concentra preferentemente o fluxo durante as avenidas, ou vía de intenso desaugadoiro, e da zona onde, para a avenida de 100 anos de período de retorno, se poidan producir graves danos sobre as persoas e os bens, quedando delimitado o seu límite exterior mediante a envolvente de ambas zonas.

Os efectos da aplicación da definición anterior, se considerará que poden producirse graves danos sobre as persoas e os bens cando as condicións hidráulicas durante a avenida satisfagan un ou mais dos seguintes criterios:

- a) Que o calado sexa superior a 1 m.
- b) Que a velocidade sexa superior a 1 m/s.
- c) Que o produto de ambas variables sexa superior a 0,5 m²/s.

Se entende por vía de intenso desaugadoiro a zona pola que pasaría a avenida de 100 anos de período de retorno sen producir unha sobreelevación maior que 0,3 m, respecto da cota da lámina de auga que se produciría con esa mesma avenida considerando toda a chaira de inundación existente. A sobreelevación anterior poderá, a criterio do organismo de conca, reducirse ata 0,1 m cando o incremento da inundación poida producir graves prexuízos ou aumentarse ata 0,5 m en zonas rurais ou cando o incremento da inundación produza danos reducidos.

Na delimitación da zona de fluxo preferente empregárase toda a información de índole histórica e xeomorfolóxica existente, a fin de garantir a adecuada coherencia dos resultados coas evidencias físicas

disponibles sobre o comportamento hidráulico do río.

2.3. A modificación dos límites da zona de policía, cando concorran algunhas das causas sinaladas no artº 9.2. do RDPH, só poderá ser promovido pola Administración Xeral do Estado, autonómica ou local.

A competencia para acordar a modificación corresponderá ao organismo de conca, debendo instruír o efecto o oportuno expediente no que deberá practicarse o trámite de información pública e de audiencia aos concellos e comunidades autónomas, no territorio no que se atopan os terreos gravados e aos propietarios afectados. A resolución deberá ser publicada, a lo menos, no Boletín Oficial das provincias afectadas.

2.4. A execución de calquera obra ou traballo na zona de policía de leitos precisará autorización administrativa previa do organismo de conca, sen prexuízo dos supostos especiais regulados no RDPH. A devandita autorización será independente de calquera outra que teña que ser outorgada polos distintos órganos das Administracións públicas:

- a) Para realizar calquera tipo de construción na zona de policía dos leitos, esixirase a autorización previa do Organismo de Conca, agás que o correspondente plan xeral de ordenación municipal, outras figuras do ordenamento urbanístico ou plans de obras da administración, foran informados por este organismo e recollisen as oportunas previsións presentadas a eses afectos.
- b) Á petición referida uniranse plano de planta que inclúa a construción e marxes dos leitos, cun perfil transversal polo punto de emprazamento da construción máis próxima ao leito, na que ficarán reflectidas as posibles zonas exentas de edificios.
- c) A tramitación será a sinalada nos artigos 52 ao 54 do Regulamento do D.P.H.
- d) Os Organismos de Conca notificarán ao Concello sobre das peticións de autorización de construción de zona de policía de leito, así como as resolucións que nela recaian para os efectos do posible outorgamento da correspondente licenza de obras.

Art. 5. Alcance normativo dos documentos.

1. O alcance do presente plan de sectorización se deriva do contido normativo dos documentos que o integran: ordenanzas reguladoras, estudo económico, plan de etapas e planos de ordenación que terán carácter obrigatorio.

2. Os planos a escala que constitúen a base gráfica sobre a que se debuxou a planimetría terá o carácter de cartografía oficial e o seu uso será obrigatorio para reflectir o emprazamento e as determinacións de calquera actuación de planeamento ou petición de licenza urbanística no ámbito do plan.

Art. 6. Desenvolvemento obrigatorio

Para a execución do presente plan de sectorización, se formulará/n e aprobará/n obrigatoriamente o/s correspondente/s proxecto/s de urbanización e instrumento/s de equidistribución de acordo co establecido nas presentes ordenanzas e na lexislación vixente.

Art. 7. Proxectos de urbanización.

1. Os proxectos de urbanización son proxectos de obras que teñen por finalidade executar os servizos e as dotacións establecidas no presente plan de sectorización.

2. En ningún caso poderán modificar as previsións do plan de sectorización sen prexuízo de que poida efectuar as adaptacións esixidas pola execución material das obras.

3. O contido e documentación mínima que deberán conter os proxectos de urbanización é o determinado no artigo 110º da LOUG e no artigo 69 do RPU.

4. O proxecto de urbanización durante a súa tramitación deberá solicitar das administracións públicas competentes os informes sectoriais que resulten necesarios.

Art. 8. Sistema de actuación.

1. Se fixa como sistema de actuación o de COMPENSACIÓN.

2. Non obstante o anterior, este sistema poderá ser modificado ou substituído por outro cando se dean as circunstancias que se establecen no artigo 127 da LOUG e de conformidade co procedemento establecido no mencionado artigo.

Art. 9. Instrumento de equidistribución.

1. O instrumento de equidistribución se adaptará o establecido na LOUG e no Regulamento de Xestión Urbanística aprobado por Real Decreto 3288/1978, de 25 de agosto.

2. O instrumento deberá reflectir a distribución xusta de cargas e beneficios da ordenación.

3. No instrumento de equidistribución se establecerán as parcelas resultantes, indicando para cada unha delas a máxima intensidade de uso.

Art. 10. Proxectos de parcelación

Tras a aprobación definitiva do instrumento de equidistribución se poderán presentar proxectos de parcelación que cumprarán as condicións establecidas no presente plan de sectorización.

CAPITULO 2.- TERMINOLOXÍA DE CONCEPTOS.

Art. 11. Parcela edificable e parcela mínima.

1. Parcela edificable é a superficie de solo cualificada por cada ordenanza zonal correspondente, que cumpre coas condicións establecidas nela para poder materializar a edificación prevista neste plan.

2. Parcela mínima, é a superficie mínima de parcela edificable, establecida pola ordenanza correspondente.

Art. 12. Cuarteirón ou mazá.

É o conxunto de parcelas que, sen solución de continuidade, quedan comprendidas entre viais e/ou espazos libres públicos determinados no plan de sectorización.

Art. 13. Polígonos.

1. Os polígonos que se delimitan no presente plan de sectorización configúranse como os ámbitos territoriais que comportan a execución integral do planeamento, de forma que permitan o cumprimento conxunto dos deberes de cesión, urbanización e de xusta distribución de cargas e beneficios na totalidade da súa superficie.

2. A delimitación dos polígonos definidos neste plan de sectorización poderá ser reaxustada, de oficio ou por instancia de parte, segundo os trámites procedementais sinalados polo artigo 117 da LOUG, sen alterar en ningún caso a ordenación urbanística establecida polo plan nin implicar unha variación da superficie superior ao 20% do ámbito delimitado.

Art. 14. Fase urbanizadora.

É a execución dunha parte das obras de urbanización, que deberá ser desenvolvida mediante o correspondente proxecto de urbanización.

Art. 15. Lindeiros.

Son as liñas perimetrais que delimitan parcelas e separan unhas de outras. Con respecto a súa posición os lindeiros clasifícanse en:

- lindeiro frontal: o que delimita a parcela coa vía ou vías públicas de acceso.
- lindeiro posterior: o que separa a parcela pola súa parte oposta á frontal.
- lindeiros laterais: os restantes lindeiros distintos do frontal e do posterior.

Art. 16. Rasante.

É a liña que determina a inclinación dun terreo ou pavimento respecto do plano horizontal. Distínguense dous tipos de rasantes:

- rasante de calzadas e beirarrúas: é o perfil lonxitudinal do viario, que se define no presente plan de sectorización e que se concretará no correspondente proxecto de urbanización.
- rasante do terreo: é a que corresponde o perfil do terreo natural (cando non experimentara ningunha transformación) ou artificial (despois das obras de explanación, desmorte ou recheo que supoñan unha alteración da rasante natural).

Art. 17. Recuado.

1. É a franxa de terreo comprendida entre os lindeiros da parcela e as liñas de fachada da edificación, que deberá quedar libre de construcións.
2. O recuado será frontal, posterior ou lateral dependendo de que se trate da franxa de terreo comprendida entre a edificación e o lindeiro correspondente.
3. Os recuados obrigatorios se definen en cada ordenanza particular.
4. O recuado medírase perpendicularmente o lindeiro correspondente en tódolos puntos do mesmo.

Art. 18. Liña de fachada ou de edificación.

É a que delimita a superficie de ocupación da parcela, unha vez aplicados os recuados obrigatorios respecto da vía pública e dos demais lindeiros.

Art. 19. Superficie ocupada.

É a proxección vertical da edificación sobre o terreo. Para o computo da superficie ocupada non se terán en conta os aleiros ou marquesiñas, sempre que a lonxitude en perpendicular á fachada non supere os 50 cms.

Art. 20. Coeficiente de ocupación.

É a porcentaxe que representa a superficie ocupada en relación á superficie de parcela.

Art. 21. Superficie máxima edificable ou construíble.

1. A superficie edificable é a que resulta de sumar as superficies construídas das diferentes plantas que

integran a edificación.

2. A superficie máxima edificable que pode realizarse sobre unha parcela, é a resultante de aplicar o índice máximo de edificabilidade establecido na ordenanza particular correspondente sobre a superficie neta da parcela, entendendo como tal a cualificada pola ordenanza.

Art. 22. Altura da edificación

1. É a comprendida entre a rasante da parcela ou da beirarrúa e a cara inferior do forxado de cuberta ou do tirante da cercha ou da parte inferior das vigas que forman a cuberta da edificación, segundo o caso de que se trate.

2. Dita rasante non poderá superar en máis ou menos unha diferenza con respecto o nivel da beirarrúa, medida nun punto medio do lindeiro frontal, equivalente á diferenza de cotas entre os puntos extremos de dito lindeiro.

Art. 23. Altura de planta.

É a comprendida en cada planta entre caras superiores de forxado ou entre nivel de piso e tirante da cuberta, segundo os casos.

Art. 24. Altura libre de planta.

É a comprendida entre dous forxados consecutivos. Cando se trate de naves, a altura de planta e a altura libre de planta considerárase equivalente.

Art. 25. Índice de edificabilidade de parcela.

É o cociente que resulta de dividir a superficie construíble total na parcela pola superficie da mesma. Exprésase en m^2/m^2 .

Art. 26. Edificación illada.

É a edificación construída en parcela independente con obriga de recuarse en tódolos seus lindes.

Art. 27. Edificación apareada.

É a agrupación formada por dous edificios acaroados por un dos seus lindes mantendo o recuado obrigatorio nos restantes.

Art. 28. Edificación aliñada ou en fieira.

É a agrupación formada por varios edificios acaroados polos seus lindes laterais, menos nos extremos, onde só está acaroados a un.

TITULO 2.- RÉXIME URBANÍSTICO DO SOLO.

Os artigos que seguen teñen por finalidade regular o réxime urbanístico do solo na totalidade da superficie que abarca o plan de sectorización e fixar as condicións que deben cumprir os plans e proxectos que desenvolven a ordenación.

CAPÍTULO 1.- ZONIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN DO SOLO.

Art. 29. Cualificación dos terreos.

No presente plan de sectorización se establece unha ordenación detallada dos terreos incluídos dentro do seu ámbito, distinguindo:

- ZONAS DE DOMINIO E USO PÚBLICO.
 - Espazos libres.
 - Equipamentos públicos.
 - Pantalla verde.
 - Servizos técnicos.
 - Viario.
- ZONAS DE USO LUCRATIVO OU PATRIMONIAL.
 - Industrial-terciario.

CAPÍTULO 2.- PARCELACIÓNS URBANÍSTICAS.

Art. 30. Definición.

1.- Considerarase parcelación urbanística, a división de terreos en dous ou máis lotes ou porcións a fin da súa urbanización ou edificación, xa sexa en forma simultánea ou sucesiva.

2. Toda parcelación urbanística deberá acomodarse ó disposto neste plan de sectorización en virtude do establecido na LOUG.

Art. 31. Tipos de parcelas.

Establécese como única categoría a parcela de industria grande ou illada con superficie igual ou superior a 2500 m². Dentro de esta categoría establécense as seguintes subcategorías:

- ILLADA C-1: con superficie comprendida entre 2.500m² e 4.000m².
- ILLADA C-2: con superficie comprendida entre 4.001m² e 10.000m².
- ILLADA C-3: con superficie maior de 10.000m².

Art. 32. Agrupación e segregacións de parcelas.

1. Agrupación: Permítese agrupar parcelas para formar outras de maiores dimensións. As parcelas resultantes estarán suxeitas ás prescricións sinaladas nestas ordenanzas para o novo tamaño obtido.

2- Segregación: Poderanse dividir parcelas para formar outras de menor tamaño sempre que cumpran cos requisitos seguintes:

- A superficie das parcelas resultantes non será menor da esixida en cada quinteiro ou mazá, segundo a ordenanza particular de aplicación.

- Cada unha das novas parcelas, cumprarán cos parámetros reguladores da ordenación establecida no plan de sectorización.
- Si con motivo da subdivisión de parcelas fora preciso realizar obras de urbanización, estas realizaranse con cargo o titular da parcela orixinaria.
- As segregacións de parcelas serán obxecto de licenza municipal.

Art. 33. División horizontal.

Nas parcelas de uso industrial , tanto nas construídas parcialmente coma nas edificadas na súa totalidade, para as que se propoña ou prevea división horizontal da propiedade, a efectos do aproveitamento materializado, a superficie a considerar será a máxima. A división destas naves deberá cumprir as seguintes condicións:

- A superficie libre de parcela constituirá un pro indiviso.
- As distintas unidades contarán con acceso independente.
- Deberán especificarse en proxecto e sinalizarse na obra as prazas de aparcamento esixidas pola ordenanza.
- Non poderán existir mais accesos dende a vía pública nin mais vaos que os que correspondan a razón de un por cada 15 metros de fachada, estando limitada a súa anchura a un máximo de 5 metros. Ademais destes accesos directos as naves permitiranse os correspondentes ás rúas de circulación interior.
- As acometidas de servizos urbanísticos serán únicas para cada parcela, sen prexuízo da existencia de contadores individuais.
- A solución arquitectónica do conxunto debe ser unitaria ou adaptarse as condicións establecidas no presente plan que garantan o tratamento común das fachadas.

CAPÍTULO 4.- NORMAS DE URBANIZACIÓN.

Art. 34. Xeneralidades.

A execución das obras de urbanización, infraestruturas e servizos xerais que se contemplan nos proxectos de urbanización deberán respectar o establecido no apartado 5.4. da MEMORIA do presente plan de sectorización, así como nas ordenanzas municipais e na normativa técnica e sectorial de aplicación.

TITULO 3.- NORMAS DA EDIFICACIÓN.

CAPÍTULO 1.- CONDICIÓN TÉCNICAS DAS OBRAS EN RELACIÓN COAS VÍAS PÚBLICAS.

Art. 35. Licencias.

1. Estarán suxeitos a previa licenza, todos os actos de edificación e uso do solo previstos na LOUG, así como no Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia aprobado por Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro.
2. O Concello fixará os avais que garantan a reparación dos desperfectos que se puideran ocasionar nas vías públicas orixinados pola execución das obras.

Art. 36. Acceso a parcelas.

O ancho de cada un dos accesos a cada parcela non serán superiores a 5 metros, agás casos debidamente xustificadas e que deberán ser autorizados pola Corporación Municipal. O propietario da parcela quedará obrigado a reparalos danos nas vías públicas e servizos urbanísticos debidos á construción destes accesos.

Art. 37. Niveis de edificación e rampas.

1. En cada plano perpendicular o lindeiro frontal, as rasantes deberán quedar comprendidas entre as rectas que con pendentes +15% que teñen o seu orixe no lindeiro a nivel de beirarrúa.
2. Cando polo desnivel do terreo sexa necesario establecer rampas de acceso no interior da parcela, estas terán unha pendente máxima do 16%. Antes da súa conexión á vía pública, disporase un tramo de acordo con lonxitude non inferior a 5 metros contados a partir do lindeiro frontal da vía pública en dirección o interior da parcela, cunha pendente inferior o 2%.

Art. 38. Construcións en parcelas.

Prohíbese empregar as vías públicas como depósito de materiais ou para a elaboración de formigóns e morteiros das obras a realizar no interior das parcelas. O promotor das obras, será o responsable dos danos ocasionados nas vías públicas como consecuencia das obras.

Art. 39. Aparcamento de vehículos.

1. Das prazas de dominio público previstas no plan de sectorización, se reservarán a lo menos 21 prazas de estacionamento adaptadas para usuarios con mobilidade reducida, cuxas dimensións serán as que se establezan na normativa de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas. O resto das prazas terán unhas dimensións mínimas de 2,50 metros por 5 metros.
2. O número de prazas de aparcamento no interior das parcelas dependerá do uso principal o que se destine a instalación prevista; industrial, terciario ou compatible. A dotación se establece na ordenanza particular.
3. As prazas irán especificadas nos proxectos edificatorios, demostrando que se da cumprimento á dotación correspondente en cada caso.
4. As condicións das zonas exteriores de aparcadoiro e carga e descarga, cumprirán coas condicións seguintes:

- Contarán con pavimentación adecuada e de recollida de augas superficiais, entregándoas á rede de

pluviais.

- Destinaranse en exclusiva a este uso, non se permiten usos de almacenamento, fabricación, venda, que estarán cubertos e computados dentro da superficie construída.
- O resto do espazo libre da parcela estará pavimentado ou axardinado, e contará con drenaxe para a recollida, das augas superficiais no interior da parcela.

5. Das prazas de aparcamento previstas no interior das parcelas, farase a reserva de prazas adaptadas para usuarios con mobilidade reducida que se determinen na normativa de aplicación en materia de accesibilidade e supresión de barreiras.

6. As prazas de aparcamento previstas no interior das parcelas poderanse acaroar os lindeiros laterais e cubrirse con cubertas lixeiras sen computar ocupación nin edificabilidade.

CAPÍTULO 2.- CONDICIÓN DA EDIFICACIÓN.

Art. 40. Condicións xerais.

1. Cerramentos de parcela.

- O límite da parcela coas vías públicas de acceso e o resto dos lindeiros pecharase cun cerramento cuxo deseño deberá constar no proxecto da edificación a construír na parcela ou nun documento independente onde queden claras as súas características formais e materiais.
- A altura total do cerramento non poderá superar a altura de dous metros en ningún punto do contorno da parcela. De maneira xustificada poderá superarse esta altura en determinadas actividades establecendo as medidas correctoras pertinentes.
- A construción do cerramento no lindeiro común de dúas parcelas correrá a cargo da industria que primeiro se estableza, debendo abonarlle a segunda o gasto proporcional da obra antes de que proceda a construción do seu edificio.
- No suposto de parcelas lindeiras con grandes diferenzas de rasante entre elas, construíranse muros para a contención das terras, a sufragar por partes iguais entre os propietarios das dúas parcelas.
- As condicións de carácter medioambiental e integración paisaxística dos cerramentos, se determinan no título 5 desta normativa.

2. Edificios no interior de parcela.

- No caso de edificios independentes dentro dunha mesma parcela, a separación mínima entre eles será de seis metros.

3. Patios.

- Permítese patios abertos ou pechados. A súa dimensión debe permitir, inscribir na súa planta un círculo de diámetro igual á altura da mais alta das edificacións, si estas teñen locais vivideiros, ou a metade do diámetro se os ocos que dan o patio pertencen a zonas de paso ou almacéns.

4. Sotos e semisotos.

- Se permite a construción de plantas soto e semisoto.
- Considérase planta soto a situada íntegramente no subsolo ou baixo rasante.
- Considérase planta semisoto a que sobresaia da rasante do terreo un máximo de 1,50 m ata a cara superior do forxado.
- As plantas construídas no subsolo – plantas soto- con destino a aparcamentos, instalacións de servizo do edificio como as de calefacción, electricidade, gas ou análogas, así como instalacións

vinculadas o proceso de fabricación, non computarán na superficie construída.

- No caso de que a planta soto ou semisoto se destine a aparcadoiro, deberán cumprir coas determinacións normativas do PXOM, así como a normativa técnica de aplicación en materia de seguridade, habitabilidade, salubridade e accesibilidade para este uso.

- No caso de que a planta soto ou semisoto se destine a local de traballo, deberá reunir as condicións de iluminación, ventilación e hixienico- sanitarias esixidas na lexislación vixente.

5. Ocupación sobre parcela.

- A ocupación máxima da edificación sobre cada parcela se establece en cada ordenanza particular.

- A efectos de ocupación máxima, será computable a superficie ocupada polos equipos de proceso de fabricación exteriores ás naves.

CAPÍTULO 3.- CONDICIÓN DE VOLUME.

Art. 41. Superficie construída computable.

1. Se computarán na superficie construída os seguintes elementos edificatorios:

- A superficie construída de todas as plantas do edificio, calquera que sexa o uso o que se destinen, incluídas as construídas no subsolo e os aproveitamentos baixo cuberta, coa única excepción das superficies construídas no subsolo que se destinen a aparcamentos ou a instalacións de servizo o edificio ou o proceso de fabricación.

- Tamén se computarán as terrazas, balcóns ou corpos voados que dispoñan de cerramento por tres dos seus lados.

- As construcións secundarias sobre espazos libres de parcela sempre que da disposición do seu cerramento poida deducirse que se consolida un volume pechado e de carácter permanente.

Art. 42. Elementos excluídos da superficie construída computable.

1. Quedan excluídos do conxunto do volume:

- Os patios interiores descubertos.

- Os soportais, plantas diafanos porticadas e marquesiñas, que que en ningún caso poderán ser obxecto de pechamento posterior, aínda que si computarán ocupación e seranlles aplicables os recuamentos correspondentes.

- Os equipos de proceso de fabricación exteriores ás naves, tales como bombas, tanques, torres de refrigeración, chimeneas, etc... tampouco computarán ocupación sempre e cando non se atopen no interior dunha construción auxiliar.

- Os elementos ornamentais de remate de cuberta e os que correspondan a escaleiras, aparatos elevadores ou elementos propios das instalacións do edificio (tanques de almacenamento, acondicionadores, torres de procesos, paneles de captación de enerxía solar, chimeneas, etc...).

CAPÍTULO 4.- CONDICIÓN DE USO.

Art. 43. Regulación dos usos.

1. No ámbito do presente plan de sectorización se consideran os seguintes tipos de usos,

- USO CARACTERÍSTICO: O uso característico é o principal o que se destinará cada parcela de acordo coas normas particulares de aplicación para cada una das zonas ou quinteiros que se establecen nos planos de ordenación.
- USOS PERMITIDOS OU COMPATIBLES: Serán os subordinados ou vinculados o uso característico que se establecen na ordenanza particular.
- USOS PROHIBIDOS OU INCOMPATIBLES: Corresponde aos usos non permitidos na correspondente zona de ordenanza.

Art. 44. Uso industrial.

Corresponde ós establecementos dedicados ó conxunto de operacións que se executan para a obtención e transformación de primeiras materias, así como a súa preparación para posteriores transformacións, incluídos o envasado, o transporte e a distribución. Inclúense tamén neste uso de Industria os «almacéns», comprendendo como tales os espazos destinados á garda, conservación e distribución de produtos naturais, materias primas ou artigos manufacturados con exclusiva subministración a maioristas, minoristas, instaladores, fabricantes e distribuidores e, en xeral, os almacéns sen servizo directo ó público.

Art. 45. Uso terciario.

1. Engloba os usos comercial, oficinas, hoteleiro, e recreativo e de ocio e comprende os espazos e locais destinados a actividades terciarias de carácter xeral, incluíndo os de índole comercial de venda de servizos de carácter privado, artesáns, así como os abertos ao uso público destinados a compravenda de mercadorías polo miúdo (comercio minorista en xeral); a prestar servizos administrativos, técnicos, financeiros, de información ou outros, de carácter público ou privado, así como os despachos dos profesionais; ou a procurar servizos privados á poboación (perruquería, bares, etc.); e ó recreativo, espectáculos e lecer (centros de reunión, salas de xogo, discotecas, bares, restaurantes, cines, teatros, etc).

- USO COMERCIAL: Establecementos comerciais de venda de todo tipo de produtos, alimentarios ou non, e pequenas actividades artesanais, cerámica, vimbio, etc. ou outros análogos. Agrupacións Comerciais que integran varias firmas comerciais con accesos e instalacións comúns, en forma de galerías, centros e complexos comerciais. Superficies comerciais nos cales a actividade comercial teña lugar en establecementos que operan baixo unha soa firma comercial. Grandes superficies comerciais con agrupación, ou non, de pequenos ou medianos comercios. Estacións de servizo reguladas por la Instrución Técnica Complementaria MI-IP 04, de "Instalacións para suministro a vehículos", aprobada mediante Real Decreto 1523/1999, de 1 de outubro
- USO OFICINAS: Despachos e consultas profesionais, asociados a outros usos ou illados. Oficinas privadas con ou sen atención ó público, asociadas a outros usos ou illadas. Oficinas da Administración sen atención ó público.
- USO HOTELEIRO: Comprende os espazos e locais destinados a actividades terciarias hostaleiras para o aloxamento temporal e os seus usos complementarios.
- USO RECREATIVO E DE OCIO:
 - Establecementos de bebidas, cafés e restauración en tódolos casos con ou sen espectáculos. Establecementos de reunión e espectáculos en locais pechados tales como pubs, salas de festa, discotecas, salóns recreativos, academias de música ou baile etc.

- Establecementos de espectáculos e actividades recreativas en locais pechados específicos, como cines, teatros, circos, ou salas de concertos, con asentos fixos etc.
- Dentro deste uso considéranse incluídos tódolos locais e usos recollidos no Catálogo de Espectáculos Públicos, Actividades Recreativas e Establecementos Públicos do Decreto 292/2004 de 18 de novembro, modificado polo 160/2005 de 2 de xuño.

Art. 46. Uso Garaxe - aparcamento.

1. Enténdese como aparcamento o espazo destinado á estancia de vehículos, que non constitúe estacionamento na vía pública. Cando se localiza en espazo edificado adquire a condición de garaxe.
2. Considéranse incluídos, dentro deste uso, os locais para o servizo de lavado do automóbil e lugares anexos de paso e espera.

Art. 47. Uso dotacional de equipamento.

1. Engloba os usos educativo, sociocultural, asistencial, sanitario, servizo público, administración pública, e deportivo.
2. Corresponde ós espazos e locais destinados a actividades dotacionais ou de equipamentos, de uso público ou colectivo e dominio tanto público como privado.

- USO EDUCATIVO: Comprende os edificios, espazos ou locais destinados á formación intelectual das persoas mediante o ensino dentro de calquera nivel regulado e os ensinos non regulados públicos ou privados, centros de ensino primario, centros de ensino secundario, institutos de ensino secundario, postobrigatorio (IESP), centros de ensino universitario ou destinados á investigación, outros ensinos oficiais (Conservatorio de música, Educación física e deporte, etc.), ensino de actividades non reguladas pola Administración (servizos de ensino en xeral) e centros de formación ocupacional-escolas taller.

- USO SOCIOCULTURAL: Comprende os edificios, espazos ou locais destinados á conservación, transmisión e xénese dos coñecementos (bibliotecas, arquivos, museos, centros de investigación, etc.) e as actividades socioculturais e de relación (centros de asociacións, agrupacións, cívico-sociais, círculos, confrarías, centros parroquiais, etc.).

- USO ASISTENCIAL: Comprende a prestación de asistencia non especificamente sanitaria ás persoas, mediante os servizos sociais de carácter público ou privado. Centros de servizos sociais sen residencia colectiva anexa, tales como club de anciáns, garderías, etc...

Centros de servizos sociais con residencia colectiva, de titularidade pública ou privada, tales como residencias de maiores, centros de acollida infantil ou adultos, etc.

- USO SANITARIO: Comprende a prestación de asistencia médica e servizos cirúrxicos, en réxime ambulatorio ou con hospitalización, e exclúe os que se presten en despachos profesionais. Establecementos sanitarios para a medicina humana sen internamento, de titularidade pública ou privada (ambulatorios, consultas, clínicas odontolóxicas, matronas, enfermeiras, laboratorios análises, etc.). Establecementos sanitarios para a medicina humana con internamento, de titularidade pública ou privada (hospitais, clínicas e sanatorios, etc.). Establecementos veterinarios.

- USO SERVICIO PÚBLICO: Cando a dotación se destina á prestación de servizos públicos, pola administración ou por particulares. Instalacións para a provisión de produtos de alimentación para o abastecemento da poboación como mercados centrais, mercados de distrito, ou outros similares.

- Instalacións destinadas ó mantemento e limpeza dos espazos públicos, parques e xardíns, así como outros servizos xerais para a cidade, tales como cantóns de limpeza, centros de hixiene e outros servizos esenciais.
- Instalacións destinadas á salvagarda das persoas e os bens en tódolos seus aspectos: comisarías, parques de bombeiros, centros de formación e academias de policía, etc.
- Instalacións para o acuartelamento dos corpos armados e aqueles outros destinados á administración da xustiza.
- Instalacións relacionadas co velorio, tratamento e depósito ou enterramento de cadáveres ou restos humanos.
- Instalacións públicas ou privadas que presten algún tipo de servizo non incluído nalgún dos anteriores e que non poidan ser incluídos dentro de usos comerciais. Poden incluírse nesta subsección xenérica os recintos feirais, espazos relacionados con actividades esporádicas ou continuadas das persoas, sen carácter sanitario ou residencial
- USO ADMINISTRACIÓN PÚBLICA: Comprende as actividades que prestan as distintas administracións, e os seus organismos autónomos e entidades de dereito público, así como as sedes de organismos públicos. Centros e instalacións da administración local, autonómica ou estatal. Centros, locais ou recintos nos que as administracións realizan as súas actividades e servizos con acceso directo do público ou en réxime de oficinas
- USO DEPORTIVO: Cando se destinan á dotación de instalacións para a práctica do deporte polos cidadáns e ó desenvolvemento da súa cultura física. Locais destinados á práctica e ensino do deporte e a cultura física, así como as instalacións complementarias (saunas, hidromasaxe, vestiarios, aulas de ensino deportivas, ou outras que teñan este carácter complementario). Espazos e locais para a práctica deportiva ó ar libre ou baixo cuberta sen ou con espectadores.

Art. 48. Uso dotacional de Espazos libres e zonas verdes.

Corresponde a todos aqueles espazos non edificadas destinados fundamentalmente ó repouso e ó lecer, así como a garantir a salubridade da poboación e a obtención de mellores condicións ambientais.

Art. 49. Uso dotacional de infraestruturas e servizos.

O uso de infraestruturas e servizos básicos está composto polo conxunto de elementos que fan posible a prestación dos servizos básicos vinculados ás infraestruturas tales como abastecemento de auga, eliminación e tratamento de augas residuais, eliminación de residuos sólidos, subministración eléctrica, telefonía e comunicación, así como os solos de reserva previstos para a ampliación ou novo establecemento destes elementos. Inclúense así mesmo aqueles elementos que son precisos para o funcionamento de instalacións, tales como as instalacións de transporte e transformación de enerxía, así como os de almacenamento e distribución de combustible.

Art. 50. Uso dotacional de mobilidade e viario.

Corresponde ós espazos destinados á mobilidade entre os diversos ámbitos do espazo urbano, tanto das persoas como dos vehículos de transporte, así como os que permiten a permanencia e estacionamento destes. Correspóndese co espazo destinado ó viario destinado á circulación rodada ou peonil.

Art. 51. Uso residencial.

Permítese con carácter excepcional e debidamente xustificado.

Correspondese co uso de vivenda que será destinada exclusivamente para persoal de vixilancia e/ou conservación do sector industrial e/ou terciario, debendo cumprir as seguintes condicións:

1. Cumprirá á normativa de aplicación para uso residencial.
2. En calquera caso será imprescindible que a vivenda en zona industrial- terciario dispoña de:
 - Acceso independente da industria.
 - Illamento e independencia respecto a vibracións ruídos e demais fontes de perturbación.
 - A unidade "vivenda" debe constituír un sector de incendio respecto á industria.
 - A superficie construída máxima da vivenda será de 150 m².

CAPÍTULO 5.- CONDICIÓN DE PROTECCIÓN MEDIOAMBIENTAL, HIXIÉNICAS E DE SEGURIDADE.

Art. 52. Condicións de protección medioambiental.

1. De acordo co sinalado no punto 4 da decisión da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental do 7/7/2011 sobre o presente plan de sectorización, os usos industriais que se instalen no seu ámbito non poderán ter efectos ambientais contaminantes unha vez teñan tramitado, no seu caso, o procedemento de avaliación de incidencia ambiental regulado polo Decreto 133/2008, de 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, ou o que normativamente corresponda.

A tales efectos deberán cumprir coas condicións de protección ambiental que se determinan nos apartados seguintes deste artigo.

2. En materia de emisións gasosas, augas residuais, ruídos, e en xeral, no referente a condicións hixiénicas, se estará o disposto nas ordenanzas do PXOM para o Polígono Industrial Río do Pozo (Título VI Cap.7 Zona 3), Normativa aplicable Municipal ou da Administración competente.

3. Someteranse ao procedemento de avaliación de incidencia ambiental os proxectos, obras e instalacións, así como o seu traslado ou modificacións substancial, das actividades, de titularidade pública ou privada que figuran no anexo I do D 133/2008, de 12 de xullo, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.

4. Así mesmo estarán sometidas a este procedemento aquelas outras actividades que non estando incluídas no anexo I, merezan a consideración de molestas, insalubres, nocivas e perigosas, conforme ás definicións contidas no artigo 13º da Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia.

A Consellería competente en materia de medio ambiente decidirá sobre a necesidade ou non da avaliación de incidencia ambiental das actividades contempladas neste parágrafo. A decisión será motivada e adoptarase de acordo cos criterios obxectivos que se determinan no anexo II do Decreto 133/2008.

5. Pola súa menor incidencia no medio ambiente quedan exceptuadas do procedemento de avaliación ambiental as actividades que se detallan no anexo III.

6. O procedemento para a avaliación de incidencia ambiental, a regulación das licencias das actividades sometidas a este procedemento, a disciplina ambiental e o resto das determinacións nesta materia, virán reguladas polo establecido no Decreto 133/2008, ou norma que o substitúa.

Art. 53. Protección contra os incendios.

Tódalas edificacións que se realicen o amparo destas normas, deberán observar as medidas que respecto

da prevención e protección de incendios se conteña na correspondente ordenanza municipal, no DB-SI do CTE, no Regulamento de Seguridade contra incendios nos Establecementos Industriais (Real decreto 2267/2004, de 3 de decembro) e demais disposicións vixentes de obrigado cumprimento que lle sexan de aplicación.

CAPÍTULO 6.- CONDICIÓN ESTÉTICAS.

Art. 54. Condicións estéticas. Remisión o PXOM de Narón.

En canto ás condicións estéticas, serán de aplicación as establecidas nas ordenanzas do PXOM para o Polígono Industrial Río do Pozo (Título VI. Cap.7 Zona 3).

TITULO 4.- NORMAS PARTICULARES DE CADA ZONA.

ORDENANZA 1ª. ESPAZOS LIBRES E PANTALLA VERDE.

Art. 55. Ámbito de aplicación.

Esta ordenanza é de aplicación nas zonas sinaladas nos planos de ordenación como espazos libres (P1-EL; P2-EL e P3-EL) e pantalla verde (PV).

Art. 56. Regulación dos espazos libres e pantalla verde.

1. O único uso característico e permitido será o indicado na presente normativa como dotacional espazos libres e zonas verdes.
2. Se permite a localización de instalacións necesarias para os servizos técnicos de telecomunicacións, infraestrutura hidráulica e as redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica, gas, abastecemento de auga e saneamento, que serán en todo caso subterráneas.
3. As construcións necesarias para o funcionamento das infraestruturas e servizos técnicos non poderán superar os 25 m² por edificación e terán unha altura máxima de 3,50 metros equivalente a unha planta baixa. As construcións que non sexan soterradas, ocultaranse con barreiras vexetais. A superficie total ocupada por estas construcións non superará o 5% da superficie total da zona.
4. Os espazos libres identificados como P2-EL e P3-EL, manteranse no estado mais natural posible prohibindo calquera tipo de construción e permitindo tan só as instalacións que xustificadamente sexan necesarias. Atendendo a os criterios establecidos no artigo 78º desta normativa.
5. Serán de obrigatoria observancia, os criterios de deseño que se determinan no capítulo 2 do título 5 desta normativa – NORMAS DE PROTECCIÓN AMBIENTAL E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA.

ORDENANZA 2ª. EQUIPAMENTOS

Art. 57. Ámbito de aplicación.

Esta ordenanza é de aplicación nas parcelas sinaladas nos planos de ordenación como equipamentos (P1-EQ; P2-EQ e P3-EQ).

Art. 58. Condicións específicas:

1. Parcela mínima:
 - A parcela P1-EQ, é indivisible.
 - No caso dos quinteiros P2-EQ e P3-EQ, se establece unha superficie mínima de parcela de 5000 m²
2. Tipoloxía edificatoria: Edificación illada.
3. Recuados e separación a lindeiros: 5 metros, tanto respecto do viario como das outras parcelas.
4. Usos:
 - Uso característico: Se establecen para cada unha das zonas de equipamento previstas no presente plan de sectorización, os seguintes usos característicos:
 - P1-EQ: Uso dotacional de equipamento de servizo público.
 - P2-EQ: Uso dotacional de equipamento socio-cultural.
 - P3-EQ: Uso dotacional asistencial.

O concello pleno, por maioría absoluta e sen necesidade de seguir o procedemento de modificación do plan, poderá acordar o cambio destes usos característicos, por outro uso dotacional público distinto, sempre que se manteña a titularidade pública ou se destine a incrementar as zonas verdes e os espazos libres públicos.

- Usos permitidos: Todo o resto dos usos específicos sinalados nas presentes ordenanzas como uso dotacional de equipamento; aparcamento; dotacional de espazos libres e zonas verdes e dotacional de infraestruturas e servizos.

5. Condicións de edificación:

- Coeficiente de ocupación máxima: 50%.

- Índice de edificabilidade máximo: 1,0 m²/m².

- Altura máxima: 11,00 metros.

- Sotos e semisotos: Se permite a construción de plantas soto e semisoto, nas condicións que se determinan no cap. 2 do título 3 destas ordenanzas.

- Construcións permitidas por enriba da altura máxima: Por enriba da altura máxima só se permite a construción da cuberta e os seus elementos asociados, esta non poderá superar en mais de 3 metros a altura máxima permitida. O deseño da cuberta é libre.

6. Outras condicións:

- Prazas de aparcadoiro, se preverá unha praza de aparcadoiro por cada 100m² construídos. Do total de prazas de aparcadoiro previstas, reservaranse as prazas de estacionamento adaptadas que no seu caso, determine a lexislación vixente sobre accesibilidade e supresión de barreiras.

7. Medidas de protección ambiental e integración paisaxística: Aplicaranse os criterios de deseño das edificacións e cerramentos que se determinan no capítulo 3 do título 5 desta normativa.

ORDENANZA 3ª. SERVICIOS TÉCNICOS DE CARÁCTER PÚBLICO.

Art. 59. Ámbito de aplicación.

Esta ordenanza é de aplicación nas zonas sinaladas nos planos de ordenación como servizos técnicos (P2-ST.1 e P2-ST.2).

Art. 60. Condicións específicas:

1. Parcela mínima: A superficie mínima de parcela é a que aparece reflectida nos planos de ordenación.

2. Recuados e separación a lindeiros: Con carácter xeral as edificacións deberanse recuar 5 metros, tanto respecto do viario como das outras parcelas. De maneira xustificada (esixencia da compañía subministradora) os centros de transformación poderanse acaroar as aliñacións frontais do viario.

3. Usos:

- Uso característico: Dotacional de infraestruturas e servizos. O concello pleno, por maioría absoluta e sen necesidade de seguir o procedemento de modificación do plan, poderá acordar o cambio deste uso característico, por outro uso dotacional público distinto, sempre que se manteña a titularidade pública ou se destine a incrementar as zonas verdes e os espazos libres públicos.

- Usos permitidos: aparcamento e dotacional de espazos libres e zonas verdes.

4. Condicións de edificación:

- Coeficiente de ocupación máxima: No se establece.

- Índice de edificabilidade máximo: 1,0 m²/m².
- Altura máxima: Planta baixa = 3,50m.

5. Medidas de protección ambiental e integración paisaxística: Aplicaranse os criterios de deseño das edificacións e cerramentos que se determinan no capítulo 3 do título 5 desta normativa.

ORDENANZA 4ª. VIARIO.

Art. 61. Ámbito de aplicación.

Esta ordenanza é de aplicación nas zonas reservadas neste plan de sectorización para calzadas e aparcamentos e zonas peonís.

Art. 62. Condicións específicas:

1. Condicións de edificación e volume: Non se admite ningún tipo de edificación, tan só os elementos de mobiliario urbano propio destas zonas, tales como bancos, papeleiras, sinalización vertical,.... Así como os elementos necesarios para o funcionamento dos servizos urbanísticos e infraestruturas; armarios de alumado, telecomunicacións, centros de mando,...
2. Usos: O uso característico e único permitido é o dotacional de mobilidade e viario, definido nestas normas.
3. Medidas de protección ambiental e integración paisaxística: Aplicaranse os criterios de deseño do viario e infraestruturas que correspondan, dos determinados no capítulo 1 do título 5 desta normativa.

ORDENANZA 5ª. INDUSTRIAL-TERCIARIO.

Art. 63. Ámbito de aplicación.

Esta ordenanza é de aplicación nas zonas sinaladas nos planos de ordenación como Industrial-Terciario.

Art. 64. Categoría e subcategorías.

1. Establécese como única categoría a illada, coas subcategorías C-1, C-2 e C-3 en función da superficie mínima de parcela que se permite en cada caso.
2. Nos planos de ordenación se indica a subcategoría á que pertence cada quinteiro.

Art. 65. Condicións específicas.

1. Parcela mínima: Será función das subcategorías establecidas no artigo precedente.
 - Subcategoría C-1: Entre 2.500 e 4000 m².
 - Subcategoría C-2: Entre 4001 e 10.000 m².
 - Subcategoría C-3: Maior de 10.000 m².

En todos os casos a fronte mínima a vía pública será de 50 metros.

2. Tipoloxía edificatoria: Edificación illada.
3. Recuados e separación a lindeiros:
 - Recuado a viais: 10 metros.
 - Recuado a lindeiro posterior e laterais: 5 metros.
 - Separacións entre edificios situados nunha mesma parcela: 6 metros.

- De maneira xustificada (esixencia da compañía subministradora) os centros de transformación poderanse acaroar as aliñacións frontais do viario.

4. Usos:

- Uso característico: O uso característico será indistintamente o industrial ou o terciario.
- Usos permitidos: Garaxe-aparcamento; dotacional de equipamento de carácter público ou privado e residencial.

5. Condicións de edificación:

- Coeficiente de ocupación máxima:
 - Quinteiro P1-M1: 32%.
 - Resto dos quinteiros: 52%
- Superficie máxima construíble: A superficie máxima construíble en cada quinteiro é a que figura nos cadros de características que se inclúen no apartado 7 da memoria do presente plan de sectorización. No caso de que se practiquen segregacións, a superficie construíble en cada unha das parcelas resultantes, será proporcional á superficie de cada parcela, de modo que a suma total das superficies construíbles de cada unha das parcelas sexa equivalente o aproveitamento total do quinteiro. Este dato deberase incorporar nos proxectos de reparcelación e parcelación.
- Altura máxima: 12,00 metros. Sobre a altura máxima sinalada, se admitirán unicamente para os usos industriais e previa autorización do Concello, aquelas edificacións e/ou elementos necesarios para o proceso industrial que se contemplan no proxecto técnico de fabricación e/ou almacenamento que se xustifiquen debidamente no correspondente proxecto técnico para a viabilidade do mesmo.
- Sotos e semisotos: Se permite a construción de plantas soto e semisoto, nas condicións que se determinan no cap. 2 do título 3 destas ordenanzas.

6. Outras condicións:

- Prazas de aparcadoiro: A reserva de prazas de aparcadoiro no interior da parcela dependerá do uso a desenvolver na mesma.
 - Uso industrial: 1 praza por cada 200 m² construídos.
 - Uso terciario ou dotacional: 3 prazas por cada 200 m² construídos.

En todo caso reservaranse as prazas de estacionamento adaptadas que no seu caso, determine a lexislación vixente sobre accesibilidade e supresión de barreiras.

7. Medidas de protección ambiental e integración paisaxística: Aplicaranse os criterios de deseño das edificacións e cerramentos que se determinan no capítulo 3 do título 5 desta normativa.

TITULO 5.- AVIACIÓN CIVIL.

Art. 66. Afeccións sobre o territorio.

A totalidade do ámbito do plan de sectorización está incluído nas Zonas de Servidumes Aeronáuticas Legais correspondentes o Aeroporto de A Coruña. No plano que se inclúe neste documento, represéntanse as liñas de nivel das superficies limitadoras das Servidumes Aeronáuticas do Aeroporto de A Coruña que afectan a dito ámbito, as cales determinan a altura respecto do nivel do mar que non debe superar ningunha construción incluídos todos os seus elementos tales como antenas, pararraios, chemineas, equipos de aire acondicionado, caixas de ascensores, carteis, remates decorativos, etc., as modificacións do terreo ou obxecto fixot tales como postes, antenas, aeroxeneradores incluídas ás súas palas, carteis, etc., así como o gálbo do viario ou vía férrea.

Art. 67. Autorizacións en materia de servidumes aeronáuticas.

A execución de calquera construción ou estrutura (postes, antenas, aeroxeneradores incluídas ás súas palas, etc.), e a instalación dos medios necesarios para a súa construción incluídas as grúas de construción e similares, requirira resolución favorable previa da *Agencia Estatal de Seguridad Aérea (AESA)*, conforme a os artigos 29 e 30 do Decreto 584/72 na súa actual redacción.

TITULO 6.- NORMAS DE PROTECCIÓN AMBIENTAL E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA.

CAPÍTULO 1.- CRITERIOS DE DISEÑO DO VIARIO E INFRAESTRUTURAS.

Art. 68. Rede viaria.

1. As vías integrarán no posible especies vexetais, de xeito que todos os espazos verdes queden interconectados cun posible percorrido a pé. Neste senso, as especies de folla caduca son moito máis aconsellables que as coníferas pola maior capacidade filtrante e limpadora das follas. Especies coma os capudres (*Sorbus aucuparia*), espiño albar (*Crataegus monogyna*) de pequeno porte e alta calidade paisaxística son moi interesantes con esta finalidade.
2. Sempre que sexa posible evitárase a construción de muros de formigón, substituíndoos por escollera ou revestíndoos con pedra. As escolleras, noiros e terrapléns revexetaranse con especies que axuden a súa integración co medio.
3. Co obxecto de favorecer a circulación das augas pluviais evitárase na medida do posible unha impermeabilización excesiva e continua do solo.
4. Empregaranse cunetas filtrantes que actuarán como filtros na regulación da calidade das augas. O emprego de cunetas filtrantes de drenaxe incrementará en gran medida unha xestión máis eficaz da auga e do saneamento da ampliación do polígono.
5. A cuneta pode dimensionarse á vontade e coa combinación de geotextís permeables e impermeables as augas poden conducirse cara os regos e os sistemas de drenaxe de pluviais previstos no plan de sectorización. A incorporación de gravas poden completar a disposición destes sistemas de drenaxe que contribúen a un lavado e filtrado pola vexetación das augas pluviais que se recollan.
6. Limitaranse ao máximo o emprego de pavimentos impermeables, utilizando solos porosos sempre que sexa posible, así como materiais de longa duración.
7. Empregaranse os sistemas de drenaxe urbana sostible contidos na Instrucción Técnica para Obras Hidráulicas de Galicia (ITOHG-SAN-1/0) elaborado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e Augas de Galicia.

Art. 69. Xestión da auga.

1. Realízase unha moi coidadosa instalación e faranse regularmente inspeccións das conducións co obxectivo de detectar posibles fugas.
2. Fomentaranse as técnicas de minimización de consumo nas empresas.
3. Utilizaranse especies vexetais aforradoras de auga.
4. Introducíranse sistemas de reutilización da auga, tanto a nivel empresarial como do área empresarial.

Art. 70. Rede de sumidoiros e vertidos.

1. A rede será separativa (augas fecais – augas pluviais), para permitir a fácil reutilización da auga de choiva e/ou a súa entrega total ou parcial os acuíferos.
2. O sistema de sumidoiros se deseñara sempre que sexa posible de xeito que funcione por gravidade, sen ter que recorrer a necesidade de utilización de bombas para a súa evacuación.

Art. 71. Enerxía.

1. Utilizaranse luminarias de baixo consumo na rede de alumado público, fomentándose o seu uso polas empresas que se instalen no mesmo.
2. Nos edificios deberase facer un illamento eficiente dende o punto de vista enerxético, aproveitarase o máximo a iluminación natural e utilizaranse os árbores para preservar os edificios do calor e frío.
4. Maximizarase o uso das enerxías renovables, utilizando mecanismos de captación e transformación da luz solar en enerxía útil.
5. Utilizaranse lámpadas de vapor de sodio de baixa presión xa que emiten nunha estreita liña do espectro, contribuíndo desta maneira á redución da contaminación lumínica. Ademais estas lámpadas son moito máis eficaces e non xeran residuos tóxicos ou perigosos.

Art. 72. Iluminación.

1. Estableceranse os parámetros lumínicos en función das necesidades concretas de cada espazo: non serán iguais as prestacións das áreas axardinadas que no viario principal.
2. Integrarase a iluminación no deseño do polígono tanto dende o punto de vista do tratamento dos espazos estruturantes -viario, áreas axardinadas- como das parcelas interiores.
3. Analizarase a visibilidade nocturna do polígono convertendo así a iluminación nun elemento máis de deseño sen alterar a funcionalidade do mesmo.
4. Utilizaranse lámpadas de vapor de sodio de baixa presión, contribuíndo así a redución da contaminación lumínica.
5. Recoméndase que a altura das luminarias non supere as copas das árbores co obxecto de aproveitar ao máximo a luz e ao mesmo tempo contribuír á súa propagación nos espazos verdes adxacentes.
6. Controlaranse os carteis e soportes publicitarios luminosos. A profusión destes elementos confire una imaxe desordeada e de baixa calidade. Neste senso é máis interesante incorporar o tratamento destes soportes á edificación e á ordenación das parcelas.
7. Utilizarase iluminación nocturna neutra e de baixa intensidade das edificacións e parcelas co obxecto de xerar maior confortabilidade.

Art. 73. Rede de telecomunicacións.

1. Plantexarase o deseño (trazado, dimensionado e número de canalizacións, etc) da rede con visión de futuro, debido á rápida evolución das telecomunicacións e a forma en que este cambio afecta ás empresas, tanto nos aspectos derivados do custe como nos servizos demandados.

Art. 74. Espazos Publicitarios.

1. Estableceranse criterios homoxéneos para todo o conxunto en canto á publicidade estática, mediante a correspondente ordenanza municipal.
2. Evitarase a saturación visual froito da proliferación de carteis, pantallas publicitarias sen orde algún, sobre todo nos espazos próximos ao viario mediante a incorporación da sinalética no proxecto de urbanización.
3. Facilitarase a comprensión das circulacións, empresas e servizos.
4. Incluírase a publicidade na configuración arquitectónica das edificacións. Deste xeito, evítase tamén a saturación visual xerada pola proliferación indiscriminada dos elementos publicitarios.

CAPÍTULO 2.- CRITERIOS DE DESEÑO DAS ZONAS VERDES.

As medidas de integración paisaxística, nas súas concepcións de medidas preventivas, correctoras ou compensatorias tentan a incorporación e recuperación do equilibrio, cando se precise, dos valores recoñecidos na paisaxe orixinal, por elo teranse en conta os seguintes aspectos:

Art. 75. Establecemento dos espazos verdes como elemento de tránsito, conexión e relación co entorno.

1. Configurarase en todo o límite norte do sector unha banda de protección que separe os posible usos industriais e/ou comerciais dos terreos clasificados como rústico apto para urbanizar.
2. Esta banda de protección farase extensiva a aquelas zonas da estrada con visuais sobre o polígono.

Art. 76. Espazos libres e zonas Verdes.

1. Xerarase unha barreira multiestratificada, mesturando árbores de distinto porte e tamaño así como especies subarbustivas e de mato.
2. Empregaranse especies autóctonas e xenotipos locais procurando introducir procedencias próximas.
3. As especies a implantar serán de baixo mantemento.

Art. 77. Barreiras vexetais.

1. Deberase seguir a distribución das diferentes tipoloxías vexetais que se establecen no plano O.6- MEDIDAS DE INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA do plan de sectorización. Estas barreiras vexetais contribuirán ao illamento, enmascaramento e amortiguamento tanto visual como de son, do espazo empresarial respecto dos usos preexistentes na zona.
2. Distínguense catro tipos de barreiras vexetais coa seguintes características:

- B1. BARREIRA FORESTAL.

- Alternaranse especies arbóreas coníferas (Pinus pinaster – Pinus radiata - Cupressus lusitanica) e frondosas para conseguir un efecto estratificado.
- Plantarase en dúas ringleiras cun espazamento duns 3 metros.
- Cada tres pes insertarase un de outra especie acompañante, como o carballo (Quercus robur), ou ben pradario (Acer pseudoplatanus) ou freixo (Fraxunus excelsior).
- Como estrato arbustivo, empregaranse árbores de menor porte tipo aveleira ou acivro, deixando un espazo entre as dúas ringleiras para o sendeiro.

- B2. BARREIRA DE TIPOLOXÍA AGRARIA OU AGRO - FRUTÍCOLA.

- Pola proximidade coas agras das vivendas do núcleo de Santa Margarida, procurarase unha maior integración a través do emprego de especies mais típicas do ámbito agrario, como as que poderíamos atopar en calquera das leiras do entorno.
- Crearase unha primeira barreira con loureiro
- Establecerase unha segunda liña de castiñeiros ou ben cerdeiras, e un sotobosque de matogueira produtora de pequenos froitos, tipo arándano.

- B3. BARREIRA DE CONTINUIDADE DO BOSQUE DE GALERÍA.

- Neste caso, será a continuación do bosque de galería do entorno do nacemento do Río Seco a que determinará as especies a empregar:
- Como elemento de transición utilizaranse especies riparias típicas da zona, sendo a principal o

freixo (*Fraxinus angustifolia*) e como acompañantes, o pradario (*Acer pseudoplatanus*) o bidueiro (*Betula celtiberica*) e o carballo.

- No estrato inferior, pódense introducir estaquillas de salgueiro (*Salix atrocinerea*) e aveleira (*Corylus avellana*).

B4. BARREIRA NAS ESTRADAS.

- Nestas zonas, as especies protagonistas serían o bidueiro plantado a alta densidade, intercalado co carballo, acompañados de golpetes de aveleiras, estaquilladas para conseguir un efecto enmascarador. Tamén pode empregarse o *Cupressus lusitanica* como elemento de contraste.

Art. 78. Tratamento e ampliación do bosque de galería na zona verde P2-EI e P3-EL.

Deberase seguir a distribución que se establecen no plano O.6-MEDIDAS DE INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA do plan de sectorización.

- A1. ACTUACIÓN NO BOSQUE DE GALERÍA.

- Nesta zona recoméndase un achegamento ecolóxico mais que de xardinería.

- O obxecto é preservar o bosque autóctono, eliminando as posibles especies invasoras e mantendo todos os estratos de vexetación presentes.

- Pódense habilitar percorridos que nos acheguen ata o río, e nestes sendeiros eliminar o mato que impida o paso, mais deixar sen intervención o resto.

- En zonas abertas, será recomendable manter espazos con vexetación herbácea natural e integrar nelas zonas de lecer e estancia.

- A2. BOSQUE DE GALERÍA. CAMBIO DE ESPECIE.

- Na cabeceira da valgada do río Seco, atópase actualmente repoboacións forestais de eucalipto, que convén eliminar.

- Nesta zona pódese proxectar con criterios que favorezan a transición dende o ámbito rural – residencial cara o ámbito de naturalidade preexistente augas abaixo.

- Poderán incorporarse elementos de lecer para os usuarios do polígono e os veciños de Santa Margarida.

- As especies a empregar serán os freixos (*Fraxinus excelsior* e *Fraxinus angustifolia*), o amiero (*Alnus glutinosa*) nas zonas de maior humidade ou encharcamento do solo e a *Betula papyrifera* (de maior valor estético). Salpicados polo rodal plantaranse exemplares de *Quercus robur*.

- Nas plantacións evitárase a regularidade na distribución buscando a formación de bosquetes de bidueiros como nas súas localizacións naturais e aliñacións de amieiros nas zonas de nacentes e regos; os freixos mesturáranse cos carballos no resto da superficie. Poderá incluírse algún bosquete de aveleira (*Corylus avellana*) para a creación do estrato de sotobosque así como urces brancas (*Erica arborea*).

CAPÍTULO 3.- CRITERIOS DE DESEÑO DAS EDIFICACIÓNS E CERRAMENTOS DE PARCELAS.

Art. 79. Edificacións

En base as características da ordenación e tipoloxía edificatoria prevista, establécense as seguintes condicións:

1. Se procurará implantar as edificacións de xeito coherente coa topografía, evitando alteracións innecesarias da pendente natural dos terreos, adecuando á topografía o perfil edificado.
2. As edificacións realizaranse con volumes simples e de proporcións equilibradas de xeito que proporcionen sensación de orden e garantan unha imaxe harmónica do conxunto.
3. Deberase establecer unha relación cromática dos edificios entre si e dos mesmos co contorno.
4. Utilizaranse cores claras de gamas branco /gris /verde/ azuis e aquelas de tons mais semellantes a rocha nai (gris / marrón) facilitando así a súa integración na paisaxe.
5. Evitaranse combinacións de cores de alto contraste en todos os casos.
6. Mediante o uso axeitado de materiais deberase alcanzar un novo e contemporáneo diálogo có entorno en relación á imaxe exterior de fachadas, cubertas e o perfil o silueta xerados.

Art. 80. Cerramentos de parcelas

Co obxectivo de favorecer unha imaxe de conxunto e evitar que o novo polígono se converta nunha sucesión de instalacións sen orden e concerto regularase a realización dos cerramentos das parcelas que deberán incluír as seguintes especificacións:

1. Evitarase na medida do posible a utilización de peches opacos.
2. Empregaranse estruturas sinxelas e visualmente filtrantes e a incorporación de vexetación no peche será obrigatoria.
3. Poderán empregarse tanto especies trepadoras: Clematis, Hedera, Lonicera como especies arbustivas dos xéneros: Genista, Erica, ou especies da vexetación autóctona coma loureiros (*Laurus nobilis*), acibro (*Ilex aquifolium*).
4. Preverase o mantemento e xestión dos cerramentos xa que o estado de mala conservación deteriora a calidade da imaxe do conxunto.

CAPÍTULO 4.- MEDIDAS CORRECTORAS PARA MINIMIZAR LA AFECCIÓN AMBIENTAL.

Art. 81. Medidas correctoras para minimizar la afección ambiental.

1. Cumpríranse as medidas preventivas e correctoras recollidas no estudio de sostibilidade ambiental, impacto territorial e paisaxístico que acompaña ao presente documento.
2. Evitarase calquera afección aos cursos fluviais e á vexetación de ribeira que se integran na ordenación no sistema de espazos libres mantendo e potenciando a súa naturalidade.
3. Deberá garantirse a conservación da zona de vexetación natural existente nas fontes do río Seco e identificadas no informe de sostibilidade ambiental da modificación puntual como vexetación a preservar.
4. As operacións de despexe e limpa da vexetación executarase fora da época de cría das aves, por ser esta a máis representativa e delicada para a maioría dos vertebrados.
5. No caso da tala de vexetación, cinguirase á estritamente necesaria e con arranxo ás autorizacións pertinentes.
6. Evitarase depositar residuos ou produtos sólidos en zonas onde as escorrentas produzan arrastres a ríos, regatos ou embalses coa conseguinte contaminación de augas continentais.
7. Procederase á estabilización de taludes para evitar que os procesos erosivos provoquen desprendementos. Por conseguinte, para evitar o carrexo de solo debido as choivas as superficies núas se revexetarán canto antes.

8. Establecerase a recollida, almacenamento, conservación e/ou xestión da terra vexetal afectada polas obras. Dada a importancia do solo vexetal, por conter as características da zona, utilizarase na recuperación das zonas degradadas.

No caso de producirse calquera afección sobre os valores naturais da zona tomaranse inmediatamente as medidas adecuadas para paliar dicha afección, e será o Servizo de Conservación da Natureza de A Coruña quen decidirá sobre a conveniencia da solución a adoptar, así como das actuacións precisas ou as medidas compensatorias adecuadas para corrixir os efectos producidos.

A Coruña, xaneiro de 2.013
Fdo. Os arquitectos

Alfredo Garrote Pazos
Col. 1440COAG

Mónica Mesejo Conde
Col. 1475COAG

Iria Pérez Miranda
Col. 3194COAG

Ignacio Lázaro Quintela
Col. 3877COAG

C- PLAN DE ETAPAS.

Tal e coma se indica no apartado 6.2. **Delimitación de polígonos e sistema de actuación** o presente sector constitue unha única área de reparto, que coincide con tres polígonos de xestión, establecéndose en principio como sistema de actuación o de compensación para cada un dos polígonos.

Determinanse tres etapas para a execución das obras de urbanización, por un lado a urbanización do Polígono 1 e a consecución dos terreos correspondentes á conexión viaria CE-2, por outro a urbanización do Polígono 2, e a urbanización da conexión viaria exterior CE-2 e por último a urbanización do Polígono 3 e a realización da obra urbanizadora das conexións viarias exteriores CE-3A e CE-3B.

O contido, duración e avaliación económica detallase a continuación:

ETAPA PRIMERA

1. Obxectivo: Executaranse simultaneamente, as conexións das redes de servizos e os viais internos coas súas redes e as zonas verdes do Polígono 1.

2. Actuacións:

Executaráse nesta etapa:

1. A expropiación dos terrenos exteriores o área de reparto correspondentes á conexión viaria exterior CE-2, (2.586m²), necesarios para a conexión do ámbito co Sector IV do polígono industrial Río do Pozo.
2. Realizaráse as conexións exteriores das redes de infraestruturas fixadas no presente plan de sectorización e que se concretarán no proxecto de urbanización.
3. Os viais internos do polígono con tódalas súas redes.
4. A urbanización das zonas verdes.
5. Medidas correctoras. Na zona verde P1-EL realizaranse as labores de naturalización e ocultación previstas nas medidas de integración paisaxística.
6. Plan de seguimientto.

ETAPA SEGUNDA

1. Obxectivo: Executaráse simultaneamente, as conexións exteriores das redes de servizos e os viais internos coas súas redes e as zonas verdes do Polígono 2, así coma a execución da obra urbanizadora correspondente á conexión exterior CE-2.

2. Actuacións:

Executarase nesta etapa:

1. As conexións exteriores das redes de infraestruturas fixadas no presente plan de sectorización e que se concretarán no proxecto de urbanización.
2. Os viais internos do polígono e o correspondente á conexión viaria exterior CE-2 con tódalas súas redes.
3. A urbanización das zonas verdes.
4. Medidas correctoras. Na zona verde P2-EL realizaranse as labores de naturalización, e na franxa de pantalla verde as labores ocultación previstas nas medidas de integración paisaxística.
5. Plan de seguimientto.

ETAPA TERCEIRA

1. Obxectivo: Executaránse simultaneamente, as conexións exteriores das redes de servizos e os viais internos coas súas redes e as zonas verdes do Polígono 3, así coma a execución das obras de urbanización das conexións exteriores CE-3A e CE-3B.

2. Actuacións:

Executaráse nesta etapa:

1. As conexións exteriores das redes de infraestruturas fixadas no presente plan de sectorización e que se concretarán no proxecto de urbanización.
2. Os viais internos do polígono e os correspondentes ás conexións viarias exteriores CE-3A e CE-3B con tódalas súas redes.
3. A urbanización das zonas verdes.
4. Medidas correctoras. Na zona verde P3-EL realizaranse as labores de naturalización, e na franxa de pantalla verde as labores ocultación previstas nas medidas de integración paisaxística.
5. Plan de seguimento.

PRAZOS:

3.1. Prazo máximo para presentación do proxecto de urbanización: 6 meses dende a constitución da xunta de compensación correspondente a cada polígono.

3.2. Prazo máximo para a presentación do proxecto de compensación: 6 meses dende a constitución da xunta de compensación correspondente a cada polígono.

3.3. Prazo máximo de execución das obras de urbanización:

- ETAPA PRIMEIRA: 2 anos dende a aprobación definitiva do proxecto de urbanización.
- ETAPA SEGUNDA: 2 anos dende a aprobación definitiva do proxecto de urbanización.
- ETAPA TERCEIRA: 2 anos dende a aprobación definitiva do proxecto de urbanización.

3.4. Prazo máximo de execución das obras de edificación: Os que se establezan nas licenzas de obras.

AVALIACIÓN ECONÓMICA (P.E.C): 7.682.220,07 €

ETAPA PRIMEIRA:	656.660,08 €
ETAPA SEGUNDA:	3.881.422,55 €
ETAPA TERCEIRA:	3.144.137,44 €

A Coruña, xaneiro de 2.013
Fdo. Os arquitectos.

Alfredo Garrote Pazos
Col. 1440COAG

Mónica Mesejo Conde
Col. 1475COAG

Iria Pérez Miranda
Col. 3194COAG

Ignacio Lázaro Quintela
Col. 3877COAG

D- AVALIACIÓN ECONÓMICA DA IMPLANTACIÓN DOS SERVICIOS. EXECUCIÓN DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN E CONEXIÓNS EXTERIORES.

A continuación achégase unha estimación aproximada do custo das obras de urbanización, establecendo o total de cada unha das etapas nas que se divide a execución da obra urbanizadora.

ETAPA PRIMEIRA:

CAPÍTULO 1- EXPROPIACIÓN DOS TERREOS DO VIAL DE CONEXIÓN EXTERIOR CE-2

Inclúense na presente estimación o custo da consecución dos terrenos exteriores o ámbito necesarios para a súa conexión co Sector IV do polígono industrial de Río do Pozo (2.586m²). Estes terreos forman a conexión exterior viaria CE-2, que están cualificados no PXOM como solo urbano consolidado e se estima un custo de expropiación de 59,79 €/m². O custo deste capítulo sería de:

$$2.586 \text{ m}^2 \times 59,79 \text{ €/m}^2 = 154.617,00 \text{ €}$$

CAPÍTULO 2- URBANIZACIÓN DA ZONA VERDE DO POLIGONO 1

Considerase o acondicionamento e urbanización da zona verde de carácter local P1-EL (7.279,00 m²). Esta será de carácter moi natural incorporando unicamente o alumeadado público, elementos mínimos de mobiliario urbano e plantación de árbores.

$$7.279,00 \text{ m}^2 \times 5 \text{ €/m}^2 = 36.395,00 \text{ €}.$$

CAPÍTULO 3- URBANIZACIÓN DOS VIAIS INTERIORES DO POLIGONO 1

Inclúense na presente estimación, o custo da execución dos viais interiores do Polígono 1 coas súas redes de servizo, así como coas conexións destas ata os puntos indicados no presente documento. Estímase un un precio por metro cadrado de viario según o ancho da via:

$$\text{VIAL de 19 m: } 1.806,40 \text{ m}^2 \times 95,36 \text{ €/m}^2 = 172.258,30 \text{ €}$$

$$\text{VIAL de 23 m: } 911,50 \text{ m}^2 \times 84,77 \text{ €/m}^2 = 77.267,85 \text{ €}$$

$$\text{VIAL de entrada o Polígono: } 1.609,10 \text{ m}^2 \times 95,36 \text{ €/m}^2 = 153.443,78 \text{ €}$$

CAPÍTULO 4- MEDIDAS DE INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA.

Inclúese na presente estimación as medidas de naturalización (potenciación dos elementos naturais predominantes e patróns existentes 7€/m²) e ocultación (formación de pantallas vexetais: 24€/m²) previstas para a integración paisaxística do plan de sectorización.

$$\text{NATURALIZACIÓN (P1-EL): } 7.279\text{m}^2 \times 1,8\text{€/m}^2 = 13.102,20\text{€}$$

$$\text{OCULTACIÓN (P1-EL): } 7.279\text{m}^2 \times 5\text{€/m}^2 = 36.395\text{€}$$

$$\text{TOTAL: } 49.497,20\text{€}$$

CAPÍTULO 5- PLAN DE SEGUIMIENTO.

Inclúese nesta partida o custo do plan de seguemento ambiental do polígono 1 estimándose no 3% dos custos de urbanización.

$$439.364,93€ \times 3\% = 13.180,95€$$

ESTIMACIÓN TOTAL P.E.C.: ETAPA PRIMERA = 656.660,08€

ETAPA SEGUNDA:

CAPÍTULO 6- URBANIZACIÓN DO VIAL DE CONEXIÓN EXTERIOR CE-2

Inclúense na presente estimación, o custo da execución do vial de conexión exterior CE-2 coas súas redes de servizo, así como coas conexións destas ata os puntos indicados no presente documento. Estímase neste caso un prezo por metro cadrado para un viario de 16m de ancho de 72,98 €/m²:

$$2.586 \text{ m}^2 \times 72,98 \text{ €/m}^2 = 188.726,28 \text{ €}$$

CAPÍTULO 7- URBANIZACIÓN DA ZONA VERDE DO POLÍGONO 2

Considerase o acondicionamento e urbanización tanto da zona verde de carácter local P2-EL (46.918,00 m²) coma a zona correspondente a pantalla verde (16.587,60m²) incluída no Polígono 2. Ista serán de carácter moi natural incorporando unicamente o alumeadado público, elementos mínimos de mobiliario urbano e plantación de árbores.

$$(46.918,00 + 1.6587,60) \text{ m}^2 \times 5 \text{ €/m}^2 = 317.528,00 \text{ €}$$

CAPÍTULO 8- URBANIZACIÓN DOS VIAIS INTERIORES DO POLÍGONO 2

Inclúense na presente estimación, o custo da execución dos viais interiores do Polígono 2 coas súas redes de servizo, así como coas conexións destas ata os puntos indicados no presente documento. Estímase un un prezo por metro cadrado de viario según o ancho da vía:

$$\text{VIAL de 11,4 m: } 637,60 \text{ m}^2 \times 51,69 \text{ €/m}^2 = 32.957,54 \text{ €}$$

$$\text{VIAL de 14 m: } 1.025,89 \text{ m}^2 \times 73,79 \text{ €/m}^2 = 75.700,42 \text{ €}$$

$$\text{VIAL de 19 m: } 19.396,40 \text{ m}^2 \times 95,36 \text{ €/m}^2 = 1.849.640,70 \text{ €}$$

$$\text{VIAL de 23 m: } 7.765,51 \text{ m}^2 \times 84,77 \text{ €/m}^2 = 658.282,28 \text{ €}$$

$$\text{VIAL 8 m o eixo: } 3.638,0 \text{ m}^2 \times 67,03 \text{ €/m}^2 = 243.855,14 \text{ €}$$

$$\text{Aparcadoiro vehiculos pesados: } 5.718,0 \text{ m}^2 \times 40,91 \text{ €/m}^2 = 233.923,38 \text{ €}$$

CAPÍTULO 9- MEDIDAS DE INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA.

Inclúese na presente estimación as medidas de naturalización (potenciación dos elementos naturais predominantes e patróns eistentes 7€/m²) e ocultación (formación de pantallas vexetais: 24€/m²) previstas para a integración paisaxística do plan de sectorización.

$$\text{NATURALIZACIÓN (P2-EL): } 46.918 \text{ m}^2 \times 1,8 \text{ €/m}^2 = 89.852,40€$$

$$\text{OCULTACIÓN (P2 PANTALLA VERDE): } 16.587,6 \text{ m}^2 \times 5€/\text{m}^2 = 82.938€$$

$$\text{TOTAL: } 172.790,40€$$

CAPÍTULO 10- PLAN DE SEGUIMIENTO

Inclúese nesta partida o custo do plan de seguemento ambiental do polígono 2 estimándose no 3% dos custos de urbanización.

$$3.600.613,74€ \times 3\% = 108.018,41€$$

ESTIMACIÓN TOTAL P.E.C.: ETAPA SEGUNDA = 3.881.422,55 €

ETAPA TERCEIRA:

CAPÍTULO 11- URBANIZACIÓN DOS VIAIS DE CONEXIÓN EXTERIOR CE-3A e CE-3B.

Inclúense na presente estimación, o custo da execución dos viais de conexión exterior CE-3A (3.884,50 m²) e CE-3B (3.180,30 m²) coas súas redes de servizo, así como coas conexións destas ata os puntos indicados no presente documento. Estímase neste caso un prezo por metro cadrado de viario de 84,77 €/m² para un vial de 23m de ancho e de 78,60 €/m² para un vial de 28 m de ancho:

$$\text{VIAL CE-3A: } 3.884,50 \text{ m}^2 \times 78,60 \text{ €/m}^2 = 305.321,70 \text{ €}$$

$$\text{VIAL CE-3B: } 3.180,30 \text{ m}^2 \times 84,77 \text{ €/m}^2 = 269.594,03 \text{ €}$$

CAPÍTULO 12- URBANIZACIÓN DA ZONA VERDE DO POLÍGONO 3

Considerase o acondicionamento e urbanización tanto da zona verde de carácter local P3-EL (34.252,00 m²) coma a zona correspondente a pantalla verde (16.859,40m²) incluída no Polígono 3. Ista serán de carácter moi natural incorporando unicamente o alumeadado público, elementos mínimos de mobiliario urbano e plantación de árbores.

$$(34.252,00 + 16.859,40) \text{ m}^2 \times 5 \text{ €/m}^2 = 261.654,50 \text{ €}$$

CAPÍTULO 13- URBANIZACIÓN DOS VIAIS INTERIORES DO POLÍGONO 3

Inclúense na presente estimación, o custo da execución dos viais interiores do Polígono 2 coas súas redes de servizo, así como coas conexións destas ata os puntos indicados no presente documento. Estímase un un prezo por metro cadrado de viario según o ancho da vía:

$$\text{VIAL de 16 m: } 868,90 \text{ m}^2 \times 72,98 \text{ €/m}^2 = 63.412,32 \text{ €}$$

$$\text{VIAL de 19 m: } 14.243,31 \text{ m}^2 \times 95,36 \text{ €/m}^2 = 1.358.242,04€$$

$$\text{VIAL de 23 m: } 3.605,69 \text{ m}^2 \times 84,77 \text{ €/m}^2 = 305.654,34 \text{ €}$$

$$\text{VIAL de 28 m: } 3.836,20 \text{ m}^2 \times 78,60 \text{ €/m}^2 = 301.525,32 \text{ €}$$

$$\text{VIAL 8 m o eixo: } 545,7 \text{ m}^2 \times 67,03 \text{ €/m}^2 = 36.578,27€$$

CAPÍTULO 14- MEDIDAS DE INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA.

Inclúese na presente estimación as medidas de naturalización (potenciación dos elementos naturais predominantes e patróns eistentes 7€/m²) e ocultación (formación de pantallas vexetais: 24€/m²) previstas

para a integración paisaxística do plan de sectorización.

NATURALIZACIÓN (P3-EL): $34.525\text{m}^2 \times 1,8 \text{ €/m}^2 = 62.145\text{€}$

OCULTACIÓN (P3 PANTALLA VERDE): $18.590,10\text{m}^2 \times 5 \text{ €/m}^2 = 92.950,50\text{€}$

TOTAL: 155.095,50€

CAPÍTULO 15- PLAN DE SEGUIMIENTO

Inclúese nesta partida o custo do plan de seguemento ambiental do polígono 2 estimándose no 3% dos custos de urbanización.

$2.901.982,47\text{€} \times 3\% = 87.059,47\text{€}$.

ESTIMACIÓN TOTAL P.E.C.: ETAPA TERCEIRA = 3.144.137,44 €

ESTIMACIÓN TOTAL P.E.C.: 7.682.220,07 €

A Coruña, xaneiro de 2.013
Fdo. Os arquitectos

Alfredo Garrote Pazos
Col. 1440COAG

Mónica Mesejo Conde
Col. 1475COAG

Iria Pérez Miranda
Col. 3194COAG

Ignacio Lázaro Quintela
Col. 3877COAG

ANEXO 1: INFORMES EMPRESAS SUBMINISTRADORAS

INFORME TÉCNICO

REDES DE ABASTECIMIENTO Y SANEAMIENTO DEL POLÍGONO INDUSTRIAL RÍO DO POZO

SITUACIÓN ACTUAL Y PERSPECTIVAS FUTURAS

Diciembre de 2011

INFORME

1 .- ANTECEDENTES

La Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras a través de la Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental remitió al Concello de Narón escrito clave 2011AAE1233 relativo a la decisión de no sometimiento a evaluación ambiental estratégica del Plan de Sectorización del Ambito I establecido en la Modificación Puntual del Plan General de Ordenación Municipal de Narón para modificación de suelo rústico apto para urbanizar (SRAU) del entorno del Polígono Industrial Río do Pozo.

En dicho escrito en el apartado 3 de las Consideraciones Técnicas se hace referencia a un Informe de Augas de Galicia en el que, entre otras consideraciones, se indica que ... *para o desenvolvemento de solos industriais, como é o caso, o seu saneamento deberá facerse a través dunha depuradora propia.*

2 .- OBJETO DEL INFORME

El objeto del presente Informe es analizar la situación actual de las redes de abastecimiento y saneamiento existentes en las zonas del Polígono Industrial Río do Pozo y las propuestas de ampliación de dichas redes y el sistema de tratamiento previsto para los vertidos que se generen en el caso de que se lleve a cabo el desarrollo de la ampliación que se ha previsto para dicho Polígono Industrial.

3 .- SITUACION ACTUAL

El Polígono Industrial de Río do Pozo fue desarrollado en cuatro sectores desde los años 80 hasta la actualidad. Las características fundamentales de cada uno de estos sectores son las que se indican a continuación:

SECTOR	Superficie (m²)	Parcelas (n^o)
Sector I	358.453	202
Sector II	288.281	2
Sector III	310.558	64
Sector IV	651.630	145
Total	1.608.922	413

Las redes de abastecimiento y saneamiento existentes se muestran en los planos que se adjuntan. Como puede verse existe una red completa de abastecimiento y saneamiento en todo el Polígono Industrial que ha ido ampliándose conforme se ejecutaban las distintos Sectores y que actualmente da servicio a todas las instalaciones.

4.- PROPUESTA DE AMPLIACION

El plan de sectorización que se pretende desarrollar comprendería los terrenos que se integran en el Ambito I de la Modificación Puntual del P.G.O.U., que es el que se sitúa el norte del Polígono Industrial existente y que se muestra en el esquema adjunto.



5.- EVALUACION DE NECESIDADES

Se desconoce la tipología de las industrias que se establecerán en la ampliación propuesta por lo que para evaluar las necesidades de suministro deben estimarse los consumos en base a hipótesis de trabajo. Las Instrucciones Técnicas para Obras Hidráulicas de Galicia, ITOHG, establecen las siguientes dotaciones en l/s.ha para instalaciones industriales :

Táboa 10. Caudais de augas para abastecemento de zonas industriais.

Tipo de Industria e/ou comercio	Dotación (L/s-ha)	Dotación (L/m ² -día)
Baixo consumo de auga	0,25	2,16
Consumo medio de auga	0,5	4,32
Alto consumo de auga	1	8,64

Teniendo en cuenta la superficie total de la ampliación y un consumo medio de agua se obtiene un consumo previsto de 28 l/s

6.- CONEXIONES CON REDES EXISTENTES

Las especificaciones y localización de las conexiones de las redes de abastecimiento y saneamiento futuras con las redes existentes son las siguientes :

- **Abastecimiento** .- La conexión se producirá en el polígono industrial existente, en una tubería de fundición de 200 mm que discurre por la c./ Carboneros, que es la vía que va en sentido este-oeste por el límite norte del sector IV de Río do Pozo. La capacidad hidráulica de la tubería, superior a 50 l/s, permite asegurar el suministro. Las conexiones se realizarían en los puntos señalados en los planos para adaptarlas a las distintas fases de puesta en servicio de la ampliación. La actuación se completará con la instalación de un grupo de presión con el fin de suministrar una presión adecuada en los puntos de conexión I, II y III.
- **Saneamiento** .- La conexión se producirá en el polígono industrial existente, en una tubería de 315 mm que discurre por la c./ Carboneros y en otros puntos de la red existente como en la carretera DP-5401 donde existe una canalización de 400 mm. En el extremo sureste del sector conectará en la calle Afiladores por la que

discurre una canalización de diámetro 315 mm. Los colectores conectarán con la red existente que a su vez conectará con el Interceptor General proyectado por la Confederación Hidrográfica del Norte y que tiene como finalidad la recogida de todos los vertidos de los Concellos de Narón y Ferrol para su posterior vertido a la EDAR del Cabo Prioriño.

- **Pluviales** .- Las aguas pluviales se propone evacuarlas directamente al cauce natural que atraviesa la zona de Río do Pozo. En el caso de que esta posibilidad no fuera viable, se podrían conectar las nuevas redes de pluviales a las canalizaciones existentes en la cuarta fase del Polígono Industrial del Río del Pozo.

Cabe señalar que Augas de Galicia con fecha 4 de diciembre de 2009 emitió un informe favorable al documento de modificación puntual del PGOM de Narón en el que se establece que : *Las redes de abastecimiento y saneamiento de las zonas objeto de modificación se conectarían sin problemas con las redes municipales existentes, sin precisar nuevos recursos hídricos.*

7.- INSTALACIONES DE TRATAMIENTO


Respecto a las instalaciones de tratamiento, ETAP y EDAR, necesarias para garantizar la calidad del agua potable y el adecuado tratamiento de los vertidos cabe señalar que :

- **Abastecimiento** .- El caudal de agua potable para el consumo de la nueva ampliación del Polígono Industrial, del orden de 28 l/s, será suministrado por la red existente. El tratamiento del agua se realiza actualmente en la **ETAP de Ferrol** que tiene capacidad suficiente para absorber el caudal adicional previsto que representa del orden del 20% del consumo actual, y asegurar el cumplimiento de los niveles de calidad establecidos en el R.D. 140/2003 de 7 de febrero por el que se establecen los criterios sanitarios de la calidad del agua de consumo humano.

- **Saneamiento** .- Los vertidos generados en la ampliación del Polígono Industrial se ha previsto, tal y como se indicó más arriba, conectarlos a la red general del Concello de Narón y por lo tanto serán evacuados mediante un Colector Interceptor que los conducirá hasta la **EDAR Cabo Prioriño**.

Cabe señalar que en el Plan Hidrológico Galicia Costa ya se preveía la ejecución de las actuaciones denominadas ASD_P_005 EDAR de Ferrol y ASD_P_006 Saneamiento de Ferrol Narón lo que implicaba un tratamiento conjunto de los vertidos de Narón y Ferrol.

Dicho Colector Interceptor ha sido definido por la Confederación Hidrográfica del Miño – Sil en el Proyecto *ACONDICIONAMIENTO DEL COLECTOR GENERAL DE LA MARGEN DERECHA DE LA RÍA DE FERROL. TRAMO CADAVAL – XUBIA* diseñado conforme a los criterios técnicos recogidos en las ITOHG y cuyo trazado se muestra de forma esquemática en el gráfico adjunto.



8.- CONCLUSIONES


A la vista de lo anterior COSMA considera que las propuestas de conexión previstas para las redes de abastecimiento y saneamiento son viables y están justificadas técnicamente.

En cuanto a las instalaciones de tratamiento se considera que la ETAP de Ferrol dispone de capacidad hidráulica para asumir el incremento de la demanda generada por la ampliación del Polígono Industrial.

La EDAR de Cabo Prioriño se ha dimensionado para poder tratar la totalidad de los vertidos de Ferrol y Narón por lo que consideramos que, salvo indicación expresa en contra, no es necesario plantear la instalación de una depuradora en el polígono Industrial ya que la depuración de los vertidos generados está garantizada una vez se ponga en marcha la nueva EDAR de Cabo Prioriño.

Narón, 27 de Junio de 2011

El Gerente de COSMA :


Edo. Jose Manuel Marcote Lago
Rúa Rosal, 33-35 Bx - 15570 Narón (A. C. C.)

Concello de Narón
Registro Xeral

ENTRADA

Data 21-10-11 10:36:10

Num. 20.992

R

ASUNTO: Informando sobre la suficiencia del suministro de telecomunicaciones de R en el "Plan de sectorización del ámbito 1 establecido en la modificación puntual del PXOM de Narón para modificación del SRAU del entorno del Polígono Industrial Río do Pozo"

CODIGO R: URB_047_11


